

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8**

**SESION ORDINARIA DO 29 DE MAIO DE 2006**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Guerra Fernández, Javier Jorge
Arias Moreira, José Carlos	Iglesias Carrera, José Manuel
Barros Puente, Miguel	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Bermúdez Pérez, Silvia	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Caballero Miguez, Gonzalo	Méndez Piñeiro, María Xosé
Calviño Rodríguez, Xullo	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Cotobad Tombo, Elías Carlos	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Couto Pérez, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figueroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Graña Barcia, María Luisa	Vieitez Alonso, Henrique

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e seis minutos do día vintenove de maio do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (95).- ACTAS ANTERIORES. (SESIONES DO 13 E 31 DE MARZO DE 2006)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentse da Corporación, que a constituen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 13 e ordinaria do 31 de marzo de 2006.

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: O Grupo municipal do BNG queremos manifestar para que conste en acta, nos puntos 2 ó 7 da orde do día que teñen que ver co cesamento nas súas funcións do anterior concelleiro delegado Sr. Iglesias, derivados do acontecido no penúltimo Pleno no que o Sr. Iglesias fixo unha intervención determinada, somos conscentes de que eses decretos son derivados do desencontro da descoordinación do propio grupo de goberno posta de manifesto nese Pleno. Queremos tamén que conste en acta que ese desencontro e os posteriores cambios dos que hoxe nos dá conta a Sra. Presidenta son derivados de que vostede non lideraba un grupo de goberno onde debe primar o diálogo, o acordo, a preocupación pola corresponsabilidade e a posta en común dos problemas, senón un grupo no que vostede pretende nada máis que suscitar a sinxela obediencia, o silencio pola vía da falla do diálogo, daí o cesamento.

Xa para rematar en nome do grupo municipal do BNG e no meu propio, queremos agradecer o traballo realizado polo Sr. Iglesias e quero que se entenda que isto é sinxelamente unha manifestación formal que nos parece de todo punto razoable, particularmente por ter permitido á Corporación tomar conciencia e posibilitar a toma de acordos que nos permita anticipármonos ós problemas por el anunciados.

SR. SOTO FERREIRO: Confeso que non ía intervir neste punto da orde do día porque logo ven un tema no que podo falar do seu contido. En todo caso sen entrar nos trasfondos políticos da súa organización, Sr. Alcaldesa, si quero entrar publicamente no talante humano con que vostedes trataron este tema.

Somos todos representantes do pobo de Vigo, entendo que todos merecemos o respecto de todos os demais, independentemente de que erremos máis ou menos. Xa non vou entrar no fondo porque naturalmente ten vostede todo o dereito do mundo de conformar o seu goberno como lle pete; pero na forma

máis pareceu unha "vendetta" política interna que un reaxuste do Goberno. Non podo calar porque algúns lle temos que dicir que non cremos que este tipo de comportamentos sexan bos para xestionar o goberno de Vigo. Ademais publicamente, independentemente de que me poida merecer críticas por outras razóns, neste tema concreto quérolle agradecer ó Sr. Iglesias o seu talante e comportamento e en todo caso lamentar que non puidera ter chegado ata o final.

Vaia por diante o respecto que merece como persoa e como concelleiro pola parte do Partido Galequista, que conste en acta.

2.- (96).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12.05.06, MODIFICANDO A SÚA ANTERIOR RESOLUCIÓN DE DATA 02.01.04 POLA QUE SE NOMEABAN OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de maio de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"En uso da atribución que me confire o art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, dispoño:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 2 de xaneiro de 2004 no sentido de separar cocmo membro da Xunta de Goberno Local ó concelleiro don José Manuel Iglesias Carrera que así mesmo cesará na súa condición de terceiro tenente de alcalde.

Segundo.- Notificar a presente resolución ó interesado e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de que quede enterado da mesma."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.*

3.- (97).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12.05.06 SOBRE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS NA SÚA RESOLUCIÓN DE DATA 02.01.04.

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de maio de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"En uso da potestade organizativa que ostenta esta Alcaldía -artigo 124.4.5, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1966, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas por min na miña Resolución de data 2 de xaneiro de 2004 ó Sr. Concelleiro D. José Manuel Iglesias Carrera.

Segundo.- Notificar a presente resolución ó interesado e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma de conformidade ó establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.*

4.- (98).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12.05.06, POLA QUE SE NOMEA COMA MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Ó CONCELLEIRO D. JOSÉ MANUEL COUTO PÉREZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de maio de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"En uso das atribucións que me confire o art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e tendo acordado no día de hoxe separar da Xunta de Goberno Local ó concelleiro don José Manuel Iglesias Carrera, dispoño:

Primeiro.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local ó concelleiro don José Manuel Couto Pérez.

Segundo.- Notificar a presente resolución ó interesado e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de que quede enterado da mesma."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.*

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

5.- (99).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12.05.06 POLA QUE SE DELEGAN NO CONCELEIRO, D. CARLOS COMESAÑA ABALDE, AS COMPETENCIAS QUE SE INDICAN NA RESOLUCIÓN DE DATA 02.01.04 REFERENTES Á ÁREA DE SERVIZOS XERAIS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de maio de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"En uso da potestade organizativa que ostenta esta Alcaldía -art. 124.4.5 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e tendo acordado no día de hoxe avocar as competencias delegadas ó concelleiro don José Manuel Iglesias Carrera, DISPOÑO:

Primeiro.- Delegar no concelleiro D. Carlos Comesaña Abalde as competencias que se indican na miña resolución do 2 de xaneiro de 2004 referentes á ÁREA DE SERVIZOS XERAIS, debendo así mesmo ostentar a dirección de dita Área.

Segundo.- Notificar a presente resolución ó interesado e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma de conformidade ó establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.*

6.- (100).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 24.05.06 NOMEANDO Ó CONCELEIRO, D. CARLOS COMESAÑA ABALDE, PRESIDENTE EFECTIVO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS XERAIS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 16 de maio de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"Mediante Resolución de data 14.01.04 esta Alcaldía nomeou Presidente efectivo da Comisión Informativa de Servizos Xerais ó concelleiro D. Jose Manuel Iglesias Carrera.

Como consecuencia da miña resolución de data 12.05.06 pola que ó concelleiro mencionado se lle avocan as competencias a el delegadas en materia de servizos xerais, DISPOÑO:

Primeiro.- Separar da Presidencia efectiva da Comisión Informativa de Servizos Xerais ó Sr. Concelleiro D. Jose Manuel Iglesias Carrera.

Segundo.- Notificar esta resolución ó interesado e dar conta dela na Comisión mencionada ó obxecto de que se propoña a esta Alcaldía o nomeamento dun novo Presidente efectivo."

Igualmente a Alcaldía-Presidencia, con data 24 de maio, dictou a seguinte resolución:

"De conformidade coa proposta efectuada pola Comisión informativa de Servizos Xerais na súa sesión de data 22 de maio do ano que andamos e ó abeiro do indicado no artigo 125.a) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:

Primeiro.- Delegar a presidencia efectiva da Comisión de Servizos Xerais no concelleiro don Carlos Comesaña Abalde.

Segundo.- Dar conta da presente Resolución ó interesado e ó secretario da devandita comisión.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ó Concello-Pleno na primeira sesión que realice este órgano."

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.*

7.- (101).-DAR CONTA DO ESCRITO DO CONCELLEIRO, D. CARLOS COMESAÑA ABALDE, DE DATA 21.05.06 ACEPTANDO O DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCIÓNS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 15 de maio de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"Con data 30 de decembro de 2003 esta Alcaldía, en execución do acordo plenario de data 29 de decembro, dictou Resolución pola que se determinaban os membros corporativos con dedicación exclusiva e parcial; entre os primeiros e dentro dos catro concelleiros do grupo político do Partido Popular ós que correspondía esa clase de dedicación, figuraba o entón Concelleiro Delegado de Servizos Xerais D. JOSE MANUEL IGLESIAS CARRERA.

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

Tendo dictado esta Alcaldía o pasado día 12 de maio resolución avocando as competencias delegadas ó mencionado Concelleiro e acordándose no mesmo día delegar ditas competencias no Concelleiro D. Carlos Comesaña Abalde, esta Alcaldía, en cumprimento do sinalado no art. 75.5 "in fine" da Lei 7/1985, do 2 de abril, RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a miña resolución do 30 de decembro de 2003 no senso de outorgar unha das catro dedicacións exclusivas que corresponden ós Sres. Concelleiros do grupo político municipal do Partido Popular a D. Carlos Comesaña Abalde, Concelleiro Delegado de Servizos Xerais, que a desempeñará en substitución do Concelleiro D. Jose Manuel Iglesias Carrera que realizará as súas funcións en réxime de dedicación parcial.

Segundo.- O réxime xurídico das dedicacións mencionadas será idéntico ó sinalado na miña resolución do 30 de decembro de 2003.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución ós interesados instando ó membro corporativo con nova dedicación exclusiva a que no prazo dos tres días seguintes á notificación dirixa escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Concello, no que se manifeste a aceptación ou non da dedicación, escrito do que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Cuarto.- Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, a Tesourería e á Intervención Xeral.

Quinto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboeiro de Edictos do Concello."

Por escrito de data 21 de maio, o concelleiro don Carlos Comesaña Abalde pon en coñecemento da Corporación a súa aceptación do réxime de dedicación exclusiva acordado pola Alcaldía.

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.*

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de seguir quero agradecer ó concelleiro don José Manuel Iglesias o seu traballo, independentemente do que me levou tomar a decisión que tomei e que coido que fixen o que debía, pero quero darlle as grazas polo seu servizo e o seu traballo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: No nome do meu grupo e unha vez rematadas estas dacións de conta que vostede nos ven de facer en relación co cesamento do concelleiro Sr. Iglesias e do nomenamento do Sr. Comesaña, pedirlle por favor unha explicación das razóns do acontecido.

A PRESIDENCIA: No seu momento, en rogos e preguntas, vostede poderá formular esa petición.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non é unha petición, Sra. Alcaldesa, é algo normal nun debate plenario no que evidentemente non se pode votar pero é frecuente que nas dacións de conta, cando hai unha petición de información por parte da oposición se lle resposte. Prégolle por favor que neste caso non nos obrigue a facer disto un debate agrio porque non o queremos en absoluto, pero consideramos que deben constar na acta as razóns do cesamento dun concelleiro e da atribución de novas funcións a outro. Sinxelamente lle pedimos unha explicación para que, a efectos de historia local do que se recolle na acta da cidade, se saiba que é o que acontece.

A PRESIDENCIA: É o seu punto de vista; o meu que son quen dirixe o Pleno é que debe ser en rogos e preguntas.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Alcaldesa é unha covardía pola súa parte.

#### 8.- (102).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 51/06. APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de maio de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

##### **"I.- ANTECEDENTES.**

O Concello Pleno en sesión realizada o día 24 de abril do ano en que andamos, prestou a súa aprobación a moción urxente presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dando isto lugar a adopción do seguinte acordo:

*"O Pleno da Corporación ista ao Goberno Municipal a incoar expediente de Modificación de Créditos con cargo ao Remanente líquido de Tesourería, polo importe final expresado coas seguintes determinacións:*

*1.- Aplicacións: as que se indican no seguinte detalle.*

<i>Custo adquisición do Rectorado</i>	<i>1.285.000,00</i>
<i>Urbanización Barreiro</i>	<i>832.928,00</i>
<i>Expropiación Zamans</i>	<i>1.160.857,52</i>
<i>RC Dios</i>	<i>90.478,91</i>
<i>Anualidade adquisición terreos Auditorio</i>	<i>841.339,83</i>
<i>Anualidades Pazo de Congressos</i>	<i>4.922.472,00</i>
<i>Anualidade convenio Universidade Toralla</i>	<i>86.103,37</i>



Liquidación proxectos 2005	430.705,59
Aportación a Zona Franca (Vigo 2005)	1.545.465,63
Anualidade convenio terreos IFEVI	241.087,00
Sentenza OBRASCON HUARTE	124.361,00
Sentenza EMPTY	69.156,00
<b>Subtotal</b>	<b>11.629.954,85</b>
2ª Fase Musealización Toralla	300.000,00
Centro Atalaia	240.000,00
Reformas UBA Teis e Coia	85.000,00
Mobiliario UBA Teis e Coia	23.000,00
1ª Fase Agarimo	510.000,00
Auditorio Valladares (escenario e butacas)	120.000,00
Reformas Museo de Castrelos	200.000,00
Nova Ponte do Pontillon	410.000,00
<b>Subtotal</b>	<b>1.888.000,00</b>
Convenio coa Deputación campos de fútbol herba sintética en Cabral, Candean, Comesaña, Sardoma e Valladares	600.000,00
Obras de remodelación San Cristobal	85.000,00
Acondicionamento de camiños Castrelos	30.000,00
Obras r/Portoloureiro	111.000,00
Obras saneamento en Coruxo	210.000,00
Remodelación dunas do Vao	100.000,00
Construcción de acceso Baixada Capital 1º tramo	73.000,00
Obras reparación r/Cantabria	90.000,00
"    r/San Xoan	20.000,00
"    r/Pouleira	10.500,00
"    r/Vistas do Mar	9.600,00
Melloras no Parque da r/Cantabria	14.000,00
Palco de música en Navia	62.732,00
Obras Sampaio 218 e Tomada (altura 2º cinto)	60.000,00
Obras Avda. Mariña Española	250.000,00
Novas escaleiras entre San Xulian e Poboadores	100.000,00
Nova sinalización viaria Pinguéla, Freixo, Balsa	60.000,00
Reparación Paseo de Bouzas	250.000,00
Humanización Cruz Branca	250.000,00
Ampliación vestiarios campo de futbito Fontans	60.000,00
Obras estrada de Vilar	100.000,00
Redacción do proxecto Aragón-Urzaiz	12.000,00
Proxecto estrutura anexa D. Fleming	18.000,00
2ª Fase Travesía de Vigo	850.000,00
1ª Fase reparación beirarrúas Via Norte	100.000,00
Proxecto complementario M.de Castro-Balaidos	150.000,00
Redacción proxecto vial acceso á Universidade e sendeiro do Barxa	30.000,00
<b>Subtotal</b>	<b>3.705.832,00</b>
<b>Total</b>	<b>17.223.786,85</b>

2.- Ao obxecto de permitir o control do Pleno na execución dos programas de investimento ao longo do próximo ano, incorporar os seguintes acordos complementarios:

O Pleno da Corporación manifesta a súa vontade de supervisar a execución do presente Plan de investimentos. Con este obxectivo define e aproba os seguintes procedementos de execución do gasto:

- Todos os proxectos derivados do Plan anterior, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Xestión Municipal.
- Todos os pregos de condicións dos concursos que se realicen en relación cos proxectos anteriores, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Control da Contratación.
- A execución os proxectos de obras e dos orzamentos será supervisada pola Comisión de Xestión Municipal, na que comparecerá, de ser o caso, o Concelleiro/a responsable do Goberno e/ou os Técnicos responsables.
- Calquera Modificación de crédito referida ás partidas de investimento contempladas neste documento, será sometida a consideración da Comisión de Xestión Municipal.

Por outra banda, o Pleno da Corporación, entende como esencial a colaboración de outras Administracións na realización de obras e servizos que precisa a nosa cidade. Neste senso, ven sendo esencial a actuación da Deputación Provincial, cando menos durante os últimos dous anos. Dita actuación, debe ser en todo caso complementar ás actuacións decididas polo Pleno. Polo tanto, o futuro Convenio de colaboración Concello-Deputación, será tratado e supervisado pola Xunta de Voceiros, denantes do seu tratamento pola Xunta de Goberno Local e da súa sinatura.”

En execución do devandito acordo plenario, por Decreto da Alcaldía de data 25 de abril de 2006, procedeuse á incoación do expediente de modificación de créditos orzamentarios número 39/06.

A comisión informativa de Xestión dictaminou en sesión realizada o día oito de maio do ano en que andamos o expediente de modificación orzamentaria número 39/06, inatando á Alcaldía a unha nova incoación do expediente de modificación orzamentaria número 39/06.

En base a isto dictouse resolución da Alcaldía de data 8 de maio de 2006 de acordo co dictame emitido pola Comisión Informativa de Xestión na aludida sesión extraordinaria, que se transcribe a a seguir:

“A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 8 de maio de 2005, instou a esta Alcaldía “unha nova incoación do expediente de modificación orzamentaria número 39/06 coas seguintes aplicacións:

*Programa de investimentos para a cidade*

<b>DENOMINACIÓN ACTUACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
Custo adquisición do Rectorado	1.285.000,00
Acondicionamento da Avd. de Freixo-Sárdoma	115.000,00
Acondicionamento da Estrada de Vilar	70.000,00
Acondicionamento da praza de Chao	340.000,00
Acondicionamento da rúa Arrieiro	93.000,00
Acondicionamento da rúa de San Xoán	20.000,00
Adecuación escadas de Castro Castriño	20.000,00

Ampliación de vestiarios campo de futbito Fontáns	55.000,00
Anualidade convenio Universidade Toralla	86.103,37
Anualidades Pazo de Congressos	4.922.472,00
Aportación á Zona Franca (Vigo 2005)	1.710.744,96
Arranxo do paseo en Bouzas	230.000,00
Auditorio novo Centro Social e Cultural de Valladares (escenario e butacas)	120.000,00
Barreiro	832.928,00
Beirarrúas da Avd. Castelao 1ª fase	200.000,00
Beirarrúas en Baixada a Sampaio (Navía)	40.000,00
Beirarrúas en Cesáreo Vázquez	53.460,00
Beirarrúas en Coutadas-A Salgueira	36.000,00
Beirarrúas en Manuel Cominges	59.655,00
Beirarrúas en Portoloureiro	111.000,00
Beirarrúas en Súa (Beade)	72.000,00
Beirarrúas en Seixo (Beade)	14.200,00
Beirarrúas na Baixada a Laxe-Sárdoma	18.000,00
Beirarrúas na Baixada á praia-Saiáns	14.460,00
Beirarrúas na Baixada á Salgueira	82.000,00
Beirarrúas na Coba da Becha-Saians	7.860,00
Beirarrúas na rúa Canteiros	40.345,00
Campo de fútbol de herba sintética en Cabral	120.000,00
Campo de fútbol de herba sintética en Candeán	120.000,00
Campo de fútbol de herba sintética en Comesaña	120.000,00
Campo de fútbol de herba sintética en Sárdoma	120.000,00
Campo de fútbol de herba sintética en Valladares	120.000,00
Cño. Carrasqueira (beirarrúas)	133.770,00
Construción do acceso á Baixada ao Capitán	73.000,00
Construción do chalét Agarimo; 1ª fase	510.000,00
Expropiación Zamáns	348.257,48
Humanización Cruz Branca	250.000,00
Liquidación proxectos 2005	647.910,72
Mellora do abastecemento no barrio do Carballal	515.000,00
Mellora no contorno centro cultural Helios	135.000,00
Mellora paseo do Lagares	100.000,00
Melloras contorno Praza da Igrexa-Comesaña	115.000,00
Melloras na Avd. San Cristóbal	85.000,00
Melloras na Estrada da igrexa-Zamáns	155.000,00
Melloras na rúa Cantabria	90.000,00
Melloras na rúa Pouleira	10.500,00
Melloras na rúa Vista do mar	9.600,00
Melloras na rúa Xuncal (á altura de Tomada e conexión segundo cinto)	20.000,00
Melloras no parque Seragua na rúa Cantábria	14.000,00
Mobiliario UBA Teis e Coia	23.000,00
Nova ponte no Pontillón-Freixeiro	450.000,00
Novas sinalizacións viarias (Cño. da Pinguela, Estación do Freixo e raqueta Balsa)	55.000,00
Palco da música en Navía	62.732,00
Primeira fase reparación beirarrúas Vía Norte	100.000,00
Proxecto Centro Cívico Finca Solita	30.000,00

Proxecto complementario Manuel de Castro	145.000,00
Proxecto local social estrutura anexa ao colexio Fleming	18.000,00
Proxecto reforma estadio de Balaidos	60.000,00
RC Construcciones Dios	90.478,91
Redacción proxecto vial acceso á Universidade e carreiro do Barxa	30.000,00
Redación do proxecto Aragón-Urzaiz	12.000,00
Redación do proxecto para reconstrución do colexio Alemán	25.000,00
Reformas Museo de Castrelos	200.000,00
Reformas UBA Teis e Coia	85.000,00
Remodelación da Avd. Mariña española	245.000,00
Remodelación dunas do Vao	100.000,00
Reparación dos camiños Antergo do Monte da Mina, Lupa Rouca, Eixou e Barxa-Barallas	115.000,00
Saneamento Fragoselo, Laxes, Pintos, Silveira, A Foz, Hermida, Breadouro, Baixada ao Vao, etc.	210.000,00
Segunda fase da Trv. de Vigo	850.000,00
Segunda fase musealización Toralla	300.000,00
Sentenza adquisición terreo	96.486,00
Sentenza EMPTY	69.156,00
Sentenza Obrascón Huarte	124.361,00
Urbanización contorno do centro cívico de Saiáns	38.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>17.995.480,44</b>

En base ó exposto, en uso das atribucións que me confire a lexislación local vixente, de conformidade co artigo 177.4 do RDLex 2/2004 e de conformidade có especificado nas Bases de Execución do Orzamento,

#### **RESOLVO**

Primeiro.- Incoar expediente de modificación orzamentaria (Crédito extraordinario e suplemento de crédito), por un importe total de 17.995.480'44 €, en substitución do incoado por esta Alcaldía en data 25 de abril de 2006, desglosado da seguinte forma:

a) **Financiamento:**

Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, polo indicado importe de 17.995.480'44 €

b) **Aplicacións:**

Segundo consta na proposta da Comisión Informativa de Xestión Municipal, polo indicado importe de 17.995.480'44 €

Segundo.- Dar conta deste Decreto ás Concellerías interesadas e á Intervención.

Terceiro.- Someter o expediente, previa proposta, ó Pleno da Corporación consonte có previsto nos artigos 168.4 do RDLex 2/2004 e 123.4 da Lei 7/1985."

Sometido o expediente número 39/06 de modificación orzamentaria á consideración do Concello-Pleno, este en sesión realizada o día 12 de maio

do ano en que andamos adoptou o acordo de retirar da orde do día o asunto referente o expediente indicado.

## **II.- EXPOSICION DE MOTIVOS.**

O expediente indicado contén gastos de carácter plurianual derivados de compromisos adquiridos en exercizos anteriores e outros para dar cobertura a distintas necesidades inaprazables xurdidas no marco do normal desenvolvemento da actividade municipal, incorpóranse ó presente expediente 51/06 e engádesen outros dos proxectos de gasto que participan das características dos aludidos anteriormente: Mellora na ETAP do Casa e Estudo da mellora da eficiencia da rede de abastecemento, precisando todos eles de dotación no exercizo actual no que rexen interinamente prorrogados os orzamentos do exercizo anterior do 2005

Así mesmo, na moción urxente presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sulíñabase o seguinte:

*2.- Ao obxecto de permitir o control do Pleno na execución dos programas de investimento ao longo do próximo ano, incorporar os seguintes acordos complementarios:*

*O Pleno da Corporación manifesta a súa vontade de supervisar a execución do presente Plan de investimentos. Con este obxectivo define e aproba os seguintes procedementos de execución do gasto:*

- Todos os proxectos derivados do Plan anterior, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Xestión Municipal.*
- Todos os pregos de condicións dos concursos que se realicen en relación cos proxectos anteriores, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Control da Contratación.*
- A execución dos proxectos de obras e dos orzamentos será supervisada pola Comisión de Xestión Municipal, na que comparecerá, de ser o caso, o Concelleiro/a responsable do Goberno e/ou os técnicos responsables.*
- Calquera Modificación de crédito referida ás partidas de investimento contempladas neste documento, será sometida a consideración da Comisión de Xestión Municipal.*

*Por outra banda, o Pleno da Corporación, entende como esencial a colaboración doutras Administracións na realización de obras e servizos que precisa a nosa cidade. Neste senso, ven sendo esencial a actuación da Deputación Provincial, cando menos durante os últimos dous anos. Dita actuación, debe ser en todo caso complementar ás actuacións decididas polo Pleno. Polo tanto, o futuro convenio de colaboración Concello-Deputación, será tratado e supervisado pola Xunta de Voceiros, denantes do seu tratamento pola Xunta de Goberno Local e da súa sinatura."*

En base a todo isto e en uso das atribucións que me confire a lexilación local vixente, de conformidade co artigo 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, e conforme ó especificado nas Bases de Execución do Orzamento,

## **III.- RESOLVO:**

Primeiro.- Incoar expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario e suplemento de crédito), por un importe total de 18.145.480,61 euros, desglosado da seguinte forma:

a) Financiamento:

Con cargo o Remanente líquido de Tesorería para gastos generales, polo indicado importe de 18.145.480,61 euros.

b) Aplicaciones:

Segundo detalle que consta en anexo que se achega á presente Resolución, polo indicado importe de 18.145.480,61 euros.

Segundo.- Dar conta deste Decreto ás Concellerías interesadas e á Intervención.

Terceiro.- Someter o expediente, previa proposta, á aprobación do Pleno la Corporación de acordo co previsto no artigo 168.4 do RD Lex. 2/2000 e 123.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Cuarto.- Ao obxecto de permitir o control do Pleno na execución dos programas de investimento ao longo do próximo ano, incorporar os seguintes acordos complementarios:

O Pleno da Corporación manifesta a súa vontade de supervisar a execución do presente Plan de investimentos. Con este obxectivo define e aproba os seguintes procedementos de execución do gasto:

- Todos os proxectos derivados do Plan anterior, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Xestión Municipal.
- Todos os pregos de condicións dos concursos que se realicen en relación cos proxectos anteriores, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Control da Contratación.
- A execución os proxectos de obras e dos orzamentos será supervisada pola Comisión de Xestión Municipal, na que comparecerá, de ser o caso, o Concelleiro/a responsable do Goberno e/ou os Técnicos responsables.
- Calquera modificación de crédito referida ás partidas de investimento contempladas neste documento, será sometida a consideración da Comisión de Xestión Municipal.

Por outra banda, o Pleno da Corporación, entende como esencial a colaboración doutras Administracións na realización de obras e servizos que precisa a nosa cidade. Neste senso, ven sendo esencial a actuación da Deputación Provincial, cando menos durante os últimos dous anos. Dita actuación, debe ser en todo caso complementar ás actuacións decididas polo Pleno. Polo tanto, o futuro convenio de colaboración Concello-Deputación, será tratado e supervisado pola Xunta de Voceiros, denantes do seu tratamento pola Xunta de Goberno Local e da súa sinatura."

**ANEXO**, a la Resolución de la Alcaldía Presidencia de 23 de mayo de 2006, expediente de modificación de créditos nº 51/2006.

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

DENOMINACION PARTIDA	PARTIDA	PROYECTO	IMPORTE
----------------------	---------	----------	---------

APLICACIÓNS			
Adquisición Rectorado	1210.6320002	05121000	1.285.000
Sinalización viaria	2220.6010000	06222000	55.000
Mobiliario UBAS Teis e Coia	3130.6250000	06313000	23.000
Reformas UBAS Teis e Coia	3130.6320002	06313002	85.000
Expropiacións Zamásn	4220.6000000	06422001	348.257,48
Urbanización Barreiro	4320.6010000	06432000	832.928
Obras iluminación a SETEGA	4324.6110000	06432400	45.268,48
E.Mellora na ETAP DO CASAL	4410.2270601		100.000,00
E.Mell.eficie. rede abastecem.	4410.2270602		50.000,00
Obras sanamento Coruxo	4410.6010009	06444109	210.000
Mellora abastecemento Carballal	4410.6110004	06441004	515.000
Melloras parque R/Cantabria	4326.6110000	06443200	14.000
RC. Construcciones Dios	4450.6010002	06445002	90.478,91
Mellora Paseo Lagares	4450.6110001	06445001	100.000
Sentenza Empty	4510.2260805		69.156
Sentenza Obrascón Huarte	4510.601000	06451000	124.361,17
Anualidade Pazo de Congressos	4510.7700002	06451002	4.922.472
Reformas Museo de Castrelos	4513.6320100	06451300	200.000
Adquisición terreo campo Relfas	4521.6000000	06452100	96.486
Ampliación vistorios C.Fontans	4521.6320001	06452101	55.000
Proxecto reforma E. Balaídos	4521.6320003	06452103	60.000
Conv.Deput.c.futbol Cabral	4521.7610002	06452102	120.000
Conv.Deput. c.fútbol Candeán	4521.7610003	06452107	120.000
Conv.Deput. c.fútbol Comesaña	4521.7610004	06452104	120.000
Conv.Deput. c.fútbol Sárdoma	4521.7610005	06452105	120.000
Conv.Deput. c.fútbol Valladares	4521.7610006	06452106	120.000
2ª Fase Musealización Toralla	4531.6010000	06453100	300.000
Anualidade Conv. Univ. Toralla	4531.6100001	06453101	86.103,37
Remodelación dunas Vao	4533.6010000	06453300	100.000
Redac. Proxecto Colexio Alemán	4631.2270601		25.000
1ª Fase Chalet Agarimo	4631.6220000	06463100	510.000
Equipamento Auditor.Valadares	4631.6290001	06463101	120.000
Urb. contorno CC Saiáns	4631.6300000	06463104	38.000
Proxec.estruct.Local Dr.Fleming	4631.6320002	06463102	18.000
Proxecto CC Finca Solita	4631.6320003	06463103	30.000
Redacc. proxecto Aragón-Urzai	5110.2270604		12.000
Redacc. Proxec Acc.univer.barxa	5110.2270605		30.000
Nova ponte no Pontillón	5110.6010001	06511001	450.000
Acceso Baix. ao Capitán	5110.6010002	06511002	73.000
Palco de música en Navia	5110.6010003	06511003	62.732
Remodelación r/ S.Critobal	5110.6110000	06511000	85.000
2ª FT Vigo, mod. Compl.1ª Fase	5110.6110001	05511001	1.066.808,61
Obras Portoloureiro	5110.6110003	06511016	111.000
Obras r/Cantabria	5110.6110004	06511017	90.000
Obras r/S. Xoan	5110.6110005	06511005	20.000
Obras r/Pouleira	5110.6110006	06511006	10.500
Obras r/Vistas do Mar	5110.6110007	06511007	9.600
Obras na Avda Marina Española	5110.6110009	06511009	245.000
Reparación Paseo de Bouzas	5110.6110010	06511010	230.000
Humanización Cruz Branca	5110.6110011	06511011	250.000
Obras Estrada Vilar	5110.6110012	06511012	70.000
1ª Fase repar.Beirarrúas V.Norte	5110.6110013	06511013	100.000
Obras compl. M. Castro-Balaídos	5110.6110014	06511014	145.000



Obras Uruguai-Colón	5110.6110016	06511016	180.396,52
Liq. entorno mercado Pedra	5110.6110017	06511017	18.400
Obras rúa Arrieiro	5110.6110018	06510018	93.000
Obras escadas Castro Castriño	5110.6110019	06511019	20.000
Beirarrúas Avda. Castelao	5110.6110020	06511020	200.000
Beirarrúas Bxda.Sampaio Navia	5110.6110021	06511021	40.000
Beirarrúas Cesáreo Vázquez	5110.6110022	06511022	53.460
Beirarrúas Coutadas Salgueira	5110.6110023	06511023	36.000
Beirarrúas Manuel Cominges	5110.6110024	06511024	59.655
Beirarrúas Saa Beade	5110.6110025	06511025	72.000
Beirarrúas Seixo Beade	5110.6110026	06511026	14.200
Beirarrúas Bxda. A Laxe	5110.6110027	06511027	18.000
Beirarrúas Bxda a Praia Saiáns	5110.6110028	06511028	14.460
Beirarrúas Bxda. a Salgueira	5110.6110029	06511029	82.000
Beirarrúas Cova da Becha	5110.6110030	06511030	7.860
Beirarrúas R. Canteiros	5110.6110031	06511031	40.345
Beirarrúas Cmño.Carrasqueira	5110.6110032	06511032	133.770
Obras mellora entorno Helios	5110.6110033	06511033	135.000
Melloras Pza. Igrexa Comesaña	5110.6110034	06511034	115.000
Melloras estrada Igrexa Zamáns	5110.6110035	06511035	155.000
Melloras rúas xuncal	5110.6110036	06511036	20.000
Obras cmños. Monte Mina,Eixou.	5110.6110037	06511037	115.000
Obras pza. Chao	5110.6110038	06511038	340.000
Liq. Beirarrúas r.Portela	5110.6110039	06511039	13.761,16
Obras Freixo	5110.6110040	06511040	115.000
Liq. Beirarrúas Baiona-Balaídos	5110.6110045	06511045	20.376,74
Liq. Aparc. Urzáiz	5110.6110062	065110062	152.899,21
Conv. Z. Franca Vigo 2005-2007	5110.7240000	05511013	1.710.744,96
T. CRÉDITO EXTRAORDINARIO			17.797.223,13
T. SUPLEMENTO DE CRÉDITO			348.257,48
T. APLICACIONES GASTOS			18.145.480,61
ORIXES			
Aplicación f. Créd. Extraord.	870.00		17.797.223,13
Aplicación f. Supl.Créditos	870.01		348.257,48
TOTAL ORÍXES			18.145.480,61

Na mesma data do 23 de maio, o interventor emite o seguinte informe:

"Incoado por Resolución da Alcaldía de data 25 de abril do ano en curso, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 39/2006, que incluye a habilitación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito en execución do acordo do Concello Pleno en sesión celebrada o día 24 de abril do ano en curso , a financiar con cargo o Remanente líquido de Tesourería obtido no exercizo 2005, o amparo do establecido nos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 37.3 do Real Decreto 500/90, emitese o seguinte informe:

**1.- Clase de modificación orzamentaria que se propón:**

O expediente que se tramita contén, como se dixo anteriormente, créditos extraordinarios e suplementos de crédito por un importe global de 18.145.480,61 euros.

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercizo seguinte, e para o que non existe crédito.

Os suplementos de créditos son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercizo posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 34 a 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril. O Remanente de Tesourería, que se propón neste expediente como recurso para financiar a modificación, regúlase no artigo 191 do dito corpo legal e nos 101 a 105 do mencionado Real Decreto.

Polo demais os indicado artigo 177 do TRLRHL e 34 a 38, regulan a tramitación desta modalidade orzamentaria e o requisito común de que os gastos a financiar sean urxentes e non podan demorarse para o exercizo seguinte.

## **2.- Descrición da modificación de crédito proposta:**

A Resolución da Alcaldía-Presidencia que ordena a instrución de expediente, fai referencia ás distintas áreas ou unidades administrativas ás que afecta a modificación orzamentaria e inclúe así mesmo as partidas orzamentarias a complementar ou, no seu caso, crear, facendo referencia a gastos específicos e determinados, como require a lexislación vixente.

Vistes estes últimos, compróbase que non existe no estado de gastos do orzamento crédito destinado a esa finalidade específica no nivel establecido na vinculación xurídica e, en caso contrario, constátase que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na partida do estado de gastos do orzamento ó que debe imputarse o gasto proposto, no nivel establecido na vinculación xurídica e non pode ser obxecto de ampliación.

## **3.- Recurso financeiro:**

O recurso financeiro que se propón para o financiamento de esta modificación de crédito e o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na liquidación orzamentaria do último exercizo económico liquidado, isto é, o do exercizo 2004.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, para financiar créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais que se deriva do orzamento do ano 2005, cuantificouse en 45.523.779,17 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 17/2006 de incorporación de remanentes de crédito, aprobado por Resolución da Alcaldía 5.877.218,08 euros, de onde resulta que o saldo actual do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais ascendería a 39.646.561,09 euros,

suficiente para facer fronte á modificación orzamentaria contida no expediente que se informa e que importa a contía de 18.145.480,61 euros.

Ó expediente incorporouse certificación emitida por esta Intervención relativa ó saldo actual dispoñible de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos xerais.

De acordo co previsto na Orde do 20 de setembro do 1989, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais, o Remanente de Tesourería que financie o expediente imputarase ó Capítulo VIII do estado de ingresos (Activos financeiros), artigo 87 (Remanente de Tesourería), subconjuntos 870.00 (Aplicación para financiamento de créditos extraordinarios), ou 870.01 (Aplicación para financiamento de suplementos), segundo se trate de habilitacións de créditos ou suplementos, respectivamente.

Por outra banda, tendo en conta que os importes da modificación de crédito proposta e do recurso financeiro utilizado son coincidentes, matense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Finalmente é de suliñar que esta modificación non afecta ó índice de endebedamento previsto no artigo 53.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, na medida en que o recurso que financia esta modificación non computa na carga financeira anual a confrontar cos ingresos ordinarios liquidados no período anterior á comparación ós efectos de determinar a necesidade de autorización administrativa para a concertación de operacións de crédito.

#### **4.- Estabilidade orzamentaria.**

Polo que se refire á incidencia que produce o expediente que se informa sobre os orzamentos municipais por aplicación da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, subliñamos o seguinte:

De conformidade con artigo 3 da dita norma legal a aplicación do principio de estabilidade orzamentaria require que a elaboración e execución do orzamento se leve a cabo de forma equilibrada ou con superávit, computados estes últimos en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95), obriga esta que se recolle para as entidades locais no artigo 19 da indicada Lei.

Ata a entrada en vigor da Lei 18/2001, por mor do artigo 16 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, xa aludido anteriormente, un orzamento considérase equilibrado cando a suma total dos créditos de gasto é igual á suma total das previsións de ingresos, sendo deficitario aquel orzamento en que os créditos de gasto son superiores ás previsións de ingresos e estando en superávit aquel no que sucede o contrario.

Esta situación cambia radicalmente coa entrada en vigor da Lei de Estabilidade Orzamentaria, por canto que como xa se indicou, o cómputo debe realizarse agora en termos de capacidade de financiamento definida segundo SEC, o que implica que para que un orzamento estea equilibrado os seus créditos de gasto de carácter non financeiro, non poden superar as súas previsións de ingresos non financeiras, é dicir, a suma dos capítulos 1 a 7 de gasto debe ser igual (ou inferior se acontece que o orzamento está en superávit) a suma dos capítulos 1 a 7 de ingresos.

Como xa sinalamos anteriormente o recurso que financia a modificación orzamentaria (Remanente líquido de Tesorería para gastos xerais) impútase ó Capítulo 8 da estrutura do estado de ingresos, o que dará lugar a un incumprimento da estabilidade orzamentaria, pois a modificación suporía o aumento dalgúns capítulos 1 a 7 de gastos, pero non producirá un aumento correlativo nos capítulos 1 a 7 de ingresos.

No suposto de que o dito desequilibrio non se vexa corrixido na liquidación do orzamento, é de aplicación o artigo 22 da Lei 18/2001, que establece a obrigatoriedade da elaboración dun plan económico-financieiro a medio prazo para a corrección do desequilibrio que non ten que ser confundido co plan de saneamento financeiro ó que se refire o artigo 53 do TRLRHL.

En definitiva, a modificación orzamentaria xa tramitada e aprobada, mencionada neste informe, financiada con Remanente líquido de Tesorería para gastos xerais xa produciu un desequilibrio pola contía do Remanente utilizado e tal déficit verase incrementado no financiamento previsto no expediente que se informa, polo que deberán de adoptarse as medidas oportunas en orde ó cumprimento das previsións de ingresos aprobadas no orzamento vixente e o fomento de novas liñas de recursos, todo isto encamiñado a obter unha liquidación de dereitos superior ás estimacións orzamentarias, en aras de cumprir o obxectivo previsto na Lei 18/2001.

#### **5.- Tramitación e aprobación do expediente:**

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación os expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos, aplicables os orzamentos."

Con data 23 de maio o concelleiro delegado da Xestión Municipal, Sr. Guerra Fernández, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 24 de maio, o **Secretario xeral do Pleno** informa do que segue:

"Son as normas xurídicas as que determinan as atribucións dos distintos órganos municipais, neste senso o art. 127.1.f) da LBRL sinala que a totalidade das contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual, é unha atribución da Xunta de Goberno Local.

As competencias dos órganos municipais, como as de calquera outro órgano de calquera Administración Pública, son irrenunciabes e exércense como propias agás os casos de delegación ou avocación (art. 12.1 LRXPAC). A conculcación desta premisa de actuación conleva a nulidade de pleno dereito dos acordos que poidan adoptarse. En efecto, o art. 62.1 f) da mesma norma sinala que "os actos das Administracións Públicas serán nulos nos casos que sexan dictados por órgano manifestamente incompetente".

Sen prexuízo da fiscalización e control dos órganos de goberno, que en todo caso corresponde ó Pleno, os órganos municipais non poden dispoñer das

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

competencias doutros. Como dixemos a Lei en materia de contratación outorga as competencias á Xunta de Goberno Local polo que é este órgano e non outro a quen, na súa condición de órgano de contratación, lle corresponde non só a adxudicación dos contratos, tramite finalizador do procedemento, senón tamén adoptar calquera acto ou acordo de trámite dentro de dito procedemento e entre eles os de aprobación dos Proxectos e os de aprobación dos Pregos de Condicións.

Que isto sexa así non implica que o Pleno non poda controlar, facer seguimento da acción, da xestión de goberno da Xunta de Goberno Local e dos acordos que este órgano adopte, control que pode materializarse a través das Comisións do Pleno, permanentes ou especiais, ou a través da propia comparecencia no Pleno da Xunta de Goberno para explicar a súa xestión (art. 106 ROF), inclusive pódese efectuar, tal e como ten acordado esta Corporación, a través da "Comisión de Contratación" onde o equipo de goberno da conta dos asuntos nesa materia, feito que pode implicar un posicionamento sobre eles o que non implica facultades decisorias.

En virtude do exposto, no expediente incoado pola Alcaldía para a modificación orzamentaria deberá suprimirse calquera mención á aprobación de proxectos e pregos de condicións. Estes documentos terán o seu control e seguimento a través da Comisión de Control da Contratación nos termos acordados no seu día polo Pleno."

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, por escrito de data 26 de maio de 2006:

Insistimos de novo en que se continúa a pretender facer algo que non cadra coa lexislación vixente, así que volvemos dicir: rectificuemos que aínda é tempo.

Porque segundo o artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 34 a 38 do Real Decreto 500/90 do ano 2004, non se poden abordar gastos que poidan demorarse até o exercizo seguinte. E non se pode soste co máis mínimo rigor que esteamos a falar de gastos inaprazábeis.

A estes efectos, subliñámo-la nosa conformidade co informe relativo a este asunto realizado polo Sr. Interventor en data 25 de Abril, en canto a nivelación orzamentaria. Diciamos isto con respecto ó expediente anterior, e agora engadimos con relación a este que amosamos a nosa conformidade cos informes do Sr. Interventor de data 23 de Maio, e máis do Sr. Secretario Xeral de data 24 de Maio do mes no que andamos. Non se len os informes? Seguimos a desprezar o estado de dereito, piar fundamentalísimo pra o sistema democrático?

Ó mesmo tempo Vigo non merece que os Grupos Políticos Municipais non se poñan de acordo cos representantes do Movemento Cidadán pra solucionar problemas das parroquias e dos barrios (algúns especialmente graves e urxentes), se é perfectamente posíbel facelo.

Cando propuxemos conxuntamente co PSdeG-PSOE dedicar un esforzo especial con obxecto de investir en saneamento, estabamos a querer rigor no gasto orzamentario extraordinario que estamos a tratar, como é investir remanentes líquidos de tesourería.

E cando o Concelleiro Sr. Iglesias foi inxustamente cesado por insinuar o que cría mellor pra nosa cidade (non polo que dixo no Pleno como veremos de seguido), sabía o que estaba a insinuar e que seguramente non continuou a explicar por un exceso de lealdade co seu grupo.

En efecto, a Sra. Alcaldesa e o seu Goberno teñen moi mala memoria, porque "non lembran" que na Xunta de Goberno do 14 de decembro de 2005, hai só uns poucos meses, acordaron facer algúns investimentos en abastecemento e saneamento (uns 3.000.000 euros en números redondos), pero ó mesmo tempo deixaron pendentes de investir nos mesmos conceptos 23.864.306 euros por falla de cartos pra poder facelo entón.

Unha parte do que deixaron de investir, debería ser destinado á adaptación das ETAP do Casal e Valladares ós contidos do Real Decreto 140 de 2003 e normativas concordantes. Estas adaptacións, de obrigado cumprimento legal, importarían en números redondos uns 2.800.000 euros e uns 1.500.000 euros respectivamente.

Estas conductas de lle agachar información ó Pleno da Corporación, e por iso mesmo a todas as viguesas e a todos os vigueses, si que causan alarma social e segundo nós constitúen un escándalo político.

Claro que non se poden solucionar todos os problemas a un tempo pero, segundo a legalidade vixente, podemos e debemos establecer un Plan Plurianual a partir da confección do Orzamento. Un Plan xerarquizado, acompañado dos proxectos valorados que correspondan e con estipulación dun calendario en función dos temas que se estimen máis prioritarios. Por último dicir que, pra súa materialización, tamén se auspician compromisos solidarios de corresponsabilidade entre todos os grupos da Corporación, como se indica nas resolucións que logo propoñemos.

O Plan que propoñemos non comporta practicamente ningún atraso en relación á proposta inicial que vai ó Pleno, xa que o anteproxecto de orzamento está elaborado e distribuído (aínda que cumpriría facerlle as modificacións que estimemos convenientes) e os investimentos tamén son coñecidos de todos.

Facemos pois unha proposta legal e conciliadora, pois contén as peticións de todos, só que é moitísimo máis ambiciosa e eficaz que a presentada, pra solucionar unha boa parte dos problemas que están a sufrir as viguesas e os vigueses. Se non se fixera algo así, sería porque non se quere. E se non se quixera, sería por actitudes espurias que nada terían que ver coa defensa obxectiva dos intereses das viguesas e dos vigueses, cousa pra a que nos elixiron, non é?

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Confeccionarmos o Orzamento do ano en curso no que se recollan, coa previsión dun Plan Plurianual, a adaptación ó RD 140 de 2003 das ETAP do Casal e Valladares, a proposta de investimentos solicitados pola Federación de Asociación de Veciños de Vigo Eduardo Chao, que logo fixo súa o goberno municipal, máis os investimentos presentados polo BNG non contidos naquel plan, máis os investimentos sobre saneamento das parroquias e o plan previsto pra corraxir os defectos da depuradora do Lagares presentados por PSdeG-PSOE e PG.

2.- Solicitar a colaboración das Consellerías da Xunta de Galicia que teñan relación coas áreas dos investimentos a facer, de xeito moi salientábel da Consellería do Medio Ambiente cara a solucionar todos os problemas de abastecemento e saneamento de Vigo cun Plan de Etapas. Un Plan de Etapas que deberá conter entre outras cousas a solución dos problemas da depuradora de Coruxo, a instalación da nova depuradora de Vigo e un transvase regulador de augas do río Verdugo cara a presa do Oitavén.

3.- As modalidades de contratación e, no seu caso, todos os pregos de condicións dos concursos que se realicen en relación cos proxectos afectos ó Plan denantes citado, deberán ser dictaminados pola Comisión de Control da Contratación antes de ser aprobados pola Xunta de Goberno.

4.- Todos os proxectos que afecten ó Plan antes citado, ou calquera modificación dos mesmos, deberán ser dictaminados pola Comisión de Xestión Municipal, denantes de que os aprrobe a Xunta de Goberno.

5.- Sobre a execución das obras amentadas, a Comisión de Xestión Municipal irá recibindo información cumprida de parte do concelleiro ou concelleira responsábel do goberno pra estes asuntos. A propia Comisión poderá acordar un calendario de traballo a este respecto.

6.- Calquera modificación de crédito relativa ás partidas de investimentos contempladas no Plan denantes citado, deberá contar co dictame da Comisión de Xestión Municipal antes da súa aprobación formal.

7.- Os convenios incluídos no Plan anterior, así como os que se poidan acadar con outras administracións, serán supervisados pola Xunta de Voceiros.

Emenda formulada polo vice-voceiro do Grupo Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, por escrito de data 29 de maio de 2006:

PROPOSTA DE CONTIDOS E PARTIDAS:

Apartado de compromisos derivados de acordos vixentes e ineludibles

- Anualidade do Auditorio-Pazo de Congressos	4.922.472 €
- Sentenza Obrascón-Huarte	124.361,17 €
- Adquisición edificio Antigo Reitorado	1.285.000 €
- Urbanización Barreiro	832.928 €
- Expropiación terreos Zamáns	348.257,48 €
- Anualidade convenio Universidade Toralla	86.103,37 €
- RC Construcciones Dios	90.478,91 €
- Aportación a Zona Franca (Vigo 2005)	1.710.744,96 €
- Sentenza EMPTY	69.156 €
- Convenio campos de Fútbol Deputación (Cabral, Candeán, Comesaña, Sárdoma, Valladares)	600.000 €
Total	10.069.501,89 €
- Liquidación proxectos 2005 Desglose por proxectos:	

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

- Modificado e dirección de obras por aparcadoiro Urzaiz	152.899,21 €
- Modificado humanización entorno mercado da Pedra	18.400,00 €
- Complementario humanización R/Uruguay-Colón	180.396,52 €
- Liquid. obras mellora beirarrúas Baiona e Balaidos	20.376,74 €
- Liquidación obras mellora beirarrúas rúa Portela	13.761,16 €
- Iluminación Balídos-Setga	45.268,48 €
- Proxecto complementario 1ª fase remodelac. Trav.Vigo	147.482,65 €
- Id. modificado Id.	69.325,96 €
Total	647.910,72 €
Total	10.717.412,61 €

Apartado correspondente ao Plan de Acción Veciñal

- Obras de SANEAMIENTO e ABASTECIMENTO en todos os barrios e parroquias da cidade	8.000.000 €
---	-------------

(Nesta partida ampliáanse en preto de 2.000.000 de euros as propostas xa orzamentadas polos técnicos municipais para poder atallar os principais problemas detectados en todos os barrios e parroquias)

- Melloras na ETAP do CASAL	2.000.000 €
Total	10.000.000 €

**TOTAL (suma dos dous apartados) 20.717.412,61 €**

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Hai dous aspectos fundamentais nas nosas argumentacións sobre a proposta que facemos de seguido. A primeira é preguntarlles publicamente se realmente leron os informes do Sr. Interventor e do Sr. Secretario Xeral, se non é así que o fagan, sobre os contidos que hoxe imos tratar neste Pleno. Máis concretamente e para anunciar que ninguén alegue ignorancia, o que pode ocorrer, preguntolles a todos se coñecen que hai unha advertencia sobre o artigo 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e demais normas concordantes, o 34-38 do RD 590/2004, etc., porque ese Real decreto e a Lei reguladora din sen ningún tipo de contradicción posible que non se poden abordar gastos que se poidan demorar ata o exercizo seguinte cando esteamos nun orzamento prorrogado.

Non se pode dicir co máis mínimo rigor que esteamos diante de propostas de gastos inaprazables. Ó mellor podería ser inaprazable a controversia montada o outro día no Pleno polo que ven hoxe o cesamento do Sr. Iglesias. Ese si sería un gasto inaprazable que curiosamente non figura en ningunha das propostas que temos enriba da mesa. Por certo que os informes do



interventor, un do 25 de abril, outro do 23 de maio, o Secretario informou en data 24 de maio son os que insisto en que os lean.

O segundo aspecto do tema que hoxe estamos a tratar enlaza co comentado o outro día no Pleno. O BNG pediu a suspensión do Pleno diante dun tema que podían presumir grave; a Sra. Alcaldesa coma xustificación xenérica do cesamento dun concelleiro que nun debate de investimentos falou, se non lembro mal, de por qué non se investía na posta a punto e na depuración dos depósitos do Casal e Valladares, realmente o que non entendo é por qué non foi ata o final.

Por qué se vai xerar alarma social por dicir a verdade? Non sei se vou xerar eu alarma pero na miña opinión o que pasa neste tema e que por certo non soupen ata o venres pola tarde das súas últimas consecuencias; soupen unha parte o venres pola mañá e por iso a unha da tarde presentei esta moción cos matices que hoxe veñen e ata o venres pola tarde non soupen das súas consecuencias en todos os sentidos.

En primeiro lugar si sabía a unha da tarde da súa fraca memoria, Sra. Alcaldesa. Lémbrolle que o Goberno que vostede preside en data 14 de decembro de 2005, hai cinco meses, trataron temas de abastecemento e saneamento e acordaron facer algúns investimentos, cousa que aplaudo, sobre uns tres millóns de euros e ó mesmo tempo deixaron pendentes de investir polos mesmos conceptos exactamente 23.864.306 euros por falla de cartos para poder facelo entón. Nada que dicir se non fose que unha parte do que deixaron de investir debería ser destinada á adaptación das EDAR do Casal e Valladares, ós contidos do RD 140/2003 e normativas concordantes, adaptación de obrigado cumprimento legal e que importarían en números redondos 2.800.000 e 1.500.000 euros respectivamente en números redondos.

Vostedes recibiron un informe na Xunta de Goberno Local con datos e orzamentos concretos do que podería custar, tamén advertíndolles que había unha normativa, no decreto 140/2003, por certo asinado polo Sr. Rajoy. Vostedes naquel momento ó mellor non podían facerlle fronte pero tiñan que telo feito xa porque o decreto do Goberno de España do que falo era do 7 de febreiro de 2003 e obrigaba a esas adaptacións mesmo antes de que comezara o ano 2004, falo de memoria. Vostedes deixaron pasar o tempo e agora, diante da oportunidade dun investimento extraordinario o Sr. Iglesias toca o tema e di por qué non se inviste nisto; quedamos preocupados, recibimos algúns informes parciais e sesgados...

Claro e alto, complicidades para estas trapalladas ningunha, solidariedade para resolver os problemas de Vigo con rigor e con discreción cando sexa mester toda. Pero sentir que me toman o pelo, non.

Digo isto porque nas xuntanzas que tivemos déronnos informes sesgados, por algún técnico municipal se nos dixo que o único problema que tiñan as augas da depuración do Casal e de Valladares era de turbidez, en todo caso aptas para o consumo. Ese informe era certo pero o que tiña de sesgado era que as directivas europeas cada vez piden un nivel de cualidade mellor e o que antes era apto para o consumo, legalmente non o é hoxe porque se esixen cotas mellores de salubridade na auga que bebemos todos os vigueses. Por iso hai ese Real decreto que citei que fala da obrigatoriedade de adaptar as estacións depuradoras a unha serie de parámetros, entre eles a turbidez.

Por iso tamén, Sra. Alcaldesa, o Concello de Vigo ten recibido algunha requisitoria, aínda que non sei cantas, concretamente da Consellería de Sanidade para que poñan ó día ese Real Decreto e se cumpra a normativa sobre augas. E vou engadir algo máis: non en todos os informes dos técnicos pero si en algúns, tamén con algúns metais en suspensión. Que conste en acta para asumir as responsabilidades que teña que asumir polo que estou a dicir e para que vostedes asuman as súas.

Que conste en acta tamén o que dixen antes: escándalo social, alarma social como dicía vostede, toda para resolver este problema pero a xusta, eu non digo que a auga de Vigo estea peor do que estaba. Digo que non está ó nivel da esixencia sanitaria de legalidade das directivas europeas que se materializan no Estado Español con ese Real decreto que vostedes non cumpriron e seguen mirando para o tendido.

Independentemente de que vostede cometeu un acto para min intolerable, alá a súa conciencia persoal e política, ó cesar a un concelleiro por insinuar que había que facer iso, sen chegar ás consecuencias nin saber o por qué, tampouco sei se o sabía o Sr. Iglesias, non estou na súa conciencia nin no seu pensamento, saberao el e se quere que no lo diga. Sr. Iglesias non quero molesto, en todo caso pídlle disculpas porque bastante mal rato supoño que debe estar a pasar vostede con todas estas circunstancias, pero teño que dicir as cousas en toda a súa extensión pola responsabilidade política que a todos nos atinxe neste tema.

Sra. Alcaldesa, vostedes agacharon temas diante do Pleno da Corporación, agacharon temas en reunións bilaterais cos grupos políticos, non nos deron parte da información, ninguén puxo enriba da mesa diante deste concelleiro

que houbera ningún atisbo de ilegalidade na depuración das augas de Vigo e a súa conducta neste aspecto créame que me parece absolutamente reprobable. Dito isto, vostedes poden facer os investimentos que lles pete; sabedores deste tema nós corriximos a nosa proposta anterior naturalmente porque teño que confesar que o ignorabamos totalmente e polo tanto a nosa corrección con respecto o que tiñamos presentado anteriormente é:

Primeiro que se cumpra a Lei, naturalmente; segundo incluír en primeiro termo de calquera investimento que se poida facer en Vigo, as adaptacións ó Real Decreto 140/2003 das estacións depuradoras de Valladares e Casal.

SR. TOBA GIRÓN: Vou facer unha intervención breve en razón de que iste vai ser o terceiro debate no Pleno no que falamos do mesmo asunto. Someramente direi que en razón do acontecido no último Pleno e precisamente pola súa suspensión e a retirada do asunto da orde do día, tivemos unha reunión de voceiros con determinados técnicos que se ocupan do tema do abastecemento e saneamento a quen lles fixen tres preguntas que constan nun informe e aínda que as tres preguntas as fixen eu entendiamos o outro día que eran preguntas que suscitaron un acordo de todos os voceiros, pero en todo caso non quero comprometer ningunha palabra nin ningunha expresión posterior, en canto á situación do subministro e do informe que está asinado o 23 de maio quedan claras tres cousas.

En primeiro lugar que a auga que recibimos os cidadáns de Vigo cumpre todas as garantías; en segundo lugar que temos caudal para un certo número de anos; en terceiro lugar que para nos anticipar a situacións futuras debemos actuar en dous sentidos.

Por unha banda debemos remodelar a estación de tratamento do Casal pero para iso necesitamos un proxecto; en segundo lugar debemos poñer en marcha un proxecto de optimización do uso da auga subministrada porque as perdas que temos son realmente importantes por tanto parece necesario actuar nos dous sentidos. No sentido de asegurar, agora redactando o proxecto e no seu día licitando as obras cando corresponda e pola administración que corresponda, da adaptación da estación de tratamento de Casal e por outra banda realizar un estudo de cómo poder optimizar mellor a auga subministrada e que actualmente perdemos non sabemos moi ben cómo, pero as cifras que nos dan os técnicos son realmente importantes se o que queremos é que esta cidade nos próximos anos teña un ciclo de auga con características de sustentabilidade.

Atendendo a esas dúas cuestións que posteriormente se me concretaron máis meridianamente en reunións cos técnicos por separado, a proposta en relación coa posición de partida no último Pleno formula a redacción deses dous proxectos: o proxecto de remodelación da estación de tratamento do Casal que debemos de ter redactado canto antes para realizalo, ben con fodos propios, ben en colaboración con calquera outra administración, e redactar ese outro proxecto posto de manifesto polo xefe do Laboratorio e actual xefe de Medio Ambiente, Sr. Núñez Torrón, que coidamos engadiría un punto de mellor xestión ó tema da auga en toda a cidade e na Área Metropolitana.

Con estas dúas modificacións entendemos que a proposta aparece como completa e anticipadora. Agardaremos a ver a redacción deses dous traballos e algúns máis que están na proposta e sobre os que xa non vou incidir porque xa o fixen no Pleno pasado.

A respecto da proposta do Sr. Soto, como xa lle expresei o outro día por parte do Grupo municipal do BNG a nosa posición é ben coñecida e foilles comunicada por escrito o pasado 16 de xaneiro. Por suposto hai lexitimidade, como xa a houbo no ano 2005, para que os outros grupos da Corporación adopten acordo de establecer un orzamento. Nós xa expresamos que, como fixemos no 2004 e no 2005, nese caso hipotético tamén estaremos en contra, tamén con toda a lexitimidade.

En todo caso reúnanse, falen, cheguen a acordos e sobre eses acordos debateremos se é que chegan ata aí, pero o que non podemos facer tampouco é estar esperando. Póñanse en marcha.

Só unha nota final que teño que facer en relación co debate do outro día e que quero que conste en acta. Expresei sen completa fidelidade un dato que figuraba no anteproxecto de orzamentos e que se me rectificou posteriormente polo Sr. Guerra e polo tanto o rectifico tamén. É un dato derivado de que o documento de ingresos que eu tiña parece ser que non estaba correcto; en todo caso teño que facer mención a esa rectificación.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: En primeiro lugar lamentar que por non ter a preceptiva explicación nos primeiros puntos da orde do día deste Pleno do cesamento e novo nomeamento do responsable dun área tan importante como Vías e Obras, o debate da modificación orzamentaria xire case que exclusivamente ó redor dese tema que dende logo é absolutamente importante. Quixera empezar por dicir case que textualmente as palabras do concelleiro Sr. Iglesias no anterior Pleno. Non quixen intervenir nos prolegómenos desta

sesión plenaria porque coido que non é necesaria esa intervención de aplauso, de agradecemento ó traballo realizado polo Sr. Iglesias e tamén por dicir algo que estaba no ánimo de todos, non en van o tema do ciclo da auga sacámolo permanentemente aquí, foi obxecto de diversos acordos plenarios con votos por unanimidades entre os que por exemplo estaba pasar dese caudal de 1.500 litros por segundo ós 3.000 l/s, consecuencia dunha moción presentada no seu momento polo BNG porque cando se presentou esa moción entendiase que era absolutamente crucial a curto e medio prazo contar con esa ampliación de caudal.

Pois o Sr. Iglesias o que dixo textualmente foi que as estacións de tratamento de auga para esta cidade non están preparadas para tratar máis de 1.500 l/s, que era absolutamente vital a renovación desas dúas estacións e repetíu por activa e por pasiva que non se poden tratar máis de 1.500 l/s; digo as palabras que se colleron algúns ó mellor para facer un escándalo e rematar falseando o que o Sr. Iglesias dixo neste Pleno. E aínda que reciba eses 1.500 litros que xa están aprobados, non están preparadas as estacións para lles dar auga en perfecto estado ós cidadáns de Vigo.

Unha verdade como un templo, algúns acolléronse a estas palabras de "darlles auga en perfecto estado" e montaron un numerío dicindo que non estabamos bebendo auga potable. Á marxe do problema da turbidez que en efectos os técnicos xa nos falaban dese tema, é obvio que é necesario mellorar as garantías sanitarias de toda auga, entre outras cousas porque así o obriga o Real decreto.

Cando se dixo iso aquí botámonos todos as mans á cabeza, retirouse o mal chamado plan de barrios e parroquias, con formulamentos moi dramáticos dalgún voceiro preguntando ó Goberno se tiñan proxecto para modificar esas estacións, se nos estiveran enganando; "ata onde pode chegar o desleixo" escoitamos naquel Pleno. Todas as xuntanzas que tivemos posteriormente os voceiros, toda a documentación que recibimos non fan máis que suliñar a total corrección das palabras que dixo o Sr. Iglesias naquel Pleno.

Sen embargo pasou a festa, parece que pasou o escándalo e nos contentamos no chamado plan de barrios e parroquias con facer un estudo de 50.000 euros para a mellora da rede de abastecemento cando os resultados dese estudo son perfectamente coñecidos e logo falarei diso; ou 100.000 euros para encargar o proxecto de mellora da estación de tratamento do Casal, cando en realidade este é un dos principais problemas. Digo un porque é obvio que o

da depuración e o outro, non se sabe cal poñer primeiro, eu poñería mesmo primeiro o da depuración.

O outro día asistimos a unha conferencia no plan de barrios e parroquias, a todo un debate duns vinte minutos ó redor da depuradora. Nós sabemos perfectamente que o tema da depuradora á absolutamente crucial pero tratémolo noutro momento porque entroutras cousas tivemos a responsabilidade de non ligar o tema da depuradora que é o principal problema que ten esta cidade a algo que era unha esixencia presentada pola Federación e polos cidadáns e cidadás de Vigo dos barrios e parroquias como era tratar de mellorar no posible a calidade de vida deses barrios e parroquias.

Á marxe de que eu xa tiña falado no Pleno de importantes investimentos cruciais en abastecemento e saneamento que valoraba en vintetantos millóns de euros por documentos oficiais do Concello, investimentos previstos que non contaban con financiamento, a semana pasada entreguei este documento ós medios de comunicación. Investimentos coma iste: execución dos emisarios de Alcabre-Rúa Coruña, case 6.000.000 €; melloras da ETAP do Casal, case 3.000.000, por certo, recibimos un avance da posibilidade de mellora da estación do Casal por parte da empresa concesionaria e isto xa aumentou a 4.000.000 €; melloras na ETAP de Valladares, 1.500.000 €; redacción dun plan de emerxencia e outros da presa de Zamáns; adecuación e optimización do abastecemento de auga dende manantiais, 500.000 €; mellora abastecemento Saians, Oia e outros; mellora abastecemento a Coruxo, Navia, San Miguel, praias, etc.; renovación de redes de abastecemento primeira fase Camelias, Areal, Aragón; renovación rede de saneamento Coia, Tomás Alonso, etc.

Estes eran investimentos pendentes de facer dende o mes de decembro que eran as que nos levaban poñer no acento precisamente en saneamento e abastecemento tamén para os barrios e parroquias como cuestión absolutamente prioritaria para esta cidade.

Pero tamén recibimos unha carta da Alcaldesa, que agora xa é pública na medida en que a tivemos todos os voceiros, ó conselleiro de Medio Ambiente onde por activa e por pasiva se salienta permanentemente que o tema do abastecemento e saneamento son cruciais para a cidade, onde fundamentalmente se pide ó Conselleiro que se axilicen os trámites administrativos que permitan someter a aprobación o plan director de abastecemento de auga, fálase tamén de saneamento aínda que non o vou mesturar para que non se diga que metemos a depuradora polo medio, e que en materia de abastecemento pasan necesariamente pola construción dun novo

encoro ou de ser o caso transvase dos ríos Verdugo ó Oitavén, adecuación das estacións de tratamento de auga potable ás disposicións contidas no Real decreto 140/2003, a construción dunha nova planta de tratamento toda vez que a ETAP do Casal está ó límite da súa capacidade e non é susceptible de ampliación, a construción de novos depósitos reguladores e conduccións e todas aquelas outras medidas que se consideren convenientes para unha axeitada prestación deste servizo básico á poboación.

Tamén tivemos coñecemento de xuntanzas que a petición da Alcaldesa se organizaron baixo a presidencia do Sr. Iglesias con voceiros dos outros grupos onde tamén se falou destes temas e onde, por exemplo, os nosos representantes, neste caso a Sra. Graña, presentaba a necesidade de que sexa renovada a fin de minimizar as pérdas do caudal dispoñible toda a rede ou unha parte importante da rede de abastecemento de augas nesta cidade, a inaprazable adaptación de estacións de tratamento, etc.

Todo ía nesa dirección de salientar que isto era absolutamente importante. Sin embargo o resolvemos con 50.000 euros para algo que está absolutamente claro. Os técnicos dixéronnos nas xuntanzas desta semana que hai unhas pérdas do 32% de auga que recibimos da presa de Eiras. Sabemos porqué e sábemolo ademais dende hai moito tempo porque o plan director de abastecemento de auga ven do 2003 e salientábase xa que un dos obxectivos fundamentais era a renovación de redes de distribución de fibrocemento por outras novas de fundación dúctil, etc., porque as pérdas son enormes, unha terceira parte da auga que recibimos.

Sabemos que esa é parte da solución, sen embargo a minimizamos, chegamos ridiculizala dicindo que como as tuberías van aterradas mellor non facelo porque iso non o ven os electores.

Tomamos tamén outra resolución: 100.000 € para redactar un proxecto de mellora da estación de tratamento do Casal e tivemos unha proposta de melloras da empresa concesionaria na ETAP do Casal por un importe de 4.000.000 € na que fala que facer este proxecto, que só na terceira fase da súa realización permitiría aumentar un pouco o caudal dos 1.500 l/s a tratar. Recibimos este proxecto cunha temporalización de case tres anos e medio, 41 meses, é dicir que non teríamos ningunha mellora en canto a tratar un maior caudal de 1.500 l/s, a maiores de que non teríamos as melloras esixidas pola salubridade do Real decreto do que falamos ata dentro de tres anos e medio se é que non se toman medidas serias.

Esas medidas só poden pasar por considerar que este é o principal problema, que é o que debe requirir un esforzo orzamentario específico e profundo por

parte desta Corporación, non só por parte do Goberno municipal, e por iso nós, que no anterior Pleno xa estabamos absolutamente convencidos de que o acordo estaba feito e que o PP e o BNG ían votar ese plan de barrios e parroquias que hoxe xa nin se nomea neste Pleno, porque entendemos que hoxe si sería unha irresponsabilidade pola nosa banda que non puxeramos a nosa emenda enriba da mesa. Cando todo está a dármonos a razón sería irresponsable pola nosa banda que non pediramos responsabilidades a todos os grupos desta Corporación e esa responsabilidade pasa fundamentalmente por apoiar os investimentos previstos en saneamento e abastecemento.

Nesa emenda, na que a maiores por suposto de poñer nunha primeira parte o que era un acordo unánime de todos os membros desta Corporación de incluír os compromisos derivados de acordos vixentes e ineludibles por importe de dez millóns de euros, ou os proxectos que correspondían a 2005 e a súa liquidación que é pouco máis de medio millón de euros, poñemos de novo o acento en obras de saneamento e abastecemento en todos os barrios e parroquias da cidade por un importe de oito millóns de euros precisamente para que os técnicos prioricen en función de onde hai os principais problemas que poidan ser atendidos en barrios e parroquias nestes dous puntos e por suposto unha aportación de dous millóns de euros para axilizar ó máximo a necesaria mellora da estación de tratamento do Casal á marxe de todas as outras cuestións que obviamente teñen que ser faladas con outras administracións dun xeito importante.

Se insisto nos 8 millóns de saneamento e abastecemento é porque precisamente nesa vía estamos a resolver parte do gravísimo problema das perdas do 32% que temos nesta cidade. Voulles resumir a primeira e a última folla doutro documento que tamén é de técnicos deste Concello, referido a abastecemento e saneamento e que é consecuencia precisamente da demanda presentada pola Federación de Asociacións de Veciños barrio por barrio.

A primeira folla refírese á zona de Val do Fragoso e lense cousas coma esta: Necesidades: Avenida de Castrelos-Pereiró, renovación integral de toda a rede de saneamento incluíndo o regato canalizado baixo o tanatorio. Coñécese só o proxecto dunha parte do arroio Pereiró cun orzamento de 617.000 euros. Eugenio Kraft: o abastecemento encóntrase instalado en fibrocemento sendo necesaria a súa renovación por un importe de 56.000 €. Entorno do estadio de Balaídos: renovar a rede de pluviais porque hai moito fibrocemento e a renovación é imprescindible, 100.000 € aproximadamente; Espedrigada, renovación da rede de abastecemento, valoración estimada de 118.000 €.



Pero se imos á última páxina atopámonos con San Miguel de Oia que curiosamente non está para nada representada no plan de barrios e parroquias presentado polo BNG no seu momento, e lese en San Miguel de Oia algo coma isto: problemas de abastecemento en zonas altas, refírese ó mesmo problema comentado en Camposancos, Gándara e Saians e parcialmente se resolvería co alí proposto que requiriría un investimento de máis de medio millón de euros pero a solución total requiriría un investimento de 2.717.000 € para abastecemento no verán en zonas cruciais da nosa cidade. Sobre isto enchémonos de ridiculizar a necesidade de abastecemento e saneamento de barrios e parroquias na nosa cidade en anteriores Plenos. Compañeiros da Corporación, entendo que sería unha absoluta irresponsabilidade pola nosa banda se non nos propoñemos de verdade, xa que estamos nunha modificación orzamentaria que pretende atender temas, como dixo o Sr. Soto no seu momento, dubidosamente encaixables na lei, eu dando logo o único que considero encaixable neste intre é atender a iso que é un problema crucial e urxente. Por iso propoñemos e pedimos a todos os grupos que apoien a emenda que presenta o Grupo municipal Socialista que veño de resumir porque cremos que sería unha irresponsabilidade non o facer.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe traemos unha modificación orzamentaria presentada para un deseño de investimento nos barrios e parroquias da nosa cidade e iso é o que imos tratar e tentar defender.

O Goberno presentou un plan de barrios e parroquias que no seu día foi consensuado, non tivo o apoio desta Corporación e polo tanto, como entendemos que non temos maioría suficiente para poder levalo a cabo, hai varias propostas alternativas: unha do Partido Socialista e máis do Partido Galeguista e outra do Bloque Nacionalista Galego. Ó non poder ser ratificada a nosa proposta, entendemos que das dúas opcións a do BNG é un mal menor e polo tanto o equipo de Goberno vaille dar a súa aprobación. Non podemos deixar pasar a oportunidade que se nos da, logo de diversas matizacións que se fixeron en torno a varios temas. Coido que o que hai que poñer enriba da mesa alomenos é dicir a verdade do que pasou neste proceso dende o ano 2003. Fálase única e exclusivamente dos últimos vinte días ou un mes pero coido que hai concelleiros que falan porque non asisten ás xuntanzas, nin eles nin os seus grupos e polo tanto non se enteran do que pasa na cidade. Ise é un problema de cada un dos grupo e vou dicir o por qué.

No ano 2003, gobernando o Sr. Pérez Castrillo apoiado polo Partido Socialista, presentouse á Corporación un plan director de abastecemento para Vigo e o seu contorno xeográfico, é dicir, a súa área metropolitana. Presentouse dese xeito porque Vigo non tiña a capacidade económica para poder financiar única e exclusivamente ese plan director nos próximos 25 ou 30 anos. Xa se entendía naquel intre que iste tiña que ser un proxecto metropolitano onde todos os Concellos e por suposto a Xunta de Galicia que ten competencia nestes temas, fixesen as aportacións debidas e os financiamentos correspondentes para poder levar a cabo un proxecto dunha contía tan importante.

Non veñamos dicir agora no ano 2006 que non nos enteráramos do que pasaba co abastecemento e o saneamento da cidade de Vigo pero me vou centrar no abastecemento.

Iso foi presentado en febreiro do 2003 a todos os grupos políticos; vostedes seguiron gobernando, gobernou o Partido Socialista e durante eses seis meses non só non moveu nada, é que non fixo absolutamente nada, non mandou nin unha carta a ningún lado, nin á Xunta, nin reuniu ós alcaldes, nin reunión da Mancomunidade, nin no Pleno da Corporación.

Cando chegou o Partido Popular retomou este tema, leo literalmente: "Estableceuse un ofrecemento en escrito dirixido ó subdirector de Xestión de Dominio Público Hidráulico de data 15.06.04 de elaborar e financiar na súa totalidade, baixo a dirección do dito organismo, a redacción dun estudo de viabilidade no que se analizara a posibilidade de emprazamento, volumen..., dun novo encoro". É dicir se lle remitíu o borrador do plan director que fora elaborado por Aqualia da Xunta de Galicia.

Non só isto, senón que o 14 de setembro de 2004 publicouse no BOE unha resolución do organismo autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, do 25 de agosto de 2004, polo que se anuncia a licitación polo sistema de concurso, con procedemento aberto, para a contratación da asistencia técnica para mellorar o abastecemento urbano dos grandes núcleos de poboación galegos.

Neses antecedentes viña: Vigo.- Abrangue principalmente Vigo, Cangas do Morrazo, Moaña, Nigrán abastecido dende os encoros de Eiras e Zamáns 21 e 2 hectómetros cúbicos, respectivamente. Área de Vigo.- Os licitadores para se presentar tiñan que presentar a seguinte documentación: plan director de abastecemento de auga no entorno xeográfico do Concello de Vigo, 2003. Estudo que a día de hoxe non sabemos onde está, nin se está feito, nin se

está concluído. Diso non se pronuncian o Sr. Conselleiro de Medio Ambiente nin o Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

Por qué nos están enganando? Por qué nos están mentindo cando a cidade de Vigo fixo os seus deberes? Estes son documentos oficiais.

O Consello de Vigo seguíu a facer os seus traballos porque había unha serie de Concellos da Área Metropolitana que nos solicitaban auga e Vigo, como así o din os informes, non ten ningún problema para o seu subministro e abastecemento de auga propio para os próximos 10/15 anos e así estase a demostrar. Por suposto hai que facer unha serie de melloras pero non ten absolutamente ningún problema.

O problema real radica en que eses Concellos da Área Metropolitana que necesitan auga teñen que a solicitar a Vigo. Nós dicimos que queremos ser solidarios con eses Concellos, queremos subministrarlle auga pero evidentemente o que queremos é que a Xunta de Galicia que é quen ten as competencias, faga as aportacións e o financiamento e sobre todo se pronuncie sobre ese plan director de abastecemento que a día de hoxe non coñecemos.

Ó que non estamos dispostos baixo ningún concepto e como representantes da cidade de Vigo é a que o Concello de Vigo teña que financiar e facer as aportacións correspondentes para que todos os demais Concellos se beneficien.

Aquí entronca este discurso cunha solicitude que estamos a facer permanentemente e non por capricho, é necesaria a constitución e aprobación da Lei da Área Metropolitana. Esta Lei non é un capricho deste Goberno nin dos Concellos que a conforman, é unha necesidade sobre todo para tratar temas como abastecemento, saneamento e transporte público.

Coido que ningún dos vinteseite corporativos que está aquí está disposto a que cos cartos de cada un dos vigueses se fagan melloras en redes de infraestruturas que beneficien a outros Concellos. Cun matiz: nós estamos dispostos a ser solidarios pero queremos unha solidariedade compartida onde cada quen aporte a parte que lle corresponde. Sobre todo dun xeito especial a Comunidade Autónoma porque é quen ten a competencia nestes temas.

O plan director de abastecementos non fala de 7 nin de 20 millóns de euros, ises son parches; este plan fala de 220 millóns de euros, preto de corenta mil millóns das antigas pesetas e como vostede comprenderá, se dende o ano 2003 temos un deseño e unha planificación, o que queremos é que dunha vez por todas a Xunta de Galicia dea o visto e prace a ese plan director para a

partir daí priorizar. Así é como se ten que traballar, priorizar os investimentos que ese plan director nos poida marcar.

Non é igual ter que construír un encoro que non ter que o facer; facer un transvase que non o facer; que Cangas e Moaña necesiten un colector para transvasar auga que non o necesiten; que Baiona teña resolto teña ou non resolto o seu problema da auga.

Coido que todos entendemos perfectamente esta cuestión polo tanto non veñan vostedes agora a aproveitar unha situación coxuntural dun tema para facer un discurso que non é real.

A maiores este Concello seguíu facendo os seus traballos. Dixemos que se temos unha concesión de 1.500 l/s do ano 62, imos solicitar ampliación ós 3.000 litros/segundo, fíxose a solicitude, concedéusenos e publicouse o 26 de abril de 2006 pero aínda que mañá puidésemos utilizar eses 3.000 l/s non habería capacidade, o encoro non sería suficiente para almacenar este caudal de auga.

O único de que estamos a falar é de que Vigo necesita dunha vez por todas que se lle dea o visto e praxe a ese plan director, a partir daí buscar o financiamento porque no ano 2007 necesitamos acudir á solicitude de fondos europeos para temas desta importancia. Como comprenderán vostedes un Concello como o de Vigo non se pode permitir baixo ningún concepto que das súas arcas municipais saian investimentos para estes proxectos na súa totalidade porque senón a cidade de Vigo se paralizaría, non tería cartos para o seu mantemento ordinario, para o seu gasto corrente, para os seus investimentos cotiáns, non tería capacidade.

Saben que dende o ano 90 este Concello está a facer un esforzo inversor importante en saneamento, facilitarémolles nas próximas horas os datos dende esa data. Evidentemente temos que contar con outras administracións, sobre todo coa Xunta de Galicia e nalgúns casos co Goberno Central. O que non podemos seguir é acudindo ó plan de investimentos de Aqualia porque vostedes saben que a concesión remata no ano 2015 e está esgotado a día de hoxe con dez anos de anticipación. Fíxose ben porque eran necesarios eses investimentos pero seguramente se tivésemos máis axuda non teríamos que acudir a ese tipo de investimentos.

Voulles dar un dato: Financiado no período 91-2006. Saneamento na cidade de Vigo: O Concello de Vigo aportou 135 millóns de euros, Fondos Europeos 39,5 millóns e pola Xunta de Galicia 89,7 millóns de euros. Danse de conta que a cidade de Vigo en 15 anos financiou 135 millóns de euros? Saben o que significa esta cifra? É unha auténtica barbaridade que só o Concello de

Vigo financie con fondos propios, nalgúns casos deses plans de investimentos, 135 millóns de euros.

Señores, cada un que faga o discurso que queira. Nós o único discurso que queremos facer é que esta cidade por suposto necesita melloras na rede de abastecemento e vai seguir solicitándoas para as conquistar pero coa solidariedade e co compromiso de que outras administracións fagan as súas aportacións. Este Concello non se pode permitir seguir facendo o ritmo de investimentos que fixo nos últimos quince anos en torno ós 135 millóns de euros porque senón sería totalmente imposible facer outro tipo de investimentos na nosa cidade, adicariámonos única e exclusivamente a abastecemento e saneamento.

Por suposto que son necesarias esas obras pero non do xeito que vostedes propoñen, é unha cuestión de conceptos, de filosofía, de cómo hai que tentar acadar financiamentos e aportacións públicas. Nós entendemos que o primeiro que hai que facer é ese plan director e que a Xunta de Galicia lle dea o visto e praxe; cando teñamos ese plan que sexa ratificado por esta Corporación; que se pase á Mancomunidade de Municipios aínda que lóxicamente xa deberíamos ter a Área Metropolitana e cando teñamos deseñado todo o conxunto na súa totalidade, tentar buscar os financiamentos e as aportacións públicas.

Todos vostedes saben que un dos obxectivos ten que ser que dentro desa orde de subvencións de fondos europeos que están preparando para o ano 2007, temos que ter preparado ese proxecto dun xeito claro e definido coas aportacións, coas priorizacións, etc.

Iso non quere dicir que o Concello de Vigo non poida ir preparando a súa documentación, por iso falabamos de tentar facer ese proxecto para a mellora das ETAPs e mesmo facer un estudo da rede de abastecemento para o ter enriba da mesa.

Tamen quería contestar a algún concelleiro. Nós non mentimos, podemos estar errados nos nosos formulamentos que coido que poden ser tan lícitos ou máis e máis defendibles que os que presentan vostedes ou alomenos igual. O que pasa é que ó mellor repito que hai algún concelleiro que non acude ás xuntanzas e entón evidentemente non podemos estar pasándolle toda a información.

O 23 de marzo fíxose unha Xunta de Voceiros onde se daba conta de todos estes temas: a auga que tiñan solicitado os concellos, informábase da entidade concesionaria Aqualia, de Augas de Galicia, da Comisión de Goberno da Mancomunidade, do escrito da Alcaldesa ó Conselleiro de Medio Ambiente,

etc. Ese día xa sabían todos vostedes o que estaba a pasar, que se pedira o incremento para a concesión para o caudal, que os concellos do noso entorno estaban solicitando auga, que Augas de Galicia estaba facendo unha asistencia técnica ou un estudo para o abastecemento do entorno, que as melloras das ETAPs eran necesarias, etc. Vostedes sábeno dende o día 23 de marzo. O acordo di: "Que pola Alcaldía-Presidencia se solicite unha entrevista co Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia co fin de obter unha resposta ó escrito de data 21 de febreiro de 2006 (do que tamén tiñan coñecemento) e moi especialmente para recabar a situación na que se atopa o plan director de abastecemento de auga ó entorno xeográfico do Concello de Vigo e en consoancia co mesmo se determinen as actuacións inversoras imprescindibles para garantir o abastecemento á poboación da nosa cidade e zona de influencia".

Polo tanto sabían que se solicitara auga, que había unha carta da Alcaldesa o 26 de febreiro e sabían que había un plan director de abastecemento que a Xunta de Galicia estaba levando a cabo.

"Segundo.- Dirixirse a todos os Concellos que solicitan cesión de caudal a fin de que acompañen á respectiva petición xustificación da predicción de demanda de consumo e certificación de disposición de infraestructuras de saneamento axeitada para conducción, tratamento e vertido das augas residuais.

Terceiro.- Requirir da empresa concesionaria do Servizo Aqualia, Fomento de Construccións Vigo UTE, a elaboración dun plan de investimentos no que se teñan en conta a substitución das redes de distribución interior de auga que ben por ter superado o seu período de vida útil ou coma consecuencia dunha defectuosa construción, deben ser renovadas a fin de minimizar as perdas de caudal dispoñible para a poboación.

O mencionado plan de investimentos deberá especificar as zonas de actuación, os prazos de execución das obras, a conseguinte reposición de viais e a fórmula financeira de recuperación.

Cuarto.- Con arranxo ó mesmo formulamento expresado no punto precedente, considérase inaprazable o pronunciamento da entidade concesionaria sobre a adaptación das actuais ETAPs, así como no seu caso a construción dunha nova planta que garanta a maior demanda rexistrada no noso municipio, consecuencia da construción e entrada en funcionamento da nova rede perimetral e a dos Concellos situados na zona de influencia de Vigo que desexan dispoñer de auga xa tratada".

Isto coñéceno todos os grupos políticos que acudiron ás xuntanzas, os que non evidentemente non o coñecen.

Sras. e Sres. corporativos e sobre todo os cidadáns que son os máis importantes, o fundamental é que logo do último Pleno se solicita un informe onde se fan unhas preguntas moi concretas como se a auga que están a consumir os cidadáns de Vigo cumpre con todas as garantías de potabilidade segundo a normativa vixente ó respecto. Respóntase claramente por parte dos técnicos municipais: "No relativo á auga que consumen os cidadáns de Vigo pódese asegurar que é potable xa que cumpre coa normativa esixida ó respecto. Tanto o Laboratorio Municipal como a concesionaria Aqualia fan as análises necesarias que garanten en todo momento a potabilidade da auga que se consume. Dos resultados das análises dase conta periodicamente á Autoridade sanitaria competente". Primera cuestión clarificada.

En segundo lugar, se o caudal de auga de 1.500 litros/segundo que actualmente abastece a Vigo dende o encoro de Eiras satisface as demandas dos cidadáns e qué previsións de futuro existen: "En resposta ó apartado 2 e tendo en conta os datos de aportación da auga dende os encoros de Eiras e Zamáns e os consumos de auga potable durante o ano 2005, ano considerado seco por parte do Concello de Vigo e os Concellos limítrofes, Vigo: 23.220.000 m<sup>3</sup>/ano; Redondela: 2.250.000 m<sup>3</sup>/ano; Cangas, Moaña, Nigrán, Baiona, Porriño, Soutomaior, Gondomar. Total 32.680.000 m<sup>3</sup>/ano. Aportación dos encoros 43.500.000 m<sup>3</sup>/ano.

Dedúcese que aínda existe unha diferenza considerable entre a cantidade de auga portada polos encoros de Zamáns e Eiras, principalmente este último, 43.500.000 m<sup>3</sup>/ano, e a cantidade que necesitan os cidadáns de Vigo, 23.220.000 m<sup>3</sup>/ano é polo que se considera que durante un longo período de tempo, alomenos dez anos, os cidadáns de Vigo non van ter problemas de subministros de auga coas infraestruturas existentes, tratando os 1.500 l/s xa que, aínda supoñendo unhas perdas dun 25%, quedaría unha capacidade para un incremento de poboación respecto da actual do 65%, isto tendo en conta soamente o consumo de Vigo.

No relativo a se é posible tratar coas infraestruturas actuais o caudal de auga de 3.000 l/s concedidos por Augas de Galicia en resolución de data 15 de febreiro de 2006 ou coma mínimo un caudal de 1.800 litros segundo, indicar que sería necesario construír unha nova estación de tratamento pero sempre condicionada á construción previa dun novo encoro ou captación adicional que garantise a utilización dos 3.000 l/s. En canto á

posibilidade de tratamento de 1.500 l/s coas infraestructuras existentes, indicar que segundo a empresa concesionaria sería necesario realizar modificacións na planta actual do Casal segundo se indica en memoria valorada por ista.

Cabe salientar que os datos relativos ó prazo de execución e importe recollido na memoria son orientativos e que probablemente varíen sensiblemente cando se proceda á redacción do proxecto correspondente."

Isto é a información real. Cada quen pode ter as súas prioridades nesta cidade; nós o que lles dicimos é que os traballos hai que os facer con rigor, seriedade e responsabilidade. É máis, non é unha cuestión que inicie este Goberno, iníciase en febreiro de 2003 e o fundamental é ter enriba da mesa ese plan director de abastecemento e non só ese plan, senón que tamén o estudo que a Xunta de Galicia o 14 de setembro de 2004 quitou a concurso que é fundamental para que cando teñamos ese plan director de abastecemento poidamos levalo a cabo, priorizar as obras, buscar o financiamento e ver que tipo de actuacións temos que facer.

Este non é un problema única e exclusivamente de Vigo como se quere facer ver porque a maior gravidade a teñen os veciños do Morrazo, eles si que necesitan inmediatamente ter algún colector a maiores para conducción de auga porque pode haber problemas en anos inmediatos no Morrazo e iso sábese a Xunta de Galicia o que pasa é que o que está a facer a Xunta é escapulirse porque saben que teñen este problema e se os primos de Vigo lles resollen o problema, a súa rede de infraestructuras, de abastecementos, ten o camiño andado.

Que cumpran cos seus traballos, coa súa responsabilidade que saben que a teñen porque coñecen ese plan director de abastecemento dende xuño de 2004 e se non o coñecen teñen a obriga do solicitar que o teñen en Augas de Galicia na Xunta. Claro que saben que pode haber problemas graves nos próximos anos para os Concellos limítrofes e o que tentan é trasladarlle á responsabilidade ó Concello de Vigo porque como ata o de agora sempre fixo os seus deberes e os seus investimentos, sega a facelo.

Iso non é de xustiza, nin cos propios corporativos, nin coa cidadanía que nos esixe que os nosos investimentos cos cartos dos seus impostos os invistamos do mellor xeito posible. Coido que non sería de recibo que o Concello de Vigo adapte toda a súa rede de abastecemento e subministro para que os demais Concellos poidan ter ese beneficio que nos parece ben, sempre e cando esa solidariedade sexa compartida.



Sr. Calviño pode priorizar vostede o abastecemento, por qué non prioriza tamén saneamento e a depuradora? Por qué non nos dí agora, aquí, que hai que investir trinta millóns de euros na depuradora da cidade de Vigo? Nós dicímoslle que o Concello de Vigo ten que buscar o financiamento noutras administracións para este tipo de investimento. Iso é un problema do concepto político, vostedes poden estar de acordo ou non pero nós pensamos que os cidadáns de Vigo tamén merecen a mellora da súa calidade de vida noutros termos.

É un problema de priorizar, nós entendemos que estes investimentos téñennos que facer dende outras administracións e acudindo a fondos europeos. Coma comprenderá coido que non sería de xustiza dicir ós cidadáns de Vigo que segamos investindo a un ritmo de 135.000.000 euros cada catorce ou quince anos porque esta cidade non o soportaría. Así temos as rúas levantadas, problemas de mantemento xeral en todas as beirarrúas de toda a cidade e coido que esta cidade tamén necesita outro tipo de investimentos.

Por suposto que estes tamén e dicimos claramente neste Pleno que nós imos traballar para que ese tipo de investimentos cheguen á cidade o antes posible pero imos esixir a outras administracións e por suposto acadar os fondos europeos necesarios, por iso estamos facendo traballos e temos todos os documentos en marcha, temos todas as medidas que hai que ter preparadas para que cando chegue a orde de petición de fondos europeos este Concello estea listo.

Esperamos e confiamos que así sexa, que outras administracións, neste caso á que lle corresponden as competencias que é a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e por suposto o Ministerio de Medio Ambiente, colaboren na petición desta documentación e no financiamento que Vigo necesita.

Iso é o que vai facer este Goberno nos próximos meses, seguir a traballar nesa dirección. Por isto xa anunciamos que imos votar a favor deste documento porque consideramos que os nosos barrios e parroquias necesitan investimentos e iso é o que ten que facer este Goberno e así o imos facer.

SR. SOTO FERREIRO: Paréceme que todos podemos montar cortinas de fume, podemos falar outra vez do "estado da nación viguesa", pero cada vez que hai un problema do que sexa falamos dunha morea de cousas pero non xustamente da que se trata porque parece que a algúns lles parece unha boa maneira de enmascarar o que estamos a debater. Pero non hai por qué non

falar diso porque senón podería parecer que un refuga as verdades dos demais nalgún sentido.

Sr. Figueroa, estou total e absolutamente de acordo en que hai que facer un estudo e un plan integral de abastecemento e saneamento. Tamén estou de acordo en que se ten que facer da man da Xunta de Galicia e tamén o estaría en que vostedes e máis a Xunta de Galicia non utilicen os temas de abastecemento e a depuración de Vigo para facer fogo cruzado porque no medio as balas pillan ó pobo de Vigo. Ogallá se senten e canto antes porque naturalmente que a Xunta ten moito que dicir e moito que aportar; tamén tería que haber algún tipo de decisión do Goberno do Estado cara os fondos europeos.

Non é menos certo dicir que levamos unha chea de anos con goberno de distinta cor en Galicia e que a cidade de Vigo ten sido preterida, deixada de lado ou cara atrás nestes e outros temas.

A segunda cortina de fume é o tema da Área Metropolitana que, por certo, dende que faláron dela na etapa do PP, é unha Área de cuarta división, pero ó mellor é mellor que nada porque pode enmascarar outro tipo de debates como que Vigo o que necesita é unha provincia no contexto socio-político no que estamos. Se queren administración por comarcas que é o que quere o Partido Galeguista encantados, pero non parece que iso sexa o horizonte político que debuxan nin o PP nin o PSOE, polo tanto dificilmente o contemplará o estatuto.

Área Metropolitana si, pero agora xa estamos dando auga a Cangas, etc. sen Área Metropolitana polo tanto do mesmo xeito que xa se está a facer, non impediría un tratamento consorciado, mancomunado, como queiran, sen que teñamos que entrar na Área Metropolitana o que non quere dicir que non sexa bo.

Podemos falar desas cousas e de moitas máis pero volvo recomendar que un dos bos xeitos de non facer nada nalgúns temas é levándoos de tal xeito que realmente sexa imposible. Se vostedes seguen a falar dun encoro, é unha chea de cartos tal que seguramente vai facer inviable en non sei cantos anos ese investimento e por riba vai contar cun impacto ambiental de tal calibre que os cidadáns de hoxendía vanse levantar con forcas e paus outra vez para impedir que se construa, polo tanto a ver se somos serios dunha vez e non somos cómplices con que non se faga nada porque o que se pretende é imposible.

Faremos un transvase coas augas do Verdugo de catro quilómetros e pico, nun tubo soterrado, cun investimento realmente modesto para o que son este tipo

de obras públicas para garantir de toda a Área Metropolitana para cen anos alomenos. Paren de falar do encoro que están a emporcar realmente este debate con obxectivos imposibles. Podemos falar de todo iso e de moito máis.

Sr. Toba, vostede di que a idea de reformar Casal e Valladares non conta a día de hoxe con proxectos feitos, nin boa parte dos temas que vostede presenta. Sra. Acaldesa, pido formalmente que cando remate o Pleno quero que me dean datos concretos de onde están os proxectos de todo o que presentan porque os quero ir ver. Tome nota e que conste en acta, para este debate e para outras posibles historias xa que escollen ese tipo de camiño no debate.

Podemos falar de todo o que queiran, de ampliación de acudais, do encoro, o Miño, o Verdugo..., pero hoxe nós facemos unha proposta moi concreta: primeiro cumprir a Lei que ademais atinxe á saúde pública no tema das augas que estamos a beber os cidadáns e cidadás de Vigo. Alarma a xusta e necesaria, as augas non están peor que antes, son as mesmas que tiñamos pero hai esixencias que piden unha calidade mellor e esas esixencias non se están a cumprir na proposición que vostedes fan. É unha directiva europea e un decreto do Ministerio español correspondente no seu día de obrigado cumprimento.

Quero facer un paréntese con respecto ó que propoñe o Grupo Socialista. Nós estamos totalmente de acordo co que propoñen; pareceume xa cando fixemos unha proposición conxunta que ese tipo de temas son moi prioritarios. Supoño que é un tema de opción e pensamento político; déixenme dicirlles que comparto ó cento por cento nese aspecto o seu pensamento, coido que hai que atender moito antes ese tipo de cousas que outras, que tamén son convenientes, mesmo algunhas delas necesarias pero que teñen que ir despois. Nada en contra da súa proposición.

Eu pregúntolles a todos vostedes en voz alta, sobre todo ós señores do Partido Popular porque eu entendo que o BNG faga a súa proposta e que as súas ideas sexan agresivas coas dos demais, que digan que non queren a proposta da Federación Veciñal, nin a do PSOE e máis o PG e que queren que gañe a súa, digo agresiva no sentido de dicir a miña si e a dos demais non. A posición do Partido Popular sinxelamente non me colle nos miolos e entón busco unha explicación que vou dar en voz alta aínda que non sei se é ou non. A nosa proposición comprende non só facer inmediatos proxectos para resolver os problemas das ETAPs de Casal e Valladares, senón que tamén recolle o plan presentado pola Federación de Asociacións de Veciños que

vostedes din defender, Sr. Figueroa, pero que na práctica non é certo porque se fora así voten a nosa proposta porque na do Bloque non está o que eu estou a dicir nin no que vostedes din defender. Está na nosa proposición pero vostedes nin falan dela.

A nosa proposta si que non é agresiva, é absolutamente conciliadora na forma e no fondo. No fondo porque suma todas as proposicións: non só ten o que veño de dicir e a proposta feita no seu día polo Grupo Socialista, senón que tamén o que está a dicir na súa proposición o BNG. Por qué non o votan vostedes? Ademais estamos a propoñer outra cousa, que se voten os orzamentos que é o único xeito legal do facer aínda que non o mellor é como é o único e vostedes non se atean á Lei, atéñanse tamén as consecuencias.

Xa dixen máis dunha vez que hai leis que non me gustan nada e outras regular pero as cumpro todos os días aínda que me custe e non teño máis remedio co facer coma demócrata. Por qué vostedes non presentan un orzamento? Sería lexítimo pensar que se non llo aproban, o que non deixa de ser unha suposición, que ó mellor lle poderían afechar que alguén non presente unha moción de confianza? Os orzamentos son tan importantes en si mesmos que conlevan cousas coma isas no ordenamento xurídico que temos.

Nin entendo o por qué formal-legalmente, nin entendo o fondo. Vostedes non votan a favor dunha proposición de poñermonos de acordo nos orzamento e votar xuntos todos os investimentos que estamos a propoñer todos. Explíquenllo vostedes ós cidadáns de Vigo pero aquí o único feito que hai é que cada vez que hai un problema político nesta cidade están xuntos o BNG e o PP. A min politicamente non me parece mal, tamén teño estado de acordo en moitas cousas co PP e penso estar máis no futuro se é que me dan oportunidade, se fan trapalladas coma ista dende logo que non. Co PP e cos demais grupos sen ningún problema pero non ás agachadas, por diante e dicindo o por qué, as desculpas tanxenciais a algúns non nos enganan.

Sra. Alcaldesa, nun Pleno pasado falou de que podía haber alarma social; a min a alarma social e mesmo o escándalo político prodúcenmo o feito de que o seu goberno, coñecedores de que hai que cumprir a Lei, unha Lei que afecta á mellor cualidade da saúde pública, miran para outro lado e votan outro tipo de investimentos antes de apostar polo que pode resolver problemas coma ese. Alá vostedes e a súa responsabilidade pero non nos veñan con trapalladas, digan por qué non votan o plan de parroquias, dixen que me parecía o mellor e cambio por estas circunstancias; dixerlles cando votei co Partido Socialista que votei honestamente porque me parecía o mellor naquel intre e porque non tiña un coñecemento cabal da lexislación

vixente, pero en canto alguén mo pon diante aí si que non lle volto a cara á situación e dígolles ós señores do Partido Socialista que eu que estaba ó cen por cen de acordo co que propuxemos e que politicamente voltaría propoñelo, hai co facer no camiño da Lei e é o único tema do porqué non.

Ainda así eu nunca votaría en contra da proposición do Partido Socialista porque no fondo estou cen por cen de acordo con ela. E para o deixar claro tampouco me parece mal a proposta do BNG pero estou máis de acordo coa do Partido Socialista.

Para rematar só facerlles un rogo ó Goberno municipal e á Xunta de Galicia: non xoguen á pelota con Vigo no medio en temas de abastecemento e saneamento, hai moitas cousas que debater, moitas diferencias políticas entre os dous partidos que están na Xunta de Galicia e o Partido Popular e entre o Partido Galeguista e o Partido Popular, canda quen ten as súas peculiaridades políticas e cousas reais e obxectivas nas que debater e non inventadas, como o están a facer como arma arrojadiza por uns e por outros no tema do saneamento e abastecemento de augas de Vigo.

Vostedes teñen unha proposta absolutamente legal e non só por temas inaprazables, etc., senón tamén porque non se produce como se producirá se votan legalmento o que vostedes están a propoñer desequilibrio financeiro, non se cumprirá a normativa no que atinxe á Lei de saneamento das Facendas locais e polo tanto por esas dúas razóns legais vostedes non deben votar esa proposta. Eu votei unha semellante cando non tiña coñecemento disto pero a partir daí fagan o que lles pareza oportuno que nós tamén o faremos, non estamos dispostos a consentir que se burle á Lei e por riba xogando coa saúde pública ou non axudando a que a Lei garanta que a saúde pública se cumpra do mellor xeito posible.

Avísolles que se persisten nesa actitude política nós recorreremos a todos os camiños que a Lei nos permite para poñer as cousas no seu lugar.

SR TOBA GIRÓN: Vou tentar retomar o fío mesmo que non pareza posible porque da a impresión que o debate vai por outro lado e inevitablemente terei que entrar nel aínda que parece que neste momento é un debate que non viría a conto pero é preciso.

Empezarei por lles dicir que como xa lles dixen nos Plenos anteriores o BNG tiña plena conciencia que este ano non ía haber orzamentos municipais porque se anunciaba, sexamos sensatos e atendamos ás nosas responsabilidades, houbo un orzamento no 2005 pero non no 2006. Por esa razón con toda lexitimidade e claridade eu mesmo me dirixín a vostedes dicíndolles que non

os ía haber, que nos puxeramos de acordo naquelo que era necesario realizar na cidade ó longo dos próximos meses porque está claro que hai cousas que cómpre facer como atender compromisos, obras que debemos executar como a da ponte do Pontillón.

Daquela dicíalles que non debe ser tan difícil poñerse de acordo porque eu non vou votar un orzamento do Partido Popular porque teño tantas diferencias con el que é imposible que o vote; díxenllo no 2004, díxenllo no debate do 2005, entendo que outros apoien os orzamentos do PP, ben co voto favorable ou coa abstención que ven sendo o mesmo, pero non nolo pidan a nós porque temos demasiadas diferencias de programa co PP.

Os catro grupos si podemos estar de acordo en que hai que pagar as facturas e hai que facer obras como a da ponte do Pontillón. O BNG o que mantivo foi unha posición realista atendendo ó noso compromiso coa cidade.

En segundo lugar nós examinamos con coidado a proposta que fixo o grupo do Goberno no seu día. Sinciramente descubrimos que era unha proposta **inabarcable**, inacabable e inexecutable. Todos podemos e queremos resolver os problemas da avenida de Castrelos en saneamento, en abastecemento, en beirarrúas, en humanización, en tratamento dunha avenida que por certo é unha das mellores deseñadas desta cidade.

Pero a avenida de Castrelos é un vial autonómico e o Partido Popular pode poñer na súa proposta 600.000 ou 900.000 ou cinco millóns de euros que sabemos que non vai ser executable se non media un convenio de colaboración entre a Dirección xeral de Infraestructuras da Consellería de Ordenación do Territorio e este Concello por máis que nos doa e aínda que os cidadáns de Vigo con toda a razón non o entendan, como non entendían os cidadáns de Coia ata o ano 2003 que todo o polígono de Coia fose de titularidade da Xunta de Galicia, pero iso xa está resolto.

Agora o Goberno municipal ten que resolver problemas: Ramón Nieto, Avenida de Castrelos, Avenida da Florida, Avenida de Galicia, todos son viais autonómicos e esa é a clave para poder actuar sobre eles, non poñendo partidas que son inexecutables. Fixemos máis, revisamos a totalidade dos proxectos e descubrimos que en moitos casos eran inexecutables. Voulles poñer exemplos concretos: o Camiño de Sanín era inexecutable, non había acordo cos propietarios, logo daquela se non se van ceder terreos neste momento, cómo se vai ampliar o camiño de Sanín que ten seis metros e medio, oito metros na zona máis ancha e no que non se pode meter unha beirarrúa? Haberá que facer esa xestión.

Sen embargo si se poden executar as beirarrúas de Cesáreo Vázquez en Oia porque resulta que hai acordos cos propietarios e hai proxectos para podelo facer. Tendo acordo e proxecto debemos priorizalo.

A nosa non é unha proposta emulando á do Partido Popular e as diferencias son evidentes; a nosa é unha proposta que pretende atender ó conxunto da cidade e ós moitos problemas que ten. Por exemplo as beirarrúas de Via Norte estamos todos de acordo en que hai que as arranxar. Probablemente non hai ningunha asociación de veciños que o reivindique pero nós somos conscentes de que é necesario nesa zona da cidade e debe ter prioridade sobre outros proxectos. Así sucesivamente.

A nosa é unha proposta para o conxunto da cidade, é prudente porque imos actuar sobre o remanente líquido de tesourería, é unha variable de floxo que nestes momentos apunta ben pero non é nin máis nin menos que iso e debemos ter capacidade de manobra por se máis adiante temos que actuar porque esta situación vai durar ata xuño de 2007 e non pode ocorrer que nos liemos todos a manta á cabeza e empecemos a campaña electoral agora, unha campaña demasiado longa. Se somos responsables non podemos someter á cidade de Vigo ás patadas que deriven dunha campaña electoral dende un ano antes.

Esta é a posición que adoptou o BNG con plena responsabilidade. Demos oportunidades: ó Goberno municipal en primeira instancia e ó primeiro grupo da oposición do facer e os dous grupos fallaron, non foron quen do facer, uns e outros. Nós propomemos unha iniciativa que non o é todo porque ten que ver coas prioridades que hai que resolver antes de xuño de 2007 nesta cidade pero permite conducir a situación da cidade e evitar que se paralice. Adoptamos un papel de responsabilidade no que sinceiramente ás veces non nos sentimos apoiados polo resto dos grupos da Corporación.

Evidentemente isto conleva situacións que son estranas: nós presentamos unha proposta con toda lexitimidade e o Partido Popular vai votar a favor. Non pasa nada, é a nosa proposta e recibe o apoio do PP, ogallá recibira o apoio do Partido Socialista e do Partido Galeguista que era a nosa pretensión na carta que lles diriximos o 16 de xaneiro. Vostedes saberán por qué pero nós cumprimos sobradamente.

Outros tomaron outras decisións, houbo quen apoiou os orzamentos do 2005 do Partido Popular e uns meses despois descubriu a situación dos barrios e parroquias; houbo quen apoiou o famoso convenio chamado Vigo 2005 que dicían que se ía financiar de non sei que maneira e agora hai que empezar pagar á Zona Franca 1.700.000 euros e o que virá; nós non o apoiamos. Houbo que coincidiu neses convenios co Partido Popular; nós non.

Ata houbo que coincidiu co Partido Popular en aprobar un novo convenio con Sogama apoiado nun estudo que nin siquiera estaba asinado. Vaian ver os resultados para o pobo de Vigo nos orzamentos municipais. Un estudo económico financeiro que non podía ter nome de tal e no que ademais introduciron vostedes como clave finalista do convenio os resultados de explotación de Sogama co cal, en canto Sogama teña a máis mínima perda non se preocupen que gracias á súa votación vai vir repercutida para o pobo de Vigo. Parabéns.

Claro que houbo acordos, nós tomamos as nosas posicións en función do que consideramos bo para Vigo. Aquel convenio con Sogama considerámolo **nefasto** e vaian ó orzamento e explíquenllo ós cidadáns de Vigo.

No convenio de Vigo 2005 anunciamos o que ía pasar e aquí está neste expediente: 1.700.000 euros. Esta tarde temos Comité Executivo de Zona Franca e imos dar finiquito a ese convenio que acada nove millóns menos 2,72 euros, estiven a estudar esta fin de semana. Nós non aplaudimos ese acordo nin o votamos; propoñemos aquilo que consideramos que é necesario e bo para o pobo de Vigo.

En canto ó tema da auga teño que dicir algo pero vou ser prudente e sería bo que subscribíramos unha certa prudencia porque logo se producen declaracións que sementan alarma, xustificadamente ou non, porque un se trabuca na emisión dunha idea ou na expresión da inmediatez dunha necesidade, son erros humanos, inevitables en moitas ocasións pero que hai que procurar evitar. Gustaríame ter todo o coidado pero ser preciso.

Vigo ten un avance de plan director de saneamento dende aproximadamente febreiro de 2003, redactouse durante o pasado mandato, dígollo eu que o encarguei. É un avance, nin siquiera é un plan director, entroutras cousas porque o Concello de Vigo non ten competencias para máis e teño que dicilo con toda claridade. Trátase dun proxecto de carácter intermunicipal, metropolitano e mesmo máis aló.

É un avance premonitorio e que traballa sobre hipóteses que se van case que a cen anos no que temos que empezar a traballar a pesar deses prazos, debemos empezar a traballar, pero é un avance.

É necesario un transvase ou un novo encoro? Particularmente e persoalmente estou a prol do transvase, esperarei a que o estuden os gabinetes técnicos que terán que resolver cal é a mellor solución para Vigo e para o sur de Galicia, particularmente para a nosa área metropolitana que debe ser capitana dese sur de Galicia.



É necesaria a nova estación de tratamento en Santa Mariña-Cabral que propón o avance do plan director? A miña opinión é que esa localización non é a axeitada porque vai contra a gravidade e non acadamos as cotas necesarias, está a dicirllo quen encargou a redacción dese avance. Agora ben, tamén lles digo que o Grupo municipal do BNG agardará ó seu momento, cando se estude adecuadamente, para se pronunciar. Neste intre anticipolles a miña posición.

Este é o momento de discutir cun auténtico plan director, non cun avance de plan, estes problemas e levalo á Mancomunidade de Concellos da Área de Vigo, futura Área Metropolitana, e por suposto á Xunta de Galicia.

Polo pronto é necesario atender ó inmediato e neste tema estamos a falar da inmediatez dos próximos vinte anos. Atendamos a esa inmediatez, por iso propoñemos a redacción deses dous proxectos porque neste momento non os temos e isa si que é unha responsabilidade do Goberno municipal porque deberían estar redactados. Tanto a remodelación da estación de tratamento do Casal como a redacción dese plan para conseguir evitar as perdas de auga que confeso que a primeira vez que falei deste tema foi co Sr. Núñez Torrón porque de casualidade coñezo as obras que se fixeron no canal de Isabel II e comenteino con el que estivo totalmente de acordo, tamén percibía esa necesidade.

Está enriba da mesa a redacción do programa que logo custará máis ou menos e que teremos que periodizar, Non digan que xa o sabemos, non sabemos se perdemos auga ou se nola defraudan, non sabemos nada porque se estamos a perder auga en sectores de tubería teremos que analizar e estudar por sectores de tubería. Se se trata dunha acción de fraude teremos que actuar convenientemente pero por outras vías. Non sabemos e temos que saber porque é a nosa responsabilidade e porque o medio ambiente se protexe con programas concretos.

O tema da depuración da para falar longo e tendido. Cita uns datos o Sr. Figueroa cos que teño que recoñecer que case coincido plenamente nos datos que teño derivados da miña propia documentación. En primeiro lugar os datos delatan, Sr. Figueroa, que o Goberno do Partido Popular que presidiu a Xunta durante os últimos moitos anos investiu moi pouco en saneamento en Vigo e foi este Concello quen fixo un esforzo que non emulou ningún Concello de toda Galicia, fomos os únicos. O esforzo da Xunta foi moi pequeno e practicamente estivo centrado na famosa depuradora do Lagares e por riba unha depuradora que se recibiu por un Goberno do Partido Popular cando algúns decíamos que non se debía recibir, Goberno do que vostede

formaba parte, Sr. Figueroa. Benvido á reclamación deses fondos da Xunta de Galicia.

Só agardo que non sexa coxuntural e que nalgún momento os grupos municipais de Vigo, todos conxuntamente, poidamos chegar a acordos sobre temas tan importantes coma este para asegurar ese financiamento externo das outras administracións.

Neste momento e a respecto do que estamos falando hai que redactar proxectos. Ten razón o Sr. Calviño en que hai un avance ou memoria valorada que fala de catro millóns de euros para o custo do tratamento da estación do Casal. Voulle dicir que en principio eu non creo neses números porque a concesionaria di que o custo de licitación de redacción do proxecto -que hai que redactar- vale case 150.000 euros e os técnicos municipais dinme que de 100.000 non pasa.

É máis, no ano 2000/1 licitamos as obras do que chamamos saneamento do rural; saíu a licitación en 2.300 millóns de pesetas e adxudicouse por debaixo de 1.400. Isto é porque os prezos da nosa concesionaria derivan dunha táboa de prezos aprobada no seu día pola Corporación que non teñen moito que ver cos prezos de mercado, entón un convoca un concurso en 2.300 e ó final o adxudica en 1.400 millóns de pesetas.

Eu non me creo que ó mellor saen eses catro millóns de euros, pois que saían e cando sexa así discutimos do financiamento, só espero que naquel momento os grupos municipais de Vigo aposten por requirir ás outras administracións a que cumpran con nós a débeda que teñen neste tipo de investimentos acumulada durante os últimos dezaseis anos polo Goberno do Partido Popular. Esa vai ser a posición do noso grupo municipal, xa lle anticipo que o BNG votará con quen estea nesa posición e ogallá que sexa un acordo unánime e esteamos todos pero senón coincidiremos con quen teñamos que coincidir polo ben de Vigo.

Por último teño que facer referencia a que por sorte no noso Concello hai un estamento funcional de calidade. Cando eu me reuno con determinados técnicos son conscente de que estou sendo ben informado, lealmente e eficientemente por persoas que teñen como obxectivo facer o mellor que saben o seu traballo. Isto para min foi a contrasinal sempre ó longo dos últimos anos e debera selo.

Precisamente desas xuntanzas resultou que descubrín que os técnicos encargados de todos eses asuntos nin siquiera coñecían a famosa sentenza das Comunidades Europeas a respecto dos problemas da ría de Vigo, falábase dela nos periódicos cunha lixeireza e unha superficialidade que sinceramente a

min me asombraba. Eu si coñezo esa sentenza dende hai bastante tempo, por certo, Sr. Figueroa, vostedes deben saber que xa está enviada ós técnicos municipais porque me quedei absolutamente asombrado de que o Goberno municipal non se preocupara de buscar ese documento sabendo que se está insultando á nosa cidade.

Fálase de cloacas cando esta cidade é a cidade de Galicia que fixo o esforzo maior ó longo dos últimos anos para resolver o problema do saneamento. Non sei que Coruña teña depuradora, nin Ferrol, non as teño visto e créanme que vou bastante por alí, pero se fala de Vigo. Fálase mal de Vigo con irresponsabilidade, se houbera un punto de sentido común e algo de responsabilidade debería haber máis diálogo entre as administracións e máis coidado por parte de todo o mundo, alomenos cando se fala da miña cidade.

Espero que en pouco tempo poidamos falar de todo por extenso, tamén da famosa sentenza das Comunidade Europeas que lles aconsello que se lean para saber de que está a falar a Comunidade Europea e para saber qué están a poñer en perigo, que non é outra cousa que a nosa produción de bivalvos, atendan ó problema económico de verdade que non é a multa, é a nosa produción de mexillón. E deixo unha pregunta no ar: para favorecer a quen?

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Respecto a última intervención só unha pequena cousa. Coido que xa estamos un pouco cansos de escoitar as leccións do BNG respecto da nosa posición nos orzamentos. Entendo moi ben que teña que disculpar con grande aparato verbal as moitas ocasións en que coinciden o BNG e o PP, por exemplo en cousas tan importantes como o modelo de cidade no Plan Xeral.

Sen embargo temos que escoitar que o BNG na súa vida pensaría en facer un orzamento conxunto co PP e por iso se negou sempre a debater siquiera a súa aportación a un orzamento do Goberno que temos. Coido que xa está ben.

Realmente e dende o primeiro intre, cando falamos do orzamento no que o Grupo municipal Socialista se abstivo, sabe perfectamente que lle presentamos unhas propostas nas que curiosamente se dicía algo así como que os orzamentos do ano 2005 deben contemplar partidas que cubran a finalización das obras de instalación de abastecemento e saneamento en todas as parroquias do termo municipal. Na negociación co Partido Popular no seu momento preocupababamos en cousas tan banais coma ista.

Lamentablemente non o conquerimos, o Partido Popular presentou os orzamentos que presentou e precisamente por iso nos abstivemos pero lle

demos unha grande oportunidade pensando sobre todo na cidade. Agora parece que todos están consagrados a masacrar, a vilipendiar a este Grupo municipal; por favor un pouco de responsabilidade.

Tivemos a responsabilidade coa cidade absténdonos nuns orzamentos entroutras cousas para que agora poidamos falar de que vostedes teñen un orzamento este ano aínda que prorrogado e para que poidamos voltar repetir que nese orzamento está a xestión cotián, a limpeza, o transporte, toda a xestión de todos os días na que o plan de acción veciñal de barrios e parroquias contempla as demandas fundamentais, o 80% recoñecido pola Federación de Asociacións de Veciños.

Podémolo dicir hoxe coa boca chea porque vostedes contan cun orzamento para facer esta xestión que non están a facer nos barrios e parroquias, que os teñen abandonados como xa se dixo repetidas veces aquí, entroutras cousas porque tivemos naquel intre a posición responsable que tivemos. Preferimos trabucármonos pero probar; probamos absténdonos nun orzamento porque tiñamos que dar unha marxe de confianza ó Goberno que por desgracia temos porque pasou o que pasou e tiñamos que pensar na cidade.

É obvio que dende entón pasaron moitas cousas, vimos a chacota, a falla de xestión do Partido Popular, unha xestión tremendamente mala, un incumprimento total de todos os acordos, incumprimento de todas as moción que se presentan no Pleno votadas todas por maioría absoluta e que o Goberno do PP tira no primeiro contedor de lixo que atopa porque non as leva á práctica de ningún xeito.

Obviamente quitamos unha lección: para esas trapalladas non conten connosco; pero primeiro probamos e dímoslles unha oportunidade. Non nos veñan con lérias, foi unha actitude responsable e precisamente esa actitude foi a que nos permite ser hoxe unha auténtica oposición, non coma outros que todos os días están a facer o contrario do que din e non quero referirme máis á última intervención porque me parece moi importante facelo á do Sr. Figueroa, voceiro do PP.

Logo de ver que teñen todos os deberes feitos non sei por qué cesaron ó concelleiro de Vías e Obras, non se entende. Lamentablemente coido que o Sr. Figueroa non escoita porque todos os papeis que nos leu, case da primeira liña á última, son papeis ós que eu fixen referencia na miña intervención, precisamente para redundar na razón que temos cando facemos a reclamación que estamos a poñer enriba da mesa.

Cado vostede fala de xuntanzas pensei que se refería ás que houbo e que por suposto estivo unha concelleira do Partido Socialista, a Sra. Graña; eu xa

lin parte das aportacións da Sra. Graña nesa xuntanza que van precisamente na dirección na que estamos abondando permanentemente: que soliciten cesión de caudal, que os concellos que o soliciten deben acreditar adecuadamente co debido rigor técnico as prediccións da demanda, que se substitúan as redes de distribución interior porque hai unha tremenda perda de auga, etc. O Sr. Fernández Fernández do BNG amosa a súa conformidade coas manifestacións da Sra. Graña e pon unha nova precisión de que é necesario que eses concellos teñan unha infraestrutura de saneamento eficiente, etc. Co que non houbo acordo foi precisamente co que vostede leu, ó mellor a Sra. Graña pode dicir algo ó respecto porque de todos os puntos que vostede leu a verdade é que se tratou pouco nesa xuntanza, precisamente por iso esa acta non se asinou naquel intre.

Tamén falou da carta da Alcaldesa ó Conselleiro de Medio Ambiente e mesmo leu un parágrafo que eu quixera salientar porque é enormemente curioso agora que estamos a dicir que todo é supramunicipal, que todos os cartos teñen que vir de fóra, etc., pero vostede leu que en xuño de 2004 en efecto se enviou o avance do plan director de abastecemento do que tanto falamos aquí, do que temos cumprida información e que precisamente redunda na dirección que estamos apuntando permanentemente e o parágrafo último que lin lle pedía á Consellería que no seu plan de abastecemento contemplara todas esas necesidades que saían dese avance do plan director de Vigo, como a construción dunha nova planta de tratamento, de novos depósitos, de conducións, etc. Parece que todo isto que lin o Sr. Figueroa non escoitou. Resulta que nun determinado intre nesta carta se fai un ofrecemento por parte da Alcaldesa, en escrito dirixido a un subdirector da Xunta de Galicia do 15.06.04 de elaborar e financiar na súa totalidade baixo a dirección do dito organismo a redacción dun estudo de viabilidade no que se analice a posibilidade de emprazamento, volume necesario de almacenamento, estudo de xeoloxía previa, tramitación ambiental, zonas de afección e demais elementos técnicos necesarios para definir a situación e capacidade do novo encoro.

Isto ofrécéselle dende o Concello de Vigo á Xunta, financiar este estudo supramunicipal onde os haxa, a grande diferenza é que o 15 de xuño de 2004 gobernaba un conselleiro do Partido Popular. Alí se poñían os cartos do Concello que fixeran falla e agora se está tratando de non cumprir o que é obriga deste Concello.

A resposta do subdirector de xestión é que Augas de Galicia xa ten contratado un estudo das infraestructuras previas para garantir o

subministro de auga os vindeiros anos ós grandes núcleos de poboación galegos estando incluída, por suposto, a cidade de Vigo e o seu contorno. É certo, isto foi en xuño de 2004; vostedes non tiveron resposta da anterior Xunta de Galicia dende xuño de 2004 respecto dese estudo de abastecemento. A actual Consellería dentro dun mes fará público ese estudo e cando queira estará a disposición o conselleiro para falar coa Alcaldesa dos resultados del e un mes terán coñecemento dese estudo que obviamente tratará de cumprir amplamente coas necesidades de Vigo, entroutras cousas está o que non se nomeou en ningún momento, unha nova estación de tratamento en Santa Mariña cun orzamento duns quince millóns de euros; tamén por suposto contribuir ás melloras das plantas de tratamento actuais. A verdade é que despois do concepto presentado polo Sr. Figueroa anteriormente, preguntárialle como aplicou o concepto de que agora todo o ten que pagar a Xunta de Galicia, nós nin cumprir cos deberes mínimos, se cando gobernaba o PP neste Concello e na Xunta de Galicia, por exemplo, coa Alcaldesa, co Sr. Figueroa, con don Manuel Pérez, Alcalde da cidade, onde estaba ese concepto cando se fixo unha depuradora para o Lagares onde non apareceu para nada o interese xeral, que por certo se solicitará cando estea o proxecto porque non se pode solicitar agora, e fíxose a chafallada que todos coñecemos.

Onde está ese concepto de que contribúan outras administracións logo de dezaseis anos de Xunta de Galicia do PP. É absurdo, quizais é mellor non insistir excesivamente nese xeito diferente de entender o concepto de cómo outras administracións teñen que aportar a Vigo e coido que a actual Xunta de Galicia está dando auténticas leccións de bo comportamento con esta cidade.

Eu falo dos nosos deberes, lembro mesmo de que Vigo teña que ser o pagador como se comentou antes, mesmo se lle pagou un estudo de carácter municipal á anterior Xunta de Galicia e esquecémonos de atender algo tan crucial como o 32% das pérdas que é obriga en primeiro lugar do noso Concello. No informe técnico que leu anteriormente non me quero parar no primeiro punto porque ninguén dixo aquí que a auga actual non estaba tratada, á marxe de que teña ese pequeno problema de turbidez do que xa falamos nalgunha ocasión. Ninguén dixo o contrario, outra cousa é que se queira votar tinta de calamar no asunto.

Si quero falar algo do segundo punto porque a aportación dos encoros segundo este informe técnico é de 40,5 millóns de m<sup>3</sup> ó ano multiplicado por mil. Aplíquenlles vostedes a perda do 32% e xa verán como estamos

practicamente no que é o consumo de Vigo e os concellos que están neste mesmo informe, é dicir, case no límite.

No terceiro punto a resposta é clara: En canto á posibilidade de tratamento de 2.800 l/s coas infraestructuras existentes segundo a empresa concesionaria sería necesario realizar modificacións da planta no Casal segundo se indica nunha memoria valorada por esta empresa que, por certo, esa posible ampliación a 1.800 l/s quedaría para dentro de tres anos e medio.

Todo contribue á idea que nós estamos a defender dende o primeiro momento: a prioridade absoluta é a que é. Nós si que lemos todos o que fai o Goberno municipal, as Xuntas locais, etc., sabemos perfectamente que esta prioridade é a máis urxente e na que temos que concentrar os nosos esforzos. Non paga a pena perder o tempo de facer chamadas a algo que xa puxemos nós enriba da mesa dende hai tempo a Consellería de Medio Ambiente está disposta a colaborar ata co que é propio do Concello de Vigo exclusivamente.

Comenteino xa na primeira modificación orzamentaria nesta Casa e todo o mundo falou marabillas do conselleiro de Medio Ambiente. Xa dixen que os oito millóns que poñiamos eran ampliables a outro tanto, alomenos por compromiso da Consellería, que obviamente tería que xestionar o Goberno municipal e a Alcaldesa, para afrontar esas necesidades e que a Consellería está disposta a conveniar co Concello de Vigo todo o que faga falla respecto a este grave problema, pero non teremos ningunha autoridade para solicitar ese convenio, esa aportación excepcional en depuración, abastecemento, en todo, que terá que facer a Consellería de Medio Ambiente nos próximos anos en Vigo se agora que é a nosa obriga miramos para outro lado e dicimos que iso de loitar contra o 32% das pérdas para quedar alomenos nun 10%, afrontámolo con decisión.

A decisión é hoxe, non mañá. Non teremos ningunha autoridade para pedir á Consellería nada se non empezamos por cumprir nós o que hoxe é a nosa obriga e esa obriga pasa por atender eses problemas dun xeito fundamental como propoñemos na emenda, todo o demais son lérias, con toda educación e con todo o cariño tamén.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Calviño, vostede lé unha parte da carta pero non lé o seguinte parágrafo: "A proposta formulada por esta administración municipal respoustouse nos termos seguintes: Augas de Galicia xa ten contratado un estudo das infraestructuras previas para garantir o

subministro de auga os vindeiros anos ós grandes núcleos de poboación galegos estando incluída por suposto a cidade de Vigo e o seu contorno”.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Líno en concreto, absolutamente de principio a fin.

SR. FIGUEROA VILA: Polo tanto o estudo está financiado pola Xunta de Galicia. Vostede di que dentro dun mes van ter o resume dese estudo e as conclusións, pero encargouse o 14 de setembro de 2004 gobernando o PP. Si se solicitou e fíxose por iso o que non temos é resposta coma Concello de Vigo pero encargouse o 14 de setembro de 2004. Nós non temos coñecemento dese estudo en absoluto.

Aquí cada quen ten que asumir as súas responsabilidades, do 91 ó 2006 o Partido Popular gobernou seis anos, o resto na súa maior parte vostedes e logo unha coalición. Non sei se as esixencias eran maiores ou menores pero o que nós temos claro é que imos tentar defender os intereses da nosa cidade por riba de todo.

Demostrouse porque no pazo de congresos rebaixamos a aportación desta administración en tres millóns e pico de euros dende que estamos nós, coa Xunta de Galicia da nosa cor política. Iso si, vostedes dende Madrid nos fixeron pagar catro millóns de euros polos terreos. Aquí se pagaron cun goberno do Partido Socialista seis millóns de euros a uns traballadores; non pasou nada, pagouse e é a súa responsabilidade.

Con respecto ós temas de abastecemento nós o único que dicimos é que o avance dese plan director do que agora mesmo sairán as conclusións, diranos cal é o deseño, as conclusións e as prioridades cara o futuro da nosa cidade diante dos próximos anos. A partir daí é cando temos que empezar traballar nese estudo todas as administracións xuntas.

O Concello de Vigo por suposto que terá que participar no financiamento, estamos disposto a facelo. O único que lle dicimos é que non estamos dispostos a ser os pagadores na súa totalidade desa infraestrutura. Alá cada quen co que fixo, é a vontade política deste Goberno neste momento e vai seguir mantendo nese tema e en todos os demais.

Todos están dicindo que isto ten un carácter supramunicipal, de área metropolitana, dicímolos todos, non só nós. Pois igual que fixeron para outra infraestrutura necesaria para esta cidade fagan o mesmo co abastecemento e saneamento. Cando o Morrazo teña problemas de auga e Vigo non teña capacidade para o seu subministro, imos ser nós os responsables



dende Vigo de non lle subministrar auga ós demais concellos? Xa adiantamos que non.

Queremos ser solidarios, estou convencido que ningún dos vinte e sete concelleiros pecharía o grifo da auga ós demais concellos pero iso non quere dicir que politicamente cada un faga os seus posicionamentos e nós dicimos que temos que ter unha previsión cara ó futuro destes temas. Iso compéttelle única e exclusivamente á Xunta de Galicia e Augas de Galicia porque son quen teñen a competencia dos proxectos supramunicipais. A ver se o entendemos, non hai ningunha outra xustificación para poder defender outra cuestión.

É que Vigo ten que ter a rede preparada para que os demais concellos teñan auga? Queremos ser solidarios, non queremos que Vigo se aparte desta cuestión, baixo ningún concepto.

Sr. Toba, algúns si coñecemos a sentenza e o único que estamos tentando é non buscar confrontación porque se está provocando a esta cidade dende algúns departamentos. Trasládouse á opinión pública que a ría de Vigo estaba contaminada, un secretario de relacións externas dixo que Vigo estaba situado nunha cloaca, seguramente esa persoa non é aquí, ó mellor é do norte e como vostede ben di nin na Coruña nin no Ferrol hai depuradoras. É que os bordos litorais desas zonas non teñen ningún problema de contaminación? Só o ten Vigo cando é a cidade que máis esforzo fixo en plans de investimento en canto a saneamento? Seguramente alí non interesa que estes temas saian a luz pública e aquí si. Xa falaremos desa sentenza cando chegue o seu momento porque se está disvirtuando a finalidade e seguramente é única e exclusivamente para un tema específico e estase tentando magnificar o problema e dicir que Vigo ten toda a súa ría contaminada.

É mentira e non só é que sexa mentira senón que o problema do saneamento da ría é que non só Vigo verte á ría, hai outros concellos coma Redondela, Cangas, Moaña, Nigrán, Baiona e estase centralizando todo en Vigo. Pois respostámoslle á Xunta de Galicia que este é un problema supramunicipal e teremos que o resolver entre todos. Busquen os datos nas hemerotecas e verán que o conselleiro viu aquí e dixo que se constituiría unha comisión de seguimento entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia para tratar o tema da depuración. A día de hoxe estamos a esperar.

Sra. Porteiro, vostede dixo publicamente que a depuradora de Vigo sería declarada de interese xeral polo Ministerio en cuestión de semanas. Díxoo hai seis ou sete meses, solicitouse, díxose dende a Consellería de Medio

Ambiente que esa depuradora ía ser declarada de interese xeral. A Sra. Ministra víu a Santiago de Compostela, confundiu os temas porque non estabamos falando de depuración senón de abastecemento, e dixo que non era competencia dela e que de momento non se ía declarar de interese xeral. O conselleiro de Medio Ambiente dixo que a responsabilidade era única e exclusivamente do Concello de Vigo.

Onde está ese compromiso do conselleiro de Medio Ambiente de constituir unha comisión para tratar os temas de depuración de Vigo? Xa dixen hoxe nun medio de comunicación e vouno repetir: hai unhas directrices claras de certos departamentos de que hai que tentar paralizar á cidade de Vigo porque senón non ten ningún sentido.

Coido que un conselleiro de Medio Ambiente se sabe que hai un problema grave que é da súa competencia nun entorno, nunha área metropolitana, o que ten que tentar é resolver ese problema, sentar, buscar solucións, buscar alternativas cos concelleiros, coa Alcaldesa, co Goberno e coa Corporación desta cidade.

Estou totalmente convencido de que isto vai producir un efecto boomerang; todos aqueles que nestes momentos están sangrando e facendo campaña dunha situación porque está claro que hai unha problemática, pero estanse desviando do que é a colaboración e buscan a confrontación, terán enriba da súa mesa o problema máis pronto do que todos nós pensamos.

É que Vigo logo de ter aportado 135 millóns de euros nos últimos quince anos é responsable de que o saneamento da ría non estea en condicións? Supoño que haberá algunha corresponsabilidade doutras administracións e se a hai os que dirixen os departamentos terán que tentar con outras administracións sentarse a buscar a solución dos problemas.

Esta Corporación será quen teña que tomar as decisións con respecto a eses temas e imos ver cal é o posicionamento dos grupos políticos cando teñamos que votar neste Pleno certas cuestións concretas e puntuais. O único que estamos tentando é buscar unha confrontación cunha zona de Vigo.

Sra. Porteiro e señores do Partido Socialista e membros da Corporación, temos unha experiencia moi negativa nesta cidade como é a empacadora; resulta que se montou o maior conflito social nesta cidade nos últimos vinte anos e agora case non sabemos nin onde está. Se fan unha enquisa ós 300.000 cidadáns e lles pregunta cal é a planta da empacadora non o saben. Houbo conflito, alarma, confrontación entre todos os partidos políticos, o movemento veciñal, entre a cidadanía.

Non queremos que iso se repita nesta cidade e non imos permitir baixo ningún concepto que ninguén de fóra, que parece que non defende os intereses desta cidade, queira que esta cidade busque unha confrontación social e imos demostrarlle a esas persoas e á Corporación que baixo ningún concepto imos poñer en loita a ningún dos vinte e sete membros desta Corporación porque temos unha experiencia moi negativa e o que non queremos para nós tampouco o queremos para os restantes membros da Corporación.

Teñamos moito coidado con estes temas porque ó final se voltan contra os que os provocan. Aquí non se dixo a verdade sobre a sentenza ós medios de comunicación, é certo, a única imaxe que se quixo trasladar foi que Vigo tiña un problema de contaminación en toda a súa ría e que quen xeraba esa contaminación era a cidade e os cidadáns de Vigo e que como non tiña alternativa para unha nova planta depuradora, ó final era responsabilidade do Concello de Vigo.

Iso é falso, chámase provocación, é unha provocación clara á cidadanía e á Corporación desta cidade. Todos os que estamos aquí seguramente teremos que tomar unhas decisións importantes para a nosa cidade nos próximos meses e imos ver cal é o posicionamento de cada quen. Ten que ser máis pronto do que esperamos e a partir daí seguramente eses que ó mellor agora estanse a frotar as mans, ó mellor teñen o problema enriba da súa mesa e teñen que o resolver porque supoño que a Xunta de Galicia considerará que o abastecemento e saneamento son problemas supramunicipais.

Coido que todos temos claro que a ría de Vigo non a conforma única e exclusivamente o Concello de Vigo. É de moi mal gusto escoitar nun medio de comunicación ás 7,20 da mañá que un señor, por moi representante que sexa da administración autonómica, diga que Vigo está situada nunha cloaca. A nós parécenos que Vigo merece máis respecto, sobre todo cando Vigo foi solidaria, fixo uns investimentos importantes e do diñeiro do erario público saíron investimentos importantes para o saneamento da ría de Vigo.

Se Vigo é unha cloaca, qué serán outras cidades que nin teñen depuración? Aí non molesta, hai paseos, benestar para os cidadáns e a depuración e os temas de saneamento nin se tratan, nin se mencionan nos medios de comunicación. Pois ben, que uns fagan un discurso nun lado e outro totalmente distinto noutro.

Remato co tema que deberíamos tratar porque nesta cidade parece que todos falamos de todos os asuntos xerais e non falamos do que realmente imos aprobar hoxe.

Coido que hoxe imos aprobar un plan de investimentos que seguramente nós non o votariamos senón que votariamos o noso porque consideramos que é máis amplo, polos conceptos ou obxectivos distintos que temos con respecto ós investimentos da cidade, pero aquí se contemplan cuestións importantes para todos os cidadáns.

Hai temas relacionados co pazo de congresos que o consideramos importante, hai unha mellora importante en urbanizacións e beirarrúas na nosa cidade, proxectos que estaban enquistados dende hai moito tempo como o do Pontillón, como a primeira fase do chalé Agarimo, rematar a remodelación do Vao que coidamos que tamén é unha cuestión importante, a musealización de Toralla, reformas dalgúns centros sociais e culturais e UBAS na nosa cidade, por suposto tamén o remate da Travesía de Vigo, un dos proxectos ambiciosos que tivo sempre esta cidade como pode ser a urbanización de Barreiro, por suposto tamén melloras en infraestructuras deportivas que moitos cativos e cativas da nosa cidade están desexando para mellorar a súa actividade e tamén temos que pensar neles.

Repetimos que consideramos que este é un mal menor, non sería o proxecto que nós aprobaríamos e levaríamos a cabo se tivéssemos maioría suficiente pero esta Corporación quere que teñamos que contar con outros grupos e por suposto que os outros grupos co noso voto para poder levar a cabo proxectos importantes. Sen lugar a dúbidas estes tamén son proxectos importantes para a nosa cidade, ó mellor priorizaríamos noutras cuestións.

Esperemos dunha vez por todas que os grandes problemas e nos grandes debates que temos que facer nos próximos meses de abastecemento, saneamento e depuración, busquemos os financiamentos correspondentes dentro doutras administracións e que primeiro teñamos dende este Concello as ideas claras do que queremos facer. Coido que dende este Goberno se traballou nesa dirección.

Tamén me gustaría salientar o esforzo dos demais gobernos desta cidade que coido que en temas de abastecemento, saneamento e depuración fixeron un traballo difícil, complexo, que hai que facer a longo prazo; non son proxectos nin a curto nin a medio prazo porque evidentemente sería totalmente imposible que estes plans directores para corenta ou cincuenta anos, con investimentos multimillonarios, fósemos quen dos acadar dende o propio Concello e dentro desa liña o Goberno vai seguir traballado e vai pedir a colaboración dos vinte e sete membros desta Corporación porque pensamos que temos que seguir traballando en buscar, concretar e sobre todo logo do que nos di o Sr. Calviño de que a Xunta de Galicia nun prazo curto

daranos esas conclusións, seguir traballando nesa liña de buscar fondos europeos, financiamento e que eses proxectos se poidan ir acadando para que o futuro da nosa cidade, da Área Metropolitana, que non é un capricho de ninguén senón que é unha necesidade que se está a demostrar con todos estes debates que se abren e nós non buscamos, pero son unha boa oportunidade para facer unha defensa clara dos intereses da nosa Área Metropolitana e de que se constitua canto antes, tentar a través do Parlamento e de todos os grupos políticos para que se concrete porque o abastecemento, saneamento e transporte público son imprescindibles para os catorce concellos que conformamos a nosa Área Metropolitana.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Non tiña pensado intervir neste Pleno pero vexo que o voceiro do Partido Popular non se sente quen de respostar a todas as cuestións que brillante e pormenorizadamente lle expuxo o noso compañeiro e voceiro neste tema, Sr. Calviño, e tenta **destraer** novamente a atención sobre unha cuestión que evidentemente está latexando en todo este debate porque qué dúbida hai que a cuestión da depuración ten moito que ver con todo o que estamos a falar. De entrada quero dicir que falo porque vostede non respostou ás cousas que lle dixo o Sr. Calviño.

En segundo lugar porque vostede dixo cousas que non son certas e que coido que hai que clarexar. Este conselleiro, don Manuel Vázquez, é o primeiro que no prazo máis curto de tempo que se pode imaxinar asume a responsabilidade de que Vigo ten que contar cunha nova depuradora, faino como unha das liñas mestras da súa xestión ós tres meses de chegar ó cargo eponse en contacto efectivamente co Goberno central.

Atendendo a unha moción aprobada por unanimidade de todos os membros da Corporación, non por vostede que non estaba presente no momento desa votación, de novembro de 2004, presentada por este Grupo Socialista, na que dicíamos que vostedes fixeran un convenio co Goberno da Xunta que por certo era do Partido Popular, que se dirixisen ó Goberno Central e á Confederación Hidrográfica do norte para poñer terreos a disposición...

A PRESIDENCIA: Sra. Porteiro, dase de conta que iso non resposta ás alusións? Está a utilizar o tempo do seu grupo.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Todo o tempo me falou da depuradora, desculpe, Sra. Porro, pero eu non pensaba intervir. É o seu voceiro quen me da ocasión de

contar todas estas cousas, recrimínelle a el que faga alusións que non están no tema, polo tanto vou rematar a miña intervención.

Digo que en novembro de 2004 aprobamos por unanimidade de todos os membros poñer a disposición do Goberno da Xunta de Galicia terreos para unha nova depuradora e que se fixese un convenio coa Xunta de Galicia que non se fixo xa nese momento e que o podían ter feito, e que a continuación se pedise a declaración de interese xeral.

Quero desbotar absolutamente a idea de que vostedes pretenden instalar na opinión pública de que non se vai declarar de interese xeral porque saben perfectamente e se non é así pregúntenllo persoalmente á ministra que terá moito gusto no dicir, que primeiro hai que ter redactado un proxecto, é unha cuestión sinxelamente de procedemento, non de vontade política. Se non o saben é que non o queren saber.

Cidadáns de Vigo, a depuradora de Vigo se se manda un proxecto redactado e uns terreos para a situar, poderase declarar de interese xeral e poderanse pedir cartos que teñan un proxecto, é de sentido común. Un Goberno non pode dicir que quere ter unha depuradora, que a quere de interese xeral e que quere ter cartos. Hai que facer un proxecto, ter unhas terreos, saber a dimensión que vai ter a planta, haberá que cuantificar a dimensión da obra dos investimentos, haberá que dicir dónde para saber qué tipo de instalación. Vou poñer un exemplo e por favor que non se tome literalmente, non será igual poñer unha depuradora no Alto de Puxeiros, co que significaría levar ata o mar todo o tratamento das augas, que poñela a pé de mar. Evidentemente a situación é fundamental para poder facer o proxecto.

Non vou falar agora porque non é o motivo desta intervención se teñen vostedes que poñer os terreos ou non, todos sabemos que os teñen que poñer ou facer unha proposta. Como digo hai un acordo plenario, de novembro de 2004, gobernando o Partido Popular, presentada por este grupo político que é absolutamente coherente nesta cuestión. Poucas veces se poderá facer un relato histórico máis coherente e máis concreto en ningunha materia de actuación municipal que nesta.

Eu agradeceinlle moito a vostede e publicamente cando eu era concelleira de Medio Ambiente que sendo voceiro do grupo maioritario da oposición dixera que no tema da depuradora ía apoiar ó Goberno e como lle lembro iso, chamo polo tanto á súa bonhomía, Sr. Figueroa, para que vostede tamén lembre o que fixemos os demais e non engane ou non se confunda ó utilizar os datos.

Tamén lle quero dicir que a cuestión da sanción europea, este conselleiro e o seu equipo estiveron en Bruxelas a semana pasada tentando parar unha sanción que nos vai vir a todos e que efectivamente nos di que o 99% de toda a auga sen depurar que vai á ría de Vigo a produce loxicamente a maior aglomeración urbán e cidadá da ría de Vigo, non é nin por guapos nin por feos, é porque somos máis poboación.

Se somos máis, temos mas actividade industrial e botamos máis auga sen depurar á ría, é normal, non é unha cuestión política de que aquí goberno o PP ou o PG, polo tanto esa situación non imos podela esquivar dicindo que é unha confabulación política. O que acadou o Sr. conselleiro foi comprometerse ante Bruxelas en que antes do 2010 Vigo tería unha nova depuradora e presentaría o proxecto en canto tivese unha posibilidade de situación para deter unha sanción de vinte millóns de euros que nos ben por depurar mal as augas a todos, non lle vou dicir que sexa vostede o culpable, que ó mellor podería pararme a facer outro tipo de reflexións, pero nunha cuestión tan importante lle pido rigor e que non se faga a vítima porque vostedes choran estupendamente, parecen choromicas.

A vostede non lle vai iso, eu lembro unhas declaracións da nosa Alcaldesa dicindo "Que arranxen a depuradora dunha puñetera vez". Por favor, un pouco de rigor e de seriedade, así non se vai arranxar. Vaise arranxar porque hai vontade política do facer pero dende logo que non confundindo á opinión pública.

En Bruxelas, compromiso para o 2010, hai uns días en Vigo dixo que ía adiantar o prazo de construción. Non se pode pedir máis, colaboren vostedes, por favor, cumpran os acordos plenarios, xa sabemos que é un "marrón" que ninguén quere resolver, para qué nos imos enganar? A quen lle apetece dicir onde hai que poñer unha nova depuradora en Vigo? Sexamos serios, evidentemente tócalles a vostedes porque están no Goberno pero non poden eludir esa responsabilidade.

Como non a elude Baiona que ven de dicir onde ten que haber unha nova depuradora. Asuman que lles toca a vostede iso, ademais de poñer xeranos que están moi bonitos, non se pode decorar unha casa se non están as tuberías ben instaladas, se a instalación de electricidade está mal feita, se está mal feito o saneamento dunha casa non se pode decorar, hai que arranxar o fundamental senón algún día esas plantas tan bonitas cheirarán mal e perdoen o apaixoamento

O único que lles pedimos coa nosa emenda é que, por favor, poñan o acento no verdadeiramente imporante, seguramente será unha medalla para vostedes,

non para nós que estamos na oposición, senón para quen goberna, pero é a medalla da verdade, do futuro, é pola que non se terán que avergoñar o día de mañá cando alguén lea unha acta dun Pleno e pregunte quen foron aqueles que saben do que hai un problema tan grave de saneamento e abastecemento para unha cidade tan importante prefiren facer outras cousas menores e non investir no fundamental.

Pois eses serán vostedes e quen lles acompañen porque este grupo, absolutamente coherente nesta cuestión dende o principio, dilles que por aí non van ben e danlles unha saída. Non facemos máis sangue da cuestión da crise de Goberno, sinxelamente pedimos unha explicación normal, non queremos agredir a ninguén, porque democraticamente temos dereito a iso. E contéstasenos como se nos contesta.

Polo tanto, por favor, aínda están a tempo, medalla para vostedes non para Vigo, cumbran co fundamental e logo decoramos unha casa que, por certo, está bonita no que se ve pero en canto se levanten as alfombras o cheiro vai ser insoportable e non só para Coruxo.

SR. SOTO FERREIRO: Por alusións. Sr. Figueroa, veño de saber por xestos que o concelleiro do que falaba vostede que non se enteraba parece ser que era eu porque non estiven nesa reunión, polo tanto vostede aludindo a min. Se non era así diga a quen, non tire a pedra e agache a man. Para ser claro, díxomo por sinais a Sra. Graña porque llo preguntei por sinais, se era por min que non estiven nesa reunión, voulle dar dúas respostas.

En primeiro lugar que o seu xogo é sucio e barateiro, non se fai iso a custa da honorabilidade dos demais. Vostede e máis eu podemos discrepar politicamente no que queira, pero qué poñe en dúbida ante a opinión viguesa? Que non traballamos sucientemente no Grupo Galeguista? Que nos imos a reunións en xeral? Ou que en cantos anos non fumos a unha reunión? Acote vostede se quere dicir algo e entón poderá dicilo cun mínimo de rigor. Se non acúsoo de xogo sucio, de distracción pura e dura para non ser quen de enfrontar ó que lle dixeran.

Voulle dar outro dato: a esa reunión á que efectivamente non puideron asistir pedinlle explicacións do que tiña ocorrido ó concelleiro responsable ó día seguinte polo tanto mentiu vostede ó dicir que eu non estaba enterado. Acúsoo de mentir publicamente porque é absolutamente incerto o que dixos.

Tan enterado que veño de dicir o que dixeran. Pregúntolle a vostede se estaba enterado do que debateron na Xunta de Goberno e que deixaron fóra as transformacións das ETAP de Casal e Valladares. Estaban enterados? Porque



eu sen ir a esa reunión si que me enterei do que hai que facer e do que é a legalidade, polo tanto eu estou a denunciarlle a vostedes actuacións políticas, non se me ocorrería entrar en cándo ven vostede, cándo non ven, a qué reunións vai vostede ou a qué veciños atende vostede que ó mellor podería.

SR. FIGUEROA VILA: Vostede fixo unhas acusacións con respecto a certos temas políticos de que non estabamos enterados, que non tiñamos coñecemento ou que non se dera información. O único que fixen coa maior elegancia posible, foi respostar a unha acta dunha Xunta de Voceiros onde vostede en concreto e o seu grupo non estaba presente. Vostede fai unhas acusacións públicas como fixo e que están gravadas, porque aquí parece que todos queremos rectificar de cousas que dixemos. Vostede xa as dixos, estamos vinteseite membros da Corporación, están as cintas gravadas.

Fixo unhas acusacións concretas sobre temas que se trataron nesa reunión e o único que resposteí foi dicirlle que non se estaba a dicir a verdade porque eses temas se trataran nesa reunión. Foi o único que dixen, se vostede se molesta é o seu problema pero a verdade é isa única e exclusivamente.

Con respecto a dous temas que se dixeron aquí, nós non imos entrar en canto que teñan que declarar de interese xeral ou non á depuradora. No único que imos entrar é nunha cuestión clarísima: se hai un 1.200.000 euros consignados nos orzamentos do Goberno central de 2006 para facer un estudo da depuración de Vigo, o único que queremos saber é para que son \$seses cartos. Vostede acaba do dicir, supoño que a cidade de Vigo terá que saber que condicións vai necesitar esa planta depuradora, qué metros cadrados. Nós non temos capacidade técnica para o poder dicir.

O Concello de Vigo, nin o Goberno, nin os técnicos municipais non teñen capacidade para poder dicir a situación dunha nova planta porque se requiren unha serie de condicións de todo tipo e as terá que marcar ese estudo.

En segundo lugar xa dixemos e xa se fixo público que hai un estudo da Xunta de Galicia que fala das necesidades futuras da depuración no Concello de Vigo; está contratado, está encargado por uns técnicos, é un estudo que o teñen na Consellería. O único que ten que dicir a Consellería publicamente é se este estudo non lles vale pero está feito e a maiores hai 200 millóns das antigas pesetas para facer un novo estudo da depuración de Vigo.

Cando nos concreten qué características, qué necesidades, qué metros cadrados e nos digan que este estudo non vale, evidentemente que esta Corporación e este Goberno terá que tomar a decisión e tomarémola pero queremos un pronunciamento claro.

Primeiro, a Consellería ten que dicir se este estudo lle vale ou non porque foron eles quen o encargaron; a Alcaldesa xa lles pediu unha reunión non sei cantas veces e queremos sentármonos co conselleiro a falar.

Segundo, eses 200 millóns das antigas pesetas gustaríanos saber para qué son. Para facer un estudo que diga que Vigo necesita unha nova depuradora? Xa lle dicimos que si. Supoño que ese estudo será para saber cuestións puramente técnicas; capacidade, situación, número de metros cadrados, características da planta, se ten que ir aterrada ou non, etc.

Aquí temos varias alternativa neste estudo, eles elixiron unha, o que queremos que nos diga o Sr. Conselleiro de Medio Ambiente é se nos vale este estudo, para qué son os 200 millóns de pesetas e logo falaremos e xa anuncio ós vinteseite membros e á cidadanía que este Goberno terá a responsabilidade de tomar unha decisión.

Pero tamén lles dicimos que nós para tomar unha decisión temos que ter estudos técnicos e para iso hai que os encargar. O Concello non os encargou porque confiou na boa fé doutra administración coa que colaborou en encargar ese estudo primeiro a Xunta de Galicia e segundo o Goberno Central. Todos supoñemos que ese estudo non sairá da inspiración dun concelleiro.

Nós non temos capacidade técnica nin estamos inspirados para facer un estudo para a cidade de Vigo da depuración. Repito que hai dous, un en marcha e outro rematado. O Sr. Conselleiro sería quen de nos dicir se vale ou non? Pois que o faga publicamente.

Imos facer unha pregunta concreta fóra da orde do día para que os vinteseite membros lle dean o visto e praxe e que se lle remita ó Sr. Conselleiro: que nos diga se o estudo é válido ou non.

Non sei o que queren do Concello de Vigo se o Concello colabora con outras administracións. É como se mañá a Xunta de Galicia nos di que vai facer o cuarto hospital e logo hai un cambio de goberno e dinos que é mellor que o Concello tome a decisión. Se hai un estudo feito haberá que o respostar.

Supoño que estes técnicos serían independentes, quero pensar que a empresa é independente e que o fixo con criterios puramente técnicos, non orientados politicamente. Ninguén destes vinteseite membros da Corporación

lle gustaría dar un nome onde instalar a depuradora de Vigo, vostede acaba do dicir. Iso é o que lle pedimos.

Sra. Porteiro, sen ánimo de buscar ningunha confrontación, gustaríanos que a Ministra de Medio Ambiente ou o Goberno central nos digan para qué é ese 1.200.000 euros. Se nós lle temos que dicir cales son as características da depuradora, supoño que o estudo será para recoller datos porque os datos os ten todos Aqualia. Pasámosllos a Aqualia, teñen unha reunión con Aqualia, Aqualia llo pasa e coido que non faría falla ese estudo de 1.200.000 euros, que os deixan para outra cousa máis positiva.

O que pasa é que aquí xa entra o debate político que nós recollemos, sabemos que somos representantes políticos e imos recoller esa luba pero primeiro nos gustaría que nos respostasen a todas estas preguntas que lles veño de facer.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Por alusións. Sra. Porteiro vostede falou de que se minte e na súa intervención non deixou de mentir. A primeira moción que se presentou relativa á depuradora presentámola nós coido que no mes de xullo; vostede presentou a súa moción exactamente igual e naquel Pleno dixó, se non me falla a memoria, que copiara a resolución, só que puxera vostede un apartado dicindo que o Goberno local dera os pasos precisos para unha redacción e sinatura de convenio suscrito no Concello de Vigo coa Xunta de Galicia. Na nosa moción poñíamos que se fixeran os estudos técnicos.

A PRESIDENCIA: Sra. Porteiro, o concelleiro síntese aludido e polo tanto está respostando como tivo vostede a portunidade de falar de temas que tiñan que ver coas alusións.

SRA. PORTEIRO GARCIA: A alusión é á persoa, eu en ningún caso citei ó Sr. Alonso Vázquez.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Sra. Porteiro, a moción para a depuradora presentámola nós en xullo e vostede en novembro e admitiu que a copiara. Acaba de dicir que a apoiaron os vinteseite membros o que é mentira, só estábamos vintetrés no Pleno e o Sr. Soto e máis eu levantámonos no momento da votación porque eu preguntara se era posible que se votara a mesma cousa dúas veces. Non diga que a nova depuradora se fai pola súa moción, aprobouse unanimemente coa nosa moción, non coa de vostedes. Mire as actas.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Logo desta definición tan estrana do que é unha alusión, porque eu non aludín nunca ó Sr. Alonso, paréceme absolutamente fóra de lugar que nun turno de alusións isto se faga así pero en todo caso é vostede quen dirixe o Pleno.

Sr. Figueroa fágolle unha proposta, unha pregunta ó final do Pleno non vai aportar nada sobre este debate, entroutras cousas porque sempre que facemos preguntas no Pleno a resposta é que se nos respostará por escrito, polo tanto eu propoño que se faga unha moción de urxencia que dende logo ó noso grupo estaría dispostísimo a apoiar, para que se dirixa o Goberno local á Ministra de Medio Ambiente e remita unha explicación todo polo miúdo que sexa preciso a este Goberno de cales son os argumentos, cal é o índice dese estudo que se vai facer sobre o saneamento na ría de Vigo e que se dirixan vostedes tamén por escrito, dende logo co apoio do noso grupo, ó conselleiro de Medio Ambiente para que explique en qué termos está formulada a sanción da Unión Europea e qué plans ten a súa Consellería para intervir na construción dunha nova depuradora para a cidade de Vigo e sigue adiando algunha información.

O ministerio vai estudar a situación non só do Concello de Vigo porque hai máis concellos na ría de Vigo e vostede ben o sabe, iso non quere dicir que a situación da depuradora de Vigo teña que ir noutro concello, se iso é o que vostedes están querendo insinuar, senón que é normal que se se fai un estudo de saneamento da ría de Vigo, se faga da ría de Vigo.

Evidentemente quen máis contamina pola súa densidade é a nosa cidade polo impacto de poboación e de actividade industrial. Non saber iso é non querer saber as cousas.

Insisto en que estamos dispostos a apoiar esa moción se se presenta por urxencia, se se aproba e se se tramita. Tamén lle digo que para iso non necesitan vostedes unha aprobación plenaria, senón que sinxelamente teñen que ter iniciativa política e, por certo, teñen vostedes deputados e deputadas no Parlamento Español que poden facer perfectamente ese tipo de preguntas que lle adianto xa publicamente que eu tamén lle farei á Sra. Ministra de Medio Ambiente no nome da cidade de Vigo.

Ofrézolle unha vez máis, e esta é a número non sei cantas, a nosa man tendida para resolver este problema e volvo pedirlle responsabilidade coa cidade de Vigo para que na modificación de crédito invistan os cartos no que terían que investir.

SR. FIGUEROA VILA: O que ven de propoñer coido que temos aquí vintetantos escritos solicitando informacións con respecto a abastecemento e a saneamento, tanto ó Conselleiro como á Sra. Ministra.

Sra. Porteiro, o máis positivo de toda esta intervención logo de case tres horas é que alomenos se acaba de dicir xa, hoxe nun Pleno da Corporación, que o que pretende o Ministerio é facer un estudo integral do saneamento de toda a ría de Vigo. É o que nos dixeron a nós, non nos enganaron entón. Se alguén vai facer ese estudo de saneamento integral supoño que ese estudo nos dará todas as conclusións de situacións, características, condicións, etc., foi o que nos dixo a Confederación Hidrográfica, que non se pode tratar o saneamento da ría de Vigo dende un punto de vista único e exclusivo da cidade, hai que o facer no seu conxunto.

A famosa carta onde a Sra. Ministra di que se fará un estudo integral de saneamento dende Vigo ata Baiona é o que nós sempre estivemos solicitando.

Xa anuncio que no Pleno de xuño haberá un punto específico para falar da depuración da cidade de Vigo porque nós imos traer as conclusións de todos os estudos que se fixeron nos últimos anos e queremos tratar este tema dun xeito específico.

O ofrecemento que me fai vostede está aquí, en todas estas cartas e escritos e esperemos que nos poidan responder dunha vez, dun xeito definitivo e concretando cal é a situación a día de hoxe con respecto a todos estes temas.

(No momento das votacións está ausente o Sr. Barros Punte)

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, SR. SOTO FERREIRO: Con dezasete votos en contra dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, sete abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e dous votos a favor dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase rexeitar a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG co texto que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VICE-VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Con dezasete votos en contra dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, e sete votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido, acórdase rexeitar a emenda formulada polo vice-voceiro do Grupo municipal Socialista co texto que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación Orzamentaria número 51/06, relativa ó gasto que se relaciona no Decreto de incoación, por un importe de 18.145.480,61 euros

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

9.- (103).-NOMEAMENTO RÚAS, VIAIS E PRAZAS:

- a) Rúa dos Agricultores, rúa do Miradoiro, rúa das Moreiras e rúa das Lilas.

INTERVENCIÓN DA SRA. MARTÍNS VILANOVA: Con relación ó informe que aparece no expediente, o vial que está en cor verde di o informe que a Asociación

Veciñal propón a denominación de "Rúa dos Muiños" e que no caso de figurar xa este topónimo na denominación doutra vía da cidade, que se pode optar por outro dos propostos como son "O Miradoiro" ou "O Manancial". Ó parecer óptase por "O Miradoiro", pero non entendemos por qué xa que segundo os datos que temos non existe esa denominación de "Rúa dos Muiños" noutro vial, polo que entendemos que esa debería ser a denominación que se lle dera.

SRA. IGLESIAS BUENO: Ó parecer si existe xa no rueiro e esa é a proposta do técnico municipal.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Se realmente existe, que apareza ese informe no expediente porque nós non temos por qué sabelo, que se diga no expediente se existe e onde. Non nos parece serio que non figure e que agora nos digan que si existe.

A PRESIDENCIA: Se non está incorporado o informe do técnico municipal, retiramos esa rúa e traerémola á proxima sesión incorporando o informe correspondente para que non haxa dúbidas.

*O expediente retírase da orde do día.*

b) Camiño Couso de Abaixo

ANTECEDENTES.- Segundo informa a xefa de Estatística con data 20 de marzo de 2006:

"A Asociación veciñal de Cabral, con data 26 de xaneiro do ano que andamos, presenta no Rexistro deste Aconcello proposta para asinar nome ó vial situado nesa parroquia que comeza na rúa Castañal e remata na rúa Sorrego.

Con data 1 de marzo esta xefatura solicita informe a Patrimonio Histórico sobre a toponimia da zona sinalada. O informe é favorable á proposta veciñal polo que parece axeitado o nome de "Couso de Abaixo."

Polo exposto a xefa de Estatística formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de maio, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Punte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ó vial da parroquia de Cabral, que comeza na rúa Castañal e remata na rúa Sorrego, como "Camiño do Couso de Abaixo".

c) Rúa da Mariña Mansa

ANTECEDENTES.- Segundo informa a xefa de Estatística con data 20 de marzo de 2006:

"Con data 1 de marzo do ano que andamos, solicítaselle ó departamento de Normalización Lingüística informe sobre topónimos para nomear o vial situado entre a rúa Tui e o Camiño Figueirido.

Dos topónimos propostos, o único que non existe xa no rueiro municipal é o de Mariña Mansa."

Polo exposto a xefa de Estatística formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de maio, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Punte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear como rúa da Mariña Mansa ó vial situado entre a rúa Tui e o Camiño de Figueirido.

d) Praza da Tellada.

ANTECEDENTES.- Segundo informa a xefa de Estatística con data 20 de marzo de 2006:



"De acordo coa necesidade de nomear a praza pública obtida polo desenvolvemento da unidade de planeamento Florida-B PERI II-12, que está situada entre a avenida de Castelado, a rúa Doutor Darío Durán Gómez e a rúa Angel Llano, ós efectos de indicar ós residentes cal é o seu enderezo definitivo, con data 1 de marzo solicítase informe por esta xefatura ó departamento de Normalización Lingüística.

O devandito departamento informa de varios topónimos: praza dos Pozos, praza da Tellada e praza da Cancela. Como xa existe a rúa Cancela e a rúa Pozos neste ámbito, ..."

A seguir a xefa de Estatística formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de maio, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Puente).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear como "Praza da Tellada" á praza obtida polo desenvolvemento da unidade de planeamento Florida B PERI II-12, situada entre a avenida de Castelao, rúa Doutor Darío Durán Gómez e rúa Angel Llanos.

10.- (104).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS DAS AXUDAS DE REHABILITACIÓN ARI CASCO VELLO E ARI BOUZAS E APROBACIÓN DO SEU TEXTO REFUNDIDO. EXPTE. 285/431

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión, Sr. Cominges Cáceres, coa conformidade do Xerente Municipal de Urbanismo:

"1.- Nos días 24/02/2003 e 28/06/2004 o Pleno municipal acordou aprobar, respectivamente, a "Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo" e a "Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integrada de Bouzas". Ambas ordenanzas publicáronse nos respectivos BOPs núms. 132, do 10/07/2003 e. 142, do 27/06/2004.

2.- No 28/04/2006 a Alcaldesa-Presidenta resolveu: "Ordear á Oficina de Rehabilitación a incoación de expediente administrativo para a tramitación da modificación da ordenanza municipal que regule as axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas ARIs de Bouzas e Casco Vello de Vigo".

No 11/05/2006 a Directora da Oficina Municipal de Rehabilitación formulou proposta de aprobación da modificación das devanditas ordenanzas e achegou un Texto Refundido resultante da modificación proposta.

As modificacións reseñadas na proposta son as seguintes:

1. "O obxecto da ordenanza como desenvolvemento de todos os convenios asinados entre o IGVS e o Concello do Plan vivenda 2005-2008.
2. Para facilitar a xestión das axudas e impedir retrasos na execución dos orzamentos asinados nos Plans de Vivenda e axilizar e dinamizar a actividade rehabilitadora, se establecen as axudas con carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta. (art. 3)
3. A Ordenanza é aplicábel tanto para o Casco vello de Vigo como para o Barrio histórico de Bouzas, coas salvedades que especifiquen os seus correspondentes Pepri, cara a facilitar a xestión e unificar criterios.
4. Reestructuración no seu articulado para facilitar o seu entendemento respecto dos tipos de actuacións, as contías económicas, o procedemento, a documentación necesaria e as causas de denegación ou perda das axudas. (Toda a ordenanza, especial o art. 10)
5. Actualízanse as cantidades de axuda segundo o novo Plan de vivenda 2005-2008, de aplicación ás fases 7ª e posteriores do Casco Vello de Vigo e 2ª e seguintes do Barrio Histórico de Bouzas
6. A aprobación inicial e definitiva dos expedientes de axuda polo Concello de Vigo, farase polo órgano competente previa proposta da Comisión Avaliadora. Esta comisión estará formada polo Xerente que a presidirá, o Interventor, o Secretario, o director dos Servizos Centrais, todos eles da Xerencia de Urbanismo e o Director da Oficina de Rehabilitación que fará de relator da Comisión, os titulares poderán delegar noutra persoa a condición de membros da Comisión. (arts.16, 19,24)
7. Cambio das cuantías de axudas en función do réxime de ocupación (alugueiro de renda actual ou renda antiga, uso propio). (Art. 10).
8. Inclusión da actualización do módulo de rehabilitación ao ano 2006, e a posibilidade da súa actualización segundo acorde a Comisión de avaliación (Disposición adicional primeira)".

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

As subvencións outorgadas polas Administracións públicas, como son as reguladas na referida ordenanza, réxense polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polas bases de execución dos orzamentos do Concello e demais normativa de pertinente aplicación.

O procedemento para a aprobación da modificación proposta régulase no art. 49 Lei 7/1985, do 4 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL). Aprobarase inicialmente polo Pleno municipal, exporase ao público por un prazo mínimo de 30 días e aprobarase definitivamente polo Pleno mediante o correspondente Acordo no que se resolvan as reclamacións e suxerencias

presentados en prazo. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, o acordo de aprobación inicial terá efectos de aprobación definitiva. Posteriormente deberá publicarse o articulado da ordenanza no BOP de Pontevedra (art. 70.2 LBRL).

Deberá emitir informe a oficina de intervención municipal, consonte co disposto nos arts. 213 e ss. RDLex. 2/2004, do 5 de marzo.

O proxecto de modificación da ordenanza deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local antes que polo Pleno (art. 127.1.a LBRL)..."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 25 de maio, propón ó Pleno da Corporación, previo informe da Intervención municipal e aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno, a aprobación da devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de maio de 2006, prestou a súa aprobación ó proxecto de modificación da presente ordenanza.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Punte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da "Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo" e da "Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integrada de Bouzas" aprobadas respectivamente por acordos plenarios municipais do 24/02/2003 e 28/06/2004, proposta pola Oficina Municipal de Rehabilitación, así como o Texto Refundido de ordenanza resultante de ditas modificacións, denominado: "Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integrada no casco vello de Vigo e Bouzas" (expte. 285-431), co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Abrir un trámite de información pública, polo prazo de trinta días, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para presentación de reclamacións ou suxerencias.

Terceiro.- Se durante dito período de información pública non se presenta ningunha suxerencia nin reclamación, este acordo entenderase de aprobación definitiva da modificacións das ordenanzas e do seu Texto Refundido.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRADA DO CASCO VELLO DE VIGO E BOUZAS.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- En desenvolvemento dos convenios asinados entre o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS) e o Concello de Vigo, regúlanse nesta ordenanza os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas no Casco Vello de Vigo e no Barrio Histórico de Bouzas.

II.- Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral do barrio histórico, tanto na súa dimensión física como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen complementar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións da Oficina Municipal de Rehabilitación de Vivenda do Concello de Vigo.

III.- Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da Área de Rehabilitación Integrada (ARI) do Casco Vello e Bouzas e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As prioridades para seleccionar as solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de minusvalías e a atención aos supostos de insolvencia económica. En todo caso, para garantir unha xusta distribución dos fondos dispoñíbeis, as administracións públicas implicadas estudarán de forma coordinada e conxunta cada solicitude individual de rehabilitación.

IV.- Por outra banda, para garantir a efectiva revitalización dos usos residenciais e contribuír á súa diversificación funcional, a ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.

VI.- Na redacción desta ordenanza tívose en conta o disposto na vixente L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración Local e, en tanto que norma reguladora das bases de concesión das subvencións, nela concrétanse os extremos indicados no seu artigo 17.3.

### CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

1.- Esta ordenanza regula o desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación Integrada (ARI) do Casco Vello de Vigo e Bouzas, dentro do marco establecido polo Rd 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e D 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se estableceron axudas públicas en materia de vivenda na comunidade autónoma de Galiza.

2.- Ademais, esta ordenanza será de aplicación ao desenvolvemento dos sucesivos convenios que se subscriban entre o IGVS e o Concello de Vigo no marco de futuros plans de vivenda e solo.

#### Artigo 2.- Principios xerais

A xestión das subvencións reguladas nesta ordenanza realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexerese polas seguintes normas:

- 1.- Pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e normas concordantes.
- 2.- Pola presentes normas.
- 3.- Pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos aspectos non previstos nas anteriores normas.
- 4.- Polas bases de execución dos orzamentos do Concello.

#### Artigo 3.- Carácter das axudas

As axudas previstas nestas Normas terán o carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta.

#### Artigo 4.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial desta ordenanza é o da Area de Rehabilitación Integrada (ARI) do Casco Vello de Vigo, declarada polo conselleiro da CPTOPV o 29.09.97 e coincidente coa delimitación do PERI Casco Vello; e o da ARI de Bouzas de Vigo, declarada polo conselleiro da CPTOPV o 22.04.03 e coincidente coa delimitación do vixente PEPRI Bouzas. Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación, logo de se aprobaren polo procedemento establecido para o efecto.

#### Artigo 5.- Tipos de actuación

As disposicións desta ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

a) Rehabilitación de edificios. Actuacións de conservación, restauración, rehabilitación, remodelación, reestruturación, baleirados parciais e derrubamentos parciais en edificios con uso residencial que comporten o acaemento estrutural e funcional dos devanditos edificios. Dentro deste tipo de actuacións distinguíranse as seguintes:

- 1.- Actuacións que supoñen o baleirado interior da edificación.
- 2.- Actuacións que non supoñen baleirado interior.

b) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalación de cociña ou doutros servizos de carácter xeral.

c) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:

- A instalación de ascensores.
- As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
- A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
- O acaemento de accesos e circulación para uso de minusválidos.

Artigo 6.- Características das axudas económicas

1.- As axudas económicas abeiradas aos convenios citados no artigo 1 desta ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 4.

2.- As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (Oficina de Rehabilitación).

3.- Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación ou aqueles derrubamentos que supoñan máis do 40% do volume da edificación existente.

5.- A anterior orde de prioridades aplicarase de xeito tal que se poidan realizar actuacións en todos os niveis

## **CAPÍTULO SEGUNDO. FINALIDADE DAS AXUDAS**

Artigo 7.- Conformidade co planeamento.

1.- Os inmóbeis e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicábel en cada momento ou ben acadar a súa conformidade unha vez rematadas as obras obxecto das axudas.

2.- Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento vixente, para adaptarllos ao dito planeamento. Nestes supostos, reducirase nun 25% a contía das axudas que lles fosen de aplicación segundo a ordenanza.

Artigo 8.- Condicións dos inmóbeis.

1.- Os edificios deberán contar como mínimo con 2/3 da súa superficie útil destinada a uso de vivenda, despois de realizadas as actuacións de rehabilitación. Exclúense do cómputo as superficies por baixo da rasante e a planta baixa das edificacións.

2.- Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

3.- As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións de cociña ou doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.

4.- Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ao inmóbel por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

5.- Os inmóbeis deberán ter unha antigüidade maior de 15 anos, agás cando se trate de adaptacións para uso de persoas minusválidas ou cando as obras sexan necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicábel.

#### Artigo 9.- Beneficiarios.

1.- Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente.

2.- Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos seis meses desde que finalizasen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado até un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

3.- Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre eles. Será entón de aplicación o disposto sobre a ocupación no apartado 2 deste mesmo artigo, ben se trate de vivendas ben de locais de negocio.

4.- Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de elementos comúns dos edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre estes.

### **CAPÍTULO TERCEIRO. PROGRAMAS DE ACTUACIÓN**

#### Artigo 10.- Contías das axudas.

1.- A contía máxima das subvencións determinarase en función dos ingresos familiares ponderados (IFP) dos solicitantes cando estes teñan constituída

a súa residencia habitual e permanente nas vivendas a rehabilitar ou estas se rehabiliten con tal fin, aplicando os seguintes tipos de subvención:

IFP  $\leq$  21.000 euros. Tipo de subvención: 50%.

IFP  $\leq$  33.000 euros. Tipo de subvención: 40%.

IFP  $>$  33.000 euros. Tipo de subvención: 30%.

Por ingresos familiares considerarase a contía da parte xeral e especial da base impoñíbel reguladas nos artigos 38 e 39 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente á declaración (ou declaracións) presentada por cada un dos membros da unidade familiar relativa ao período impositivo inmediatamente anterior (con prazo de presentación vencido) ao momento da solicitude das axudas. A devandita contía multiplicarase por un coeficiente en función do número de membros da unidade familiar. O valor do coeficiente fixase na disposición adicional segunda desta ordenanza.

2.- Cando se trate de elementos comúns de edificios, o tipo de subvención será a porcentaxe do orzamento protexíbel que resulte de aplicar a seguinte fórmula:

Tipo de subvención =  $30 \times K_e$ ; Sendo:

$K_e$  = coeficiente ponderador en función dos niveis de protección establecidos polo PEPRI.

3.- Cando os solicitantes non teñan a condición de usuarios das vivendas a rehabilitar, a subvención será do 30%.

4.- Cando os solicitantes sexan propietarios de vivendas a rehabilitar que estean arrendadas con contratos anteriores ao 9 de maio de 1985, a subvención será do 35%.

5.- Os niveis de ingresos familiares ponderados contidos no apartado 1 revisaranse no mes de xaneiro de cada ano, aplicando a variación porcentual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo no período de 12 meses inmediatamente anteriores.

6.- En calquera caso a contía máxima da subvención non poderá exceder de 12.000 € por vivenda.

7.- En actuacións nos elementos comúns a subvención máxima non poderá exceder de 7.000 € por vivenda ou local subvencionado.

Artigo 11.- Programa complementario de actuacións.

1.- Estabelécese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou no acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñíbeis e á acreditación da situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.



2.- Será condición *sine qua non* para acollerse a este programa que se recoñeza a necesidade de acaemento á habitabilidade por parte dos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

3.- As axudas irán dirixidas exclusivamente á instalación, adecuación de cociñas e/ou baños, eliminación de humidades, adecuación de pezas habitábeis ou instalacións especiais para o uso de persoas afectadas por minusvalías.

4.- O orzamento protexíbel da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

5.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acometer as obras necesarias.

6.- Requisitos:

- Xustificante de ingresos de cada unha das persoas que conviven permanentemente na vivenda.
- Fotocopia da última declaración do IRPF, declaración de patrimonio ou certificado negativo de Facenda.
- Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro do Concello de Vigo.
- Calquera outro documento que poida solicitarse para os efectos de cualificar a actuación como extraordinaria.

7.- Contía das axudas:

As axudas previstas para a rehabilitación centraranse nos seguintes puntos:

- a) Estabelécese unha subvención a fondo perdido do 80% do orzamento protexíbel das obras de rehabilitación que se realicen. Esta subvención pode chegar ao 100%, sempre que exista partida orzamentaria para isto e estea avaliado segundo os criterios anteriormente estabelecidos.
- b) Poderase resolver o outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

Artigo 12.- Orzamento protexíbel.

1.- Por orzamento protexíbel entenderase o presuposto xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O devandito orzamento será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

2.- Revisión de prezos:

- Orzamento presentado será revisado segundo a Base de prezos da Xunta de Galicia.
- Excluíranse mobiliario, elementos decorativos, carpintarías de aluminio e forxados de formigón; agás informe favorábel da Oficina de Rehabilitación.

3.- Contía mínima do orzamento protexíbel por vivenda.

Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contén cun orzamento protexíbel superior a 2.000 euros por vivenda.

4.- Contía mínima do orzamento protexíbel por edificio e comúns.

Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas en que o orzamento protexíbel exceda 2.000 euros por edificio e 500 euros por vivenda.

5.- Contía máxima de orzamento protexíbel.

a) Rehabilitación de vivendas en edificios colectivos.

Contía máxima do orzamento protexíbel por vivenda.

1.- O orzamento protexíbel non poderá exceder da contía máxima que resulte de aplicar a seguinte fórmula:

$Omv = Mur \times Sv$ ; Sendo:

Omv: orzamento máximo protexíbel por vivenda.

Mur: módulo unitario de rehabilitación.

Sv: superficie útil da vivenda.

Para estes efectos non computará a superficie de vivenda que exceda dos 120 metros cadrados útiles.

Cando a actuación supoña a modificación da superficie útil destinada a vivendas ou ao número destas, o orzamento protexíbel calcularase tendo en conta a superficie e o número de vivendas que resulte despois de realizadas as obras de rehabilitación consonte o seu proxecto.

b) Rehabilitación de elementos comúns de edificios.

Contía máxima de orzamento protexíbel por edificio.

1.- O orzamento protexíbel en ningún caso poderá exceder da contía máxima que resulte de aplicar a seguinte fórmula:

$Ome = Mur \times Se \times (Np+2) \times 0,2$ ; Sendo:

Ome: orzamento máximo protexíbel por edificio.

Mur: módulo unitario de rehabilitación.

Se: superficie ocupada en planta polo edificio.

Np: número de andares do edificio, comprendidas na súa integridade entre as liñas de cornixa e rasante definidas polo PEPRI.

2.- Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexíbel da devandita actuación.

c) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmóbel que alberga exclusivamente unha vivenda familiar con omisión de calquera outro tipo de uso, agás despacho profesional ou pequeno taller integrado nela.

Contía máxima do orzamento protexíbel.

Para a determinación da contía máxima do orzamento protexíbel estarase ao disposto no artigo 12, excepto na fórmula de cálculo que será:

$Omu = Mur \times Sv \times Ke$ ; Sendo:

Omu: o orzamento máximo protexíbel para vivenda unifamiliar.

Mur: módulo unitario de rehabilitación.

Sv: superficie útil da vivenda.

Ke: coeficiente ponderador en función dos niveis de protección estabelecidos polo PEPRI.

d) Rehabilitación de elementos especiais e de interese arquitectónico.

Axudas especiais.

Dentro das actuacións previstas nos apartados anteriores pódense solicitar axudas para a rehabilitación, restauración ou reposición de elementos especiais e de interese arquitectónico tales como: galerías e miradoiros de madeira, ferraxes e traballos de forxa singulares, cristaleiras e chumbados, traballos especiais da pedra, motivos decorativos relevantes e en xeral elementos de singular interese arquitectónico.

As axudas especiais poderán acadar un máximo do 50% do custo da intervención no elemento de que se trate. A súa concesión implicará a minoración do orzamento protexíbel para os efectos das restantes axudas, polo importe do custo da intervención no elemento.

#### **CAPÍTULO CUARTO. REQUISITOS XERAIS**

Artigo 13.- Requisitos xerais.

Para os efectos de obter as axudas previstas na ordenanza será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1º As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar.
- 2º A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.
- 3º As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

Artigo 14.- Límites xerais das axudas.

As axudas económicas previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel prevexa e as que estean estabelecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

Artigo 15.- Compatibilidade das axudas

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 100% do orzamento protexíbel.

#### **CAPÍTULO QUINTO. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN**

Artigo 16.- Normas xerais.

1.- A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación da correspondente convocatoria que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei xeral de subvencións.

2.- A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

3.- As propostas serán realizadas por unha Comisión Avaliadora que estará integrada polo xerente, que a presidirá, o interventor, o secretario, o director dos Servizos Centrais, todos eles da Xerencia de Urbanismo, e o director da Oficina de Rehabilitación, que actuará como relator da Comisión. Os titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da Comisión.

4.- A resolución dos expedientes corresponderá ao órgano que teña a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora.

5.- O prazo para acordar a aprobación inicial da axuda será cinco meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique a resolución que poña fin ao expediente, o interesado poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

Artigo 17.- Procedemento.

1.- As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Poderanse presentar durante os prazos de vixencia dos convenios asinados entre o Concello de Vigo e o IGVS, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.

3.- O petionario/a deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionábeis. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar ao petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.

Xunto coa solicitude oficial das axudas presentárase toda a documentación necesaria establecida no artigo 18.

4.- Realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras para realizar, o particular poderá solicitar da Oficina Municipal de Rehabilitación, mediante impreso oficial normalizado, a prestación dos servizos de redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza de obras e a dirección facultativa das obras.

Estas solicitudes de asistencia técnica serán aceptadas, en función dos medios e recursos dispoñíbeis, nos seguintes casos:

- a) De axudas solidarias previstas na disposición adicional terceira.
- b) De promocións tuteladas que o Concello promova segundo o establecido na disposición adicional cuarta.

- c) De interese como obxecto de prácticas de formación que promova a Oficina Municipal de Rehabilitación.
- d) De obra menor.
- e) Doutras solicitudes consideradas de interese xeral.

As solicitudes de asistencia técnica aceptadas pola Oficina Municipal de Rehabilitación serán atendidas por rigorosa orde de rexistro.

En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza como a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capacitación profesional e habilitación legal abondas e axeitadas ás características das obras que se deban acometer. De ser o caso, o Concello establecerá os procedementos de contratación das asistencias técnicas necesarias mediante convocatoria pública.

5.- As axudas outorgaranse de acordo cos seguintes criterios:

1.- Obras rematadas con anterioridade á publicación das presentes bases, que non obtiveron axuda por térense esgotados os créditos dispoñíbeis previstos en anteriores convocatorias.

2.- Antigüidade da solicitude.

Artigo 18.- Solicitude oficial de axuda e documentación.

Realizada a visita de inspección e obtida a licenza de obras correspondente, as solicitudes de axudas económicas presentaranse en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

1.- Documentación relativa ao solicitante.

a) Fotocopia do DNI do solicitante e, de ser o caso, do seu representante.

b) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ao seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.

c) Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar: será obrigada esta documentación para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta Ordenanza, a no ser que se opte pola contía mínima das axudas.

2.- Documentación acreditativa da titularidade do inmóbel.

a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmóbel.

b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario/a ou polo inquilino/a, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario/a e o inquilino/a no que se faga constar a descrición das obras e a autorización do propietario/a para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixíbel e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

3.- Documentación relativa ao destino da vivenda.

a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

4.- Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionábeis por esta ordenanza.

5.- Licenza das obras para as que se solicita axuda.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente Norma, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do Concello).

Artigo 19.- Aprobación inicial das axudas.

1.- Achegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, e logo dos informes oportunos, o órgano que ostente a atribución para autorizar o gasto, tras a proposta da Comisión Avaliadora, resolverá sobre a concesión inicial das axudas. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.

2.- No caso de que as obras, visitadas e supervisadas previamente polos técnicos da oficina, estivesen rematadas, no momento de elevar o expediente ao órgano competente para a súa aprobación, acordarase conxuntamente a aprobación inicial e definitiva das axudas.

3.- Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación; o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.

Artigo 20.- Contratación das obras.

1.- Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

2.- Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

#### Artigo 21.- Inicio das obras.

1.- As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da aprobación inicial da subvención. O devandito prazo poderá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, archivarase o expediente tras trámite de audiencia ao interesado/a.

2.- O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do orzamento de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

3.- Obriga de manter colocado o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación durante a execución das obras e até o cobro total das axudas solicitadas.

#### Artigo 22.- Execución das obras.

1.- As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demanda o promotor solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder a súa duración do tempo prescrito para o prazo orixinal.

2.- A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas inicialmente concedidas.

3.- As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística.

4.- A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

5.- Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das obras, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o solicitante das axudas, a Oficina de Rehabilitación e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación co técnico da Oficina encargado do seguimento.

Artigo 23.- Remate das obras

1.- Finalizadas as obras tramitarase a aprobación definitiva da axuda logo da presentación da documentación redactada polo seu técnico director e as facturas correspondentes, co fin de que os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redacten o correspondente informe no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións.

2.- En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

Artigo 24.- Aprobación definitiva das axudas e criterio de outorgamento.

1.- A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación inicial, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ao órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

2.- O criterio para outorgar as axudas será a data da presentación da solicitude de outorgamento definitivo, coa documentación completa.

3.- De acordo previamente entre as partes o beneficiario das axudas, poderá autorizar, mediante a tramitación do correspondente endoso e procedemento establecido, a percepción do importe da subvención por parte da empresa adxudicataria das obras.

Artigo 25.- Pagamento das axudas.

As axudas concedidas inicial e definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que o IGVS emita o documento de cualificación definitiva.

Artigo 26.- Causas de denegación e perda das axudas.

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmóbeis para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin amparadas por licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico-construtiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmóbel.
- e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.



- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.

Artigo 27.- Reintegro das subvencións.

1.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establecen nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2.- Por infracción urbanística: A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

3.- Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva licenza, no prazo de cinco anos dende a aprobación definitiva.

#### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

PRIMEIRA.- Módulo unitario de rehabilitación

1.- O Módulo Unitario de Rehabilitación (MUR) para o ano 2006 fíxase en 400 € por metro cadrado útil, para obras maiores, e 190 € por metro cadrado útil, para obras menores.

2.- En anos sucesivos poderase revisar este MUR, segundo o que acorde en tal sentido a Comisión Avaliadora.

3.- Para os expedientes de axuda de anos pasados, iniciados, aprobados inicial ou definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, permanecerán vixentes os módulos acordados pola Comisión de Seguimento.

SEGUNDA.- Coeficientes ponderadores

1.- A ponderación dos ingresos familiares realizarase multiplicándoos polos seguintes coeficientes:

Número de membros da unidade familiar	Coeficiente
2	0,90
3	0,75
4	0,65
5	0,55
6	0,50

Por cada membro adicional a partir de seis, o valor da ponderación reducirase en 0,05.

O coeficiente correspondente a unha persoa que non estea integrada na unidade familiar será 1.

En caso de que o solicitante ou algún dos membros da súa unidade familiar teña a condición de minusválido, nos termos establecidos pola lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicarase o coeficiente correspondente ao tramo seguinte ao que correspondería pola súa composición familiar.

Os coeficientes  $K_e$  ponderadores dos orzamentos máximos protexíbeis das actuacións de rehabilitación a que se refiren os artigos 10.2 e 12.c) serán os seguintes:

Nivel de catalogación do PEPRI	Coeficiente
1. Integral	1,6
2. Estructural	1,4
3. Ambiental	1,25
4. Nulo	1,1
5. Negativo	0,9

#### TERCEIRA.- Outros convenios

Mediante convocatorias específicas poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmóbeis destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas.

#### CUARTA.- Promocións tuteladas

1.- O Concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en aluguer de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.

2.- Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o aluguer das súas partes.

3.- A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán establecidas mediante convocatoria pública, ao igual que a oferta de aluguer das vivendas ou locais.

#### QUINTA.- Axudas a locais comerciais e outras actividades económicas.

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas no barrio histórico.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

1.- Aos expedientes iniciados durante a vixencia da Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo, aprobada en sesión plenaria do 24/02/2003 (BOP núm. 132, do 10/07/2003), e á Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integrada (ARI) de Bouzas, aprobada en sesión plenaria do 28/06/2004 (BOP núm. 142, do 26/06/2004) e sen finalizar unha vez entrada en vigor a presente ordenanza, aplicaráselles a normativa que resulte máis favorábel para os interesados/as.

2.- Non obstante, as contías das axudas previstas nesta ordenanza unicamente serán aplicábeis ás actuacións sometidas ao réxime do R.d. 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda. Para as suxeitas ao anterior Plan cuadrienal de vivenda e solo 2002-2005 (RD. 1/2002) continuarán vixentes as contidas na Ordenanza municipal do ano 2002.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta Ordenanza derroga expresamente e substitúe a Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo, aprobada en sesión plenaria do 24/02/2003 (BOP núm. 132, do 10/07/2003), e a Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integrada (ARI) de Bouzas, aprobada en sesión plenaria do 28/06/2004 (BOP núm. 142, do 26/06/2004).

#### DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

11.- (105).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 17673/240.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xaneiro de 2006, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"1.- Pola Unidade de Patrimonio elaborouse o presente proxecto de Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, coa finalidade de dispoñer dunha norma xurídica específica na que se fixen as condicións administrativas xerais que rexeran nas concesións administrativas para a ocupación do dominio público se otorguen, regulando entre outras cuestións, o procedemento e criterios de adxudicación

preferente, como o contido básico da relación xurídica que vencellara o concesionario coa administración municipal durante a súa vixencia.

Na actualidade o réxime xurídico polo que se rexen os quioscos instalados na cidade non gardan unha uniformidade, dándose diferencias, xa no propia natureza do título (autorizacións/concesión administrativa) como nos prazos de duración, superficies ocupadas, condicións de cesión etc, consecuencia todo isto de que se seguiron distintos procedementos (precario, concurso), o órgano administrativo outorgante non sempre foi o mesmo e mesmo correspondeu a outras administracións a autorización nas que se subrogou o Concello.

Así mesmo tampouco a uniformidade concorre no propio modelo de quioscos instalados, xa que estes no respontan a un modelo que o Concello tivese fixado previamente e ao que se deberán axustar os concesionarios na ocupación da vía pública.

2.- Co obxeto de acadar un marco normativo básico e común, que tanto no ámbito do réxime xurídico como no ámbito constructivo e estético, poida comprender os principios xerais que informarán e rexerán, no seu caso, no clausulado dos correspondentes pregos de condicións que ao efecto se dicten no outorgamento das concesións administrativas, elaborouse o presente proxecto de ordenanza municipal.

3.- A Ordenanza desenvólvese en 29 artigos, estando estruturado o seu contido en:

- Exposición de motivos.
- Sete títulos:
  - I. Disposicións Xerais.
  - II. Característica dos quioscos, emprazamento, instalacións e conservación.
  - III. Procedemento e requisitos
  - IV. Transmisión de dereitos.
  - V. Obrigas do concesionario.
  - VI. Réxime sancionador.
  - VII. Resolución, extinción e reversión.
- Tres Disposicións Adicionais
- Dúas Disposicións Transitorias, e
- Unha Disposición Final.

4.- Do contido do seu articulado, procede salientar os seguintes aspectos:

- a) Dispóñese como título habilitante para a ocupación do dominio o propio das concesións administrativas.
- b) Corresponderá ao Concello a determinación do modelo/s de quiosco a instalar.
- c) Procedemento xeral para a adxudicación e o concurso público.
- d) Establécense criterios de adxudicación preferentes a ter en conta no seu otorgamento.
- e) Prazo máximo das concesións, fíxase en 20 anos.
- f) Regúlanse os supostos e procedemento de transmisión do título.
- g) Establécese un réxime xurídico sancionador.
- h) A extinción da concesión dará lugar á reversión da propiedade ou do uso do quiosco e instalacións.

- i) Prevéese a posibilidade de que as concesións ou autorizacións vixentes á entrada en vigor da ordenanza poidan optar en se someter ao seu réxime ou continuar suxeito ao previsto no seu título.
- j) Os titulares de autorizacións en precario ou provisionais rexeráanse pola Ordenanza.
- k) Establécese un procedemento para a regularización da situación dos quioscos xa instalados e nos que o actual titular sexa unha persoa distinta a autorizada.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1º.- A Ordenanza é manifestación da potestade normativa que, no ámbito das súas competencias, teñen atribuídas os municipios na tutela e xestión dos bens públicos da súa titularidade, inscribíndose na tradicional facultade interventora na actividade dos administrados nos servizos particulares destinados ao público mediante a utilización especial ou privativa dos bens de dominio público. Facultade interventora que se pode exercer entre outros medios, por ordenanzas ou bandos, de acordo co previsto na lei de bases de Réxime Local e demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación as Entidades Locais.

As súas disposicións, unha vez aprobadas, de acordo co procedemento regulado, será de aplicación ás Entidades Locais en todo aquilo non previsto pola lexislación básica e na LALG, e vencella aos administrados e á Administración, sen que esta poida dispensar individualmente da súa observancia (art. 4, 49, 84 da LRBRL, art.4.2, 286 e 287 da LALG, e art. 1,2,5,7 e 11 RSCL).

2º.- A competencia para a aprobación da Ordenanza ven atribuída ao Pleno do Concello, tralo dictamen da Comisión Informativa correspondente e previa aprobación do seu proxecto pola Xunta de Goberno Local (art. 123.1.d) e art. 127.1.a) da LRBRL)."

Incluído o expediente na Xunta de Goberno Local do 6 e 20 de marzo, retirouse da orde do día para mellor estudo.

Con data 11 de abril, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, remite novamente o expediente á Xunta de Goberno Local unha vez elaborado un texto refundido da devandita ordenanza coas modificacións propostas pola concellería de Mobilidade e Seguridade con data 23 de marzo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 19 de abril, presta a súa aprobación ó proxecto da ordenanza.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de maio, dictamina na forma que se expresa na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: Parécenos que a iniciativa que traen hoxe aquí é necesaria pero nós temos observado unha serie de cuestións que queremos poñer en común con toda a Corporación e en todo caso facer unha proposta.

Efectivamente é necesario ter un regulamento que coordine, que homoxeinicie e que regule a ocupación do dominio público e sobre todo a instalación de quioscos. Nese sentido a iniciativa nos parece positiva pero o que non vemos así é o seu contido e sobre todo nalgúns aspectos.

En primeiro lugar non coincide nin fai ningunha referencia ó longo do seu articulado a respecto dunha concesión que recentemente rematou como é a do mobiliario urbano. Parécenos que se realmente queremos homoxeneizar a cidade e en certa medida "vender" unha imaxe de cidade no que é o seu mobiliario, deberan ir parellas e camiñar conxuntamente a concesión do mobiliario urbano coa ordenanza de dominio público pero sobre todo no aspecto dos quioscos.

É máis, no seu artigo 5º falan de que o mobiliario vaino definir o Goberno local que, por certo, sufriu unha modificación con respecto ó borrador inicial que dicía que o mobiliario urbano debía definilo a Corporación. Parécenos moito máis acaído nestes termos que definie á Corporación Municipal porque pensamos que non debe ser un problema de que a min me guste e cando veña outro goberno que poña outro. Se queda en mans do Goberno municipal a súa definición, dende logo non é correcto se queremos dar unha imaxe de cidade cara ó exterior.

Ó mesmo tempo non se fai referencia a respecto do prego de condicións do mobilirio urbano, que posiblemente se estea traballando nel xa que rematou a concesión.

Por outro lado tamén vemos que isto non acota porque poden caber absolutamente todo tipo de quioscos. Por poñer un caso e logo de preguntar ós propios servizos o que cabe dentro desta ordenanza, é única e exclusivamente os quioscos adicados a prensa ou tamén outros quioscos? Tal é como está redactada a ordenanza teñen cabida múltiples quioscos que poden prestar diversos servizos, ocórreseme agora por exemplo o servizo de praias que é de temporada pero nese sentido ten perfectamente cabida aquí.

A respecto das condicións de cómo se debe cumprir o modelo de quiosco dí na propia ordenanza que non só queda en mans do Goberno senón tamén que será en función de cada concesión co que, aínda que non o quero pensar, abre a oportunidade de que distintas concesións, mesmo para unha mesma función, teñan distintos modelos.

Outro aspecto é a respecto da publicidade porque, se ben fai referencia de que o propio Concello se pode reservar unha cantidade de espazo para uso propio, o que nos parece positivo, a publicidade en cada quiosco queda determinada na autorización correspondente e polo tanto non define ata onde

pode chegar esa publicidade. Se queremos homoxeinezar a imaxe da cidade, xa que ven precedido porque se retirou dúas veces da Xunta de Goberno e aprobouse un mes máis tarde da última retirada, parécenos que o Goberno debера facer un esforzo e traballar conxuntamente, aínda que poida ir tramitado independentemente un doutro, a ordenanza municipal co prego de condicións do mobiliario urbano, que supoño se estará elaborando, para que haxa unha homoxeneidade e que en definitiva tamen teña a Corporación e non o Goberno a potestade de definir o tipo de mobiliario.

Pensamos que non é de recibo que en función de que guste ou non se poda cambiar co goberno correspondente.

SR. COELLO BUFILL: A petición do Sr. Vieitez, quería facer un resume do proxecto de ordenanza municipal reguladora da ocupación de dominio público coa instalación de quioscos cuxa finalidade, como xa se expuso, é dispoñer dunha norma xurídica específica na que se fixen as condicións administrativas xerais que rexerarán as concesións administrativas para a ocupación da vía pública coa instalación de quioscos no termo municipal de Vigo.

Así mesmo, pretende acadar unha uniformidade estética constructiva no modelo de quioscos, tanto nos xa instalados como nos que se poidan instalar no futuro.

En canto á estrutura do propio proxecto de ordenanza se desenvolve en 29 artigos, dividida nunha exposición de motivos, con sete títulos: Disposicións xerais; características dos quioscos, emprazamento, instalacións e conservación; procedemento e requisitos; transmisión de dereitos; obrigas do concesionario; réxime sancionador e o sétimo resolución, extinción e reversión. Ten tres disposicións adicionais, dúas transitorias e unha final.

En canto ó contido da mesma, entroutras cuestións regula o procedemento de criterios de adxudicación preferente como contido básico da relación xurídica que vencellará ó concesionario coa administración municipal durante a súa vixencia.

Salientar os seguintes aspectos: dispóñese como título habilitante para a ocupación do dominio propio das concesións administrativas. Corresponderá ó Concello a determinación do modelo dos quioscos a instalar, o procedemento xeral para a adxudicación e o concurso público. Establécense criterios de adxudicación preferentes a ter en conta no seu outorgamento: minusvalías, situación de desemprego, renda ou número de membros da unidade familiar a

cargo do solicitante. O prazo máximo das concesións fíxase en vinte anos. Regúlanse os supostos e procedementos de transmisións do título, falecemento do concesionario, cumprimento da idade de xubilación ou incapacidade permanente do concesionario, transmisión a favor do cónxuxe ou fillos.

Establécese un réxime xurídico sancionador: pola comisión de infracción leve, multa de ata 750 euros; por infracción grave, multa de 751 a 1.500 €; por infracción moi grave, multa de 1.501 ata 3.000 €. A comisión da infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.

A extinción da concesión dará lugar á reversión propiedade do uso do quiosco e instalacións. No réxime transitorio se dispoñe a posibilidade de que as concesións ou autorizacións vixentes á entrada en vigor da ordenanza poidan optar entre someterse ó seu réxime o continuar o seu xeito ó previsto no seu título.

Os titulares de autorizacións en precario ou provisionais rexeranse pola ordenanza.

Por último un procedemento para a regularización da situación dos quioscos xa instalados nos que o actual titular sexa unha persoa distinta á autorizada.

En cando ás preguntas que me traslada, nós traemos un proxecto de aprobación inicial da ordenanza e quero salientar que é posible que fagan vostedes as emendas que queiran no proxecto inicial e teremos a posibilidade das comprobar e poder axeitar o proxecto a esas emendas que vostedes presenten.

Só dicir que os quioscos, como queda dito no proxecto inicial da ordenanza, os pagan os propios quiosqueiros.

SR. VIEITEZ ALONSO: Que quede ben claro que nós non nos opoñemos a esta ordenanza. O único que pedimos é que nos deamos unha oportunidade porque mesmo se pode admitir a posibilidade que as cuestións técnicas que se decidan no prego de condicións do mobiliario urbano poidan entran en contradicción con isto.

Só pedimos en primeiro lugar que vaian camiñando parellamente porque tal e como se está a facer non nos parece oportuno. Non queremos que se demore eternamente, senón que camiñen parellamente. Emendas tamén temos e imos facelas porque entendemos que fallan algunhas cousas pero o que tamén queremos e que nos deamos a oportunidade a toda a Corporación municipal



para que definamos o tipo de mobiliario que queremos e que non sexa que na seguinte Corporación, se goberna outro partido, como non lle guste se cambie e se poida poñer outro tipo de modelo, co que o obxectivo loable e xusto que se persigue con esta ordenanza que é harmonizar, pódese ir ó traste.

O único que dicimos e neste sentido seguro que nos imos poñer de acordo, é que definamos qué mobiliario queremos e o mobiliario que vai a identificar a esta cidade ós de fóra. Dende o BNG cremos que aí debemos participar todos, por iso pedimos que se retire para que se acompañe co prego de condicións do mobiliario urbano.

A PRESIDENCIA: Como é dicisión e competencia da Xunta de Goberno propoño que sexa a Xunta de Goberno pero previamente que falemos nunha Xunta de voceiros deste asunto. En canto a outra serie de cuestións, no período de alegacións estamos dispostos a escoitalos pero a Xunta de Goberno sempre será posterior a unha Xunta de Voceiros e así non se atrasa nada.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Puente, Caballero Míguez e Ruiz Ceniceros e a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, de acordo co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Sometela á información pública polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, entrando en vigor a Ordenanza ós seis meses da data na que resulte publicada a texto completo no BOP, de acordo co art. 49 e 70.2 da LRBRL.

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA OCUPACION DO DOMINIO PÚBLICO COA  
INSTALACIÓN DE QUIOSCOS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A ocupación das vías públicas municipais polos administrados, mediante instalacións fixas, como no caso dos quioscos adicados á venda de xornais e outros produtos, constitúe un uso privativo desta que limita ou exclúe do uso xeral ao resto dos cidadáns, requirindo dun título administrativo que o habilite.

A suxeición do uso privativo do dominio público ao reximen xurídico propio das concesións administrativas demaniais, fai necesario dispoñer dun texto normativo específico que sirva de base e constitúa o marco xurídico no que desenvolveranse as autorizacións que a ditos fins se outorguen no ámbito do termo municipal.

A ordenanza é manifestación da potestade normativa que no ámbito das súas competencias, teñen atribuídas os municipios na tutela e xestión dos bens públicos da súa titularidade, inscribíndose na tradicional facultade interventora na actividade dos administrados nos servizos particulares destinados ó público mediante a utilización especial ou privativa dos bens de dominio público.

Facultade interventora que poderá exercerse, entre outros medios, por Ordenanzas ou Bandos, de acordo co previsto na lei de bases de Réxime Local e demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación ás Entidades Locais.

Neste contexto, a Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, semella o instrumento normativo máis axeitado para acadar unha regularización e ordenación do aproveitamento privativo das vías públicas municipais, dun xeito xeral e homoxéneo, que permitirá dispoñer dun réxime xurídico específico, común e uniforme, tanto para as concesións demaniais que se outorguen trala súa entrada en vigor como, na medida do posible, das xa outorgadas con anterioridade.

A presente Ordenanza consta de 29 artigos, desenvolvendo o seu contido ó longo de sete Títulos, tres Disposicións Adicionais, dúas Disposicións Transitorias e unha Final e entrando en vigor nos seis meses dende a data da súa publicación no BOP.

**TÍTULO I.  
DISPOSICIÓNS XERAIS**

Artigo 1.- AMBITO DE APLICACIÓN.

A presente ordenanza será de aplicación no aproveitamento privativo do dominio público municipal mediante a instalación de quioscos, no termo municipal de Vigo, cos requisitos, condicións e termos xerais que nela se establecen.

Artigo 2.- OBXECTO.

As autorizacións terán por obxecto o exercizo das actividades de venda de diarios, revistas, publicacións periódicas en xeral e lambetadas, en quioscos sitos na vía pública ou espazos de uso público municipal, a instalación dos cales será autorizada con suxeición ó deseño, modelo, características e emplacementsos determinados polo Concello e de acordo co contido desta ordenanza.

#### Artigo 3.- NATUREZA XURÍDICA.

As autorizacións para o uso privativo do dominio público, outorgaranse en réxime de concesión administrativa de acordo co disposto nos artigos 93 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 78.1.a do RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais.

#### Artigo 4.- NORMATIVA APLICÁBEL.

As concesións rexeranse en primeiro termo por esta ordenanza e no non previsto nela polas seguintes disposicións: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local; Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais e polas ordenanzas, instrucións ou disposicións xerais deste Concello reguladoras dos elementos de mobiliario urbano e utilización do dominio público local.

### **TÍTULO II.**

#### **CARACTERÍSTICAS DOS QUIOSCOS, EMPRAZAMENTO, INSTALACIÓNS E CONSERVACIÓN**

#### Artigo 5.- MODELO DE QUIOSCO.

1.- Corresponde á Xunta de Goberno Local definir o modelo, características, materiais e dimensións dos quioscos, podéndose aprobar distintos modelos segundo as zonas da cidade onde se vaian instalar.

2.- Prohíbese a introducción polo concesionario de elementos ou modificacións no quiosco que en maior ou menor grao vulneren as especificacións oficiais.

#### Artigo 6.- EMPRAZAMENTO.

1.- O Concello, nos procedementos licitatorios que convoque para a adxudicación de quioscos, elaborará e aprobará unha relación de emplacementsos de novos quioscos que se decida instalar consonte ós modelos aprobados.

2.- Non se poderán instalar novos quioscos a unha distancia mínima inferior a 150 metros dos existentes.

3.- O Concello resérvase a facultade de variar o emplacementsos das instalacións, con carácter temporal ou definitivo, se así o esixisen as necesidades de utilización do dominio público. Neste caso, o concesionario levantará ás súas expensas a instalación do seu emplacementsos orixinal e

efectuará a nova instalación no emprazamento fixado por aquela, dentro do prazo dos 15 días seguintes ó requirimento feito pola administración municipal. De non cumprir o concesionario o requirimento no prazo sinalado, a Administración municipal levantará de oficio a instalación con cargo ó concesionario.

#### Artigo 7.- PUBLICIDADE.

1.- A exhibición de publicidade nos espazos do quiosco reservados a este fin suxeitarase ás especificacións técnicas e condicións xuridicas que establezca o Concello ó conceder autorización correspondente

2.- O Concello poderá reservarse un espazo destinado a publicidade que se adicará a información municipal.

3. A publicidade estará suxeita á tributación que resulte en cada momento da normativa aplicábel.

#### Artigo 8.- INSTALACIÓN.

1.- O concesionario deberá instalar o quiosco ó seu cargo no emprazamento exacto que o Concello determine e con suxeición ó modelo, características, materiais e dimensións que a Xunta de Goberno Local aprobe con carácter preceptivo.

2.- O prazo para a instalación do quiosco será fixado no prego de condicións económico-administrativas que rexa a concesión, non podendo ser este inferior a 4 meses.

#### Artigo 9.- ONSERVACIÓN.

O concesionario deberá realizar en todo momento ó seu cargo as obras de reforma, reparación, limpeza e conservación e mantemento en xeral para ter o quiosco e a súa área de influencia en perfecto estado de conservación e uso.

### **TÍTULO III. PROCEDEMENTO E REQUISITOS**

#### Artigo 10.- COMPETENCIA.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para o outorgamento da concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de quioscos na vía pública e a súa explotación .

#### Artigo 11.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

1.- As concesións outorgaranse en réxime de concorrencia, por concurso público, mediante procedemento aberto, de acordo cos requisitos dispostos no RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales e na normativa reguladora da Contratación das Administracións públicas.

2.- Excepcionalmente, poderase acordar ó outorgamento directo da concesión, nas condicións e supostos previstos no art. 93.1 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

3.- As concesións adxudicaranse de acordo cos criterios de valoración que se fixen no prego de condicións económico-administrativas que se aprobe, no seu caso, no expediente de outorgamento da concesión. Para a fixación dos devanditos criterios estarase ós criterios de adxudicación preferente establecidos no artigo 13 da presente ordenanza.

#### Artigo 12.- REQUISITOS DE CAPACIDADE DOS ADXUDICATARIOS DOS QUIOSCOS.

1.- Poderán optar ás concesións administrativas que se regulan nesta ordenanza, todas as persoas físicas, españolas ou estranxeiras, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar e non se atopen incursas en ningunha causa de prohibición para contratar coa Administración Pública de conformidade coa normativa reguladora de contratación das Administracións Públicas.

2.- Para o outorgamento da concesión se esixirá a acreditación dos requisitos establecidos no párrafo anterior e darse de alta na Seguridade Social.

3.- Só se concederá autorización para a instalación dun quiosco por cada unidade familiar. En calquera caso ninguén poderá ser titular de máis dun quiosco.

#### Artigo 13.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PREFERENTE.

1.- Serán criterios de adxudicación preferente para o outorgamento da autorización para a instalación dun quiosco na vía pública os seguintes:

- a) Minusvalía en grao superior ó 33%, sempre e cando non inhabilite para o desempeño do traballo de xestionar o quiosco.
- b) Situación de desemprego.
- c) Renda da unidade familiar igual ou inferior ó salario mínimo interprofesional.
- d) Maior número de membros da unidade familiar a cargo do solicitante. En todo caso esixírase un mínimo de 3.
- e) Estar empadroado no termo municipal de Vigo.

2.- Nas bases da convocatoria do concurso público para a adxudicación de quioscos na vía pública establecerase o xeito de xustificar documentalmente a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas nos criterios de adxudicación preferente así como o baremo de puntuacións á outorgar a cada un deles.

3.- A fixación de criterios de adxudicación preferente pola presente ordenanza non exclúe a posibilidade de que o órgano de contratación correspondente, en cada convocatoria para a adxudicación de quioscos na vía pública, poida introducir outros que estime máis convenientes.

#### Artigo 14.- PRAZO.

As concesións outorgaranse por un prazo improrrogábel de 20 anos, contados dende a data de notificación do acordo de adxudicación.

#### Artigo 15.- AUTORIZACIÓN.

Para a instalación de quioscos na vía pública será condición imprescindible estar en posesión da correspondente concesión administrativa, da que o orixinal ou fotocopia autenticada deberá exhibirse en lugar visíbel dende o exterior de cada quiosco.

#### Artigo 16.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

As condicións económicas que rexeran a concesión administrativa para a ocupación do dominio público fixaranse en cada caso no prego de condicións administrativas particulares e podera ser gratuita, outorgarse con contraprestación ou condición, o suxeita á taxa prevista na correspondente ordenanza fiscal reguladora ou, no seu defecto, a prevista na normativa estatal.

### **TÍTULO IV. TRANSMISIÓN DO DEREITO CONCESIONAL**

#### Artigo 17.- SUPPOSTOS DE TRANSMISIÓN.

As concesións serán transmisíbeis nos casos e consonte ás seguintes regras:

a) Por falecemento do concesionario: a favor do cónxuxe ou descendentes en liña directa, sempre e cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 13.1 apartados a), b) e c) como criterios de adxudicación preferente. De resultaren dúas ou máis persoas beneficiarias, deberán comunicar ó Concello, no termo máximo de seis meses dende a data do falecemento do causante, cal delas o sucederá na titularidade da concesión. De non se facer a comunicación en prazo, declararase sen máis trámites a caducidade da autorización.

b) Por cumprimento da idade de xubilación: a favor do cónxuxe ou descendentes en liña recta, sempre e cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 13.1 apartados a), b) e c) como criterios de adxudicación preferente.

c) Por incapacidade permanente do concesionario: igual regulación que a prevista no apartado b).

#### Artigo 18.- REQUISITOS ESIXÍBEIS PARA A TRANSMISION.

1.- En todo caso, a transmisión pretendida dos dereitos concesionais deberá ser coñecida e aprobada previamente polo órgano concedente, quen terá dereito a percibir coma contraprestación á autorización da transmisión unha contía igual ó 20% do canón anual aplicábel naquel momento.

2.- O cesionario deberá reunir todas as condicións esixidas para poder concorrer á licitación e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar coas Administracións públicas.

3.- A transmisión quedará limitada ó tempo que reste para rematar o prazo previsto no artigo 14.

#### Artigo 19.- PROCEDIMENTO.

Para poder transmitir a concesión será preciso o cumprimento dos seguintes trámites:

- a) Comunicar a transmisión pretendida á Administración cunha antelación mínima de un mes á data en que pretenda facerse efectiva.
- b) O concesionario solicitará a autorización municipal, xustificando documentalmente a concorrencia dos requisitos esixidos no seu caso. Transcorrido o prazo de 3 meses sen que teña recaído resolución expresa, entenderase outorgada a mesma.
- c) No prazo de un mes dende o outorgamento da autorización, o cesionario deberá xustificar o aboamento da participación correspondente á Administración.
- d) No documento no que se formalice a transmisión deberá facerse constar expresamente que o cesionario coñece e acepta o prego de condicións que rexe a concesión. Deberá achegarse á Administración copia auténtica do mesmo.

Artigo 20.- EFECTIVIDADE DA TRANSMISIÓN.

En todos os supostos de transmisión, é condición imprescindible para a súa efectividade a autorización municipal previa e o pagamento da participación correspondente á Administración municipal.

## **TÍTULO V. BRIGAS E FACULTADES DO CONCESIONARIO**

Artigo 21.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO.

Ademáis das obrigas reseñadas noutros artigos desta ordenanza e das que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:

- 1ª.- Exercer por si mesmo a actividade que constitúe o obxecto da concesión.
- 2ª.- Non transmitir ou ceder a concesión, agás nos supostos regulamentados na presente ordenanza.
- 3ª.- Instalar o quiosco con suxeición ó modelo, deseño, características, dimensións, materiais e emprazamento aprobado polo Concello en cada caso.
- 4ª.- Manter as intalacións, mobiliario e elementos do establecemento en bo estado de conservación e funcionamento.
- 5ª.- Prestar o servizo de xeito adecuado, dotándoo dos medios persoais e materiais necesarios para atender o público de forma correcta.
- 6ª.- Cumprir as disposicións vixentes relativas á comercialización de diarios, revistas e publicacións periódicas, venda de lambetadas e produtos semellantes.
- 7ª.- Cumprir as obrigas de carácter laboral e de Seguridade Social respecto ó seu persoal, que dependerá exclusivamente do adxudicatario e non terá relación laboral, administrativa ou de ningunha outra clase co Concello.

8ª.- Satisfacer o canon no prazo previsto.

9ª.- Asumir os gastos de calquera clase derivados da instalación, explotación e funcionamento do quiosco.

10ª Asumir integramente a responsabilidade de calquera orde derivada da existencia e utilización e funcionamento do quiosco, indemnizando a terceiros ou ó propio Concello dos danos e perdas ocasionados.

11ª Cumprir en todo momento as ordes e indicacións dos servizos municipais competentes.

12ª Reposición do dominio público ó seu estado orixinal ó rematar o prazo da concesión.

13ª Reversión das instalacións á Administración en bo estado de conservación ó rematar o prazo concesional ou no caso de resolución da concesión.

#### Artigo 22.- FACULTADES DO CONCESIONARIO.

1.- A ocupación do dominio público outorgado para a instalación do quiosco.

2.- A xestión e explotación do quiosco e dos espazos publicitarios, de conformidade co disposto no artigo 7.

3.- A transmisión dos dereitos concesionais, nos supostos e condicións previstas.

4.- Calquera outra que legal ou regulamentariamente le veña recoñecida.

### **TÍTULO VI . RÉXIME SANCIONADOR**

#### Artigo 23.- INFRACCIÓNS.

1.- O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte ó procedemento previsto e regulamentado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e no RD 1398/1993, do 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercizo da Potestade Sancionadora.

2.- As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

a) Serán infraccións leves:

- A produción de ruídos, gritos ou música que incumpran a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

- A falla de ornato ou limpeza das instalación e da zona de influencia.



- Calquera acción ou omisión das condicións da presente ordenanza que implique mera negligencia, sempre que non ocasione prexuízos económicos á administración municipal ou a terceiras persoas e non resulten tipificadas como graves ou moi graves nesta ordenanza.

- O emprego de palabras ou acenos groseiros no seu trato cos usuarios ou viandantes.

b) Serán infraccións graves:

- A reincidencia por dúas veces en faltas leves.

- Non cumprir as obrigas de seguridade das intalacións e os seus elementos.

- A colocación de mercadorías e o exercizo da actividade fóra do recinto da instalación.

- O peche ou suspensión do exercizo da actividade por un prazo superior a 7 días consecutivos ou 10 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.

- A instalación do quiosco en lugar distinto ó autorizado ou nun prazo superior ó previsto no prego de condicións económico-administrativas correspondente.

- O retraso no pagamento do canon por prazo superior a tres meses dende a data de remate do período voluntario fixado na ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento local de terreos do dominio público local coa instalación de quioscos.

- A desobediencia ás ordes e instrucións municipais.

c) Serán infraccións moi graves:

- A reiteración por dúas veces de faltas graves.

- O incumprimento das obrigas fiscais e de Seguridade Social previstas na presente ordenanza.

- A exposición e venda de produtos non autorizados.

- O peche ou suspensión do exercizo da actividade por un prazo superior a 10 días consecutivos ou 15 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.

- O non pagamento do canon da concesión ou o retraso no mesmo en máis de seis meses da data límite para o seu aboamento.

- As modificacións da instalación que revistan carácter esencial e non consten a autorización municipal previa para a realización das mesmas.

- Destinar o quiosco a actividades distintas das autorizadas.

- O retraso en máis de tres meses do prazo fixado para a instalación do quiosco.

- Ocupación de máis superficie da vía pública que a autorizada.

#### Artigo 24.- SANCIONES.

1.- As infraccións previstas na presente ordenanza serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.
- c) Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1.501 ata 3.000 €.

2.- A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.

3.- A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores deste artigo será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondene á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

5.- As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) O grao de culpabilidade do infractor.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.
- e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.

#### Artigo 25.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIONES.

1.- As sancións por infraccións leves ou graves imporanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.

2.- As sancións por infraccións moi graves imporanse pola Xunta de Goberno Local.

#### Artigo 26.- PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIONES.

1.- As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses

2.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.

3.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.

4.- O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

## **TÍTULO VII. RESOLUCIÓN, EXTINCIÓN E REVERSIÓN**

Artigo 27.- RESOLUCIÓN.

1.- Serán causas que xustifiquen o correspondente acordo municipal declarando, con audiencia do interesado, a resolución do dereito concesional, as seguintes, sen prexuízo dos supostos tipificados como infracción moi grave por esta ordenanza:

a) Ter pechado o quiosco durante máis de 30 días naturais consecutivos ou 40 alternos no prazo dun ano, a non ser que se acrediten razóns xustificadas e por escrito ante a Administración municipal.

b) A contratación de persoal asalariado sen cumprir as condicións esixidas na lexislación laboral.

c) O arrendamento, traspaso ou calquera outra forma de cesión que conleve a transmisión da concesión sen se axustar ós supostos regulamentados na presente ordenanza ou sen cumprir as condicións nela reguladas.

d) Non estar ó corrente nas súas obrigas fiscais ou de Seguridade Social.

e) O incumprimento dos prazos de renovación dos quioscos previstos na disposición transitoria primeira.

f) Por razóns de interese público que impliquen a imposibilidade de mantemento do quiosco na vía pública, previa indemnización, de ser o caso, e sempre que non proceda o seu traslado a outro emprazamento alternativo que lle oferte o Concello, na zona máis próxima posíbel ó emprazamento orixinal.

2.- En calquera caso, a resolución, coa excepción do suposto previsto no apartado 1.f, non dará dereito a ningunha indemnización a favor do interesado.

Artigo 28.- CAUSAS DE EXTINCIÓN.

A concesión extinguirase nos seguintes supostos:

- a) Cumprimento do prazo polo que foi outorgado.
- b) O desestimento do concesionario, previa notificación ó Concello.
- c) O falecemento ou incapacidade do concesionario sen que acaeza a transmisión da concesión.
- d) Atoparse incurso o concesionario nalgunha das prohibicións legais para contratar coas Administracións Públicas.
- e) A resolución da concesión acordada polo Concello.

Artigo 29.- REVERSIÓN.

Extinguida a concesión por calquera das causas previstas, a propiedade ou o uso do quiosco, segundos casos, e as súas instalacións fixas reverterán ó Concello sen contraprestación de ningunha clase a prol do titular ou os seus sucesores, agás o suposto previsto no apartado 1.f do artigo 27.

#### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.**

PRIMEIRA.- 1.- Os titulares de concesións ou autorizacións de quioscos vixentes á entrada en vigor de esta ordenanza, poderán optar por someterse ó réxime da mesma, en cuxo caso manterase o prazo concesional previsto na adxudicación ou ben continuar sometido o réxime fixado no seu título.

2.- No caso de optar polo sometemento a esta ordenanza haberá de se comunicar a esta Administración no prazo de 3 meses, contados a partir da entrada en vigor da mesma. Neste suposto deberá procederse a substituír o quiosco polo modelo que se aprobe pola Administración municipal, no prazo dun ano dende o seu requirimento.

SEGUNDA.- No suposto de concesións ou autorizacións de quioscos vixentes á entrada en vigor desta ordenanza nas que os titulares optasen por continuar sometidos ó réxime da concesión vixente até o fin da mesma, a Administración reservarase a facultade de proceder a substitución do quiosco polo modelo aprobado, sen coste ningún para o concesionario, en cuxo caso os dereitos de explotación dos espazos do mesmo reservados a publicidade corresponderán a esta Administración, sempre que non se alcance un acordo entre o titular e o Concello para a substitución.

TERCEIRA.- Os titulares de quioscos que dispoñan de autorización municipal en precario ou provisionalmente ou que se atopen tacitamente prorrogadas rexeránse pola presente ordenanza a partir da súa entrada en vigor, séndolles de aplicación o prazo fixado na disposición adicional primeira para a instalación do novo modelo de quiosco.

#### **DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS.**

PRIMEIRA.- Transcorrido o prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, resultarán automaticamente extinguidas as autorizacións municipais outorgadas en precario ou provisionalmente para a instalación de quioscos na vía pública cuxos titulares non estean ó corrente no pagamento do canón, debendo procederse a retirar o quiosco e á reposición do dominio público ocupado ó seu estado orixinal, no prazo dun mes dende a notificación do requirimento efectuado por esta Administración.

SEGUNDA.- 1.- Deberán regularizar a súa situación, no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, as persoas que non tendo a condición de titulares da concesión ou autorización administrativa para a instalación do quiosco veñan rexentándoo cunha antigüidade de dous anos e reúnan os seguintes requisitos:

- Se trate de concesións ou autorizacións administrativas en precario, provisionais ou tacitamente prorrogadas.
- Acrediten a autorización do titular ou a adquisición dos dereitos de explotación ou xestión do quiosco, mediante transmisión en negocio xurídico inter vivos o mortis causa.
- Estar ó corrente no pagamento do canón correspondente
- Acreditar a posesión dos requisitos de capacidade para ser adxudicatario dun quiosco previstos no artigo 12"

2.- Una vez regularizada a situación do titular do quiosco, a autorización rexerese pola presente ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

ÚNICA.- ENTRADA EN VIGOR.- De conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, a presente ordenanza entrará en vigor ós seis meses da datas da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

*Neste intre, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé gardan un minuto de silencio polas mulleres mortas vítimas da violencia de xénero.*

#### **12.- (106).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA Á SUPRESIÓN DA PEAXE ENTRE REDONDELA E VIGO.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de maio de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Na Corporación anterior tiñamos presentado mocións a prol da supresión das peaxes do Morrazo e Redondela con Vigo. Nesta Corporación, con data 27 de Maio de 2004, presentamos de novo unha moción para pedir a supresión das tais peaxes. Posteriormente, con data 15 de decembro do mesmo ano, e á vista de que moitos estabamos a falar da supresión da peaxe de Rande pero poucos o estabamos a facer sobre a de Redondela, reiterámonos a conveniencia de suprimir a peaxe entre Redondela e Vigo.

Vense de anunciar pola Xunta de Galicia o acordo desta Institución co Goberno de España cara á supresión da peaxe de Rande, cousa que nos merece todo tipo de parabéns, sen prexuízo de que esta toma de postura aínda fai máis urxente a necesidade de acelerar a decisión de construír unha nova ponte sobre a Ría.

Agora ben, non só seguen vixentes os argumentos que comentamos nas mocións citadas senón que, a boa decisión antes comentada, inda ven a poñer máis de relevo a inxustiza flagrante da peaxe entre Redondela e Vigo.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle á Xunta de Galicia e ó Goberno de España que, coa máxima urxencia posíbel, dean todos os pasos convenientes para suprimir a peaxe entre Redondela e Vigo."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 22 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Hai dous anos presentamos unha moción para que se suprimira a peaxe de Redondela. Por aquel entón levantou unha pequena alarma social porque se comprobou que era o trozo de autopista máis caro de toda España, con dous quilómetros escasos dende as Torres de Padín ata a peaxe.

Agora que se suprimiu a peaxe de Rande non nos entra na cabeza que os veciños e veciñas que usan esa vía que ademais é unha vía de desconxestión importante para as rúas de Vigo, que non se lles suprimira a peaxe.

Queremos que se fale coa Xunta ou con quen teña competencia para que ese trozo de dous quilómetros ata a peaxe sexa gratuíto porque non é de recibo que hoxe Rande é gratuíto e haxa que pagar dous quilómetros antes e por riba a cota máis cara de toda España.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Sr. Alonso, desgraciadamente case sempre que interveño nalgunha moción que vostede defende atopo que vostede se da por aludido ou síntese mal e pensa que teño algún tipo de teima con chafar ás súas propostas. De entrada quero dicir que vou medir moi ben o que digo para tentar non crear ningunha confusión.

Queremos facerlle unha emenda pero coidamos sinceiramente que mellora o acordo. Se non tivesemos esperando ó Valedor do Cidadán me tomaría todo o tempo necesario para poder explicar por qué consideramos que tal como está formulada esta moción se cadra non é a maneira máis axeitada e faría unha crítica moi intensa e moi profunda a quen foron responsables de que

chegásemos a unha situación coma a actual. Pero xa tivemos moito debate político entre Partido Socialista e Partido Popular e vou aforrar unha prolongación dese debate.

Sinceiramente, Sr. Alonso, tal como vostede formula a súa moción empezariamos cunha cadea de porqué este tramo si e os outros non e vostede sabe que cando se suprimiu a peaxe para o Morrazo, foi porque non hai ningunha vía alternativa máis. Realmente os veciños do Morrazo que teñan que vir a Vigo só poden facelo atravesando a ponte de Rande, argumento absolutamente contundente para tomar unha decisión como a que se tomou que lle vai custar moitos cartos ó erario público, tanto Xunta de Galicia como Goberno Central.

Noutros tramos nos que hai outras alternativas entendemos que non é tan perentorio nin tan urxente tomar un acordo destas características.

O que lle propoñemos é unha emenda no seguinte sentido: un primeiro punto que diría "Pedirlle á Xunta de Galicia e ó Goberno de España que coa máxima urxencia posible dean todos os pasos convenientes para calcular os custos da supresión da peaxe entre Redondela e Vigo" porque parece unha cuestión sensata saber o que estamos a pedir.

En segundo lugar "Pedir á Deputación Provincial que o millón e medio de euros que aforra coa supresión da peaxe Vigo-Morrazo, se formule unha actuación semellante para o tramo Vigo-Redondela". Nin tan siquera lle pedimos que o faga automaticamente, só lle pedimos que o estude pero que teña en conta esta nova realidade.

Insisto en que podería falar moito máis desta cuestión pero en aras da brevidade e de que hai un Pleno extraordinario a continuación, non falaría máis a non ser que vostede así mo demanda.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Sabe Sra. Porteiro que non hai nada persoal pero coincide así a cousa. Non é certo que sexa a única saída para vir de Cangas a Vigo porque os que xa pintamos canas hai moitos anos viñemos por Vilaboa dando a volta, hai outra estrada.

Non é de recibo que os veciños e veciñas que teñen que ir para Chapela, Redondela, por menos de dous quilómetros teñan que pagar o tramo máis caro de toda España como se dixo nunha moción que, por certo, vostedes votaron a favor.

Eu podería aceptar pedirlle á Xunta de Galicia, ó Goberno de España e á Deputación a máxima urxencia posible de superar os inconvenientes para

suprimir a peaxe entre Redondela e Vigo, ou de ser o caso que fose o que di vostede, que a propia Deputación puidera subvencionalo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Coido que a nosa proposta era sumamente medida e aceptable, non lle podemos aceptar porque non sabemos de qué cantidade de cartos estamos a falar polo tanto non podemos votar a favor.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos dar o mesmo argumento que a Sra. Porteiro porque eu teño a dobre función de concelleiro desta Corporación e vicepresidente da Deputación e esta última tampouco sabe dos cartos dos que estamos a falar e polo tanto non podemos votar iso.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Míguez e Ruiz Ceniceros)

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e catro votos en contra dos Sres. e Sras. Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG Sr. Alvarez Vázquez, relativa á supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (107).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á ALCALDÍA-PRESIDENCIA A ESIXIR A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL NOS PLAN E ESTUDOS QUE AFECTEN A VIGO E Á SÚA ÁREA DE INFLUENCIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de maio de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"O pasado 4 de maio a Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, D<sup>a</sup> María Xosé Caride, ofreceu a conferencia



inaugural do novo ciclo de conferencias; "VIGO: O HOME E A CIDADE", da Fundación Carlos Casares. Na súa intervención, de forma resumida, fixo unha exposición de novas e futuras propostas que afectarían á nosa cidade. Por ser só, na miña opinión, un relatorio de boas intencións somentes vou relacionar as que son da súa competencia directa e que foron as seguintes:

- Plan Sectorial da Rede Viaria de Vigo e a súa área de influencia, que sacouse a concurso para a consultoría e asistencia o pasado 2 de marzo.
- Plan Integral de Transporte de Galicia, sacado a concurso para consultoría e asistencia técnica o pasado 26 de abril.
- Novo estudo de viabilidade dunha rede de metro en Vigo, sacado a concurso tamén o 25 de abril.
- Plan de Estradas de Galicia, sacado a concurso e asistencia técnica no BOE núm.28 de 2 de febreiro.

Todos os plans e estudos anunciados, de chegar a se materializar en proxectos, afectarán á nosa cidade a medio prazo, nunca menos de tres anos polo menos. Como os meses pasan e por parte da Alcaldía-presidencia os membros da corporación non somos convocados nin informados de posibles aportacións dentro da Comisión de Infraestruturas, e ante o temor de que poida estar tamén ausente o Goberno Municipal como outras veces xa pasou nos temas que si interesan e afectan a Vigo, é polo que o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación o seguinte, acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a esixir a participación, a información e colaboración institucional nos plans e estudos que afecten a Vigo e a súa área de influencia."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 22 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNANDEZ FERNÁNDEZ: Lamento moito non seren breve pero o fondo desta moción ten tanta transcendencia como para non andar escatimando esforzos. e dígoo porque nesta lexislatura se nos poderán pedir contas a todos do que aportamos e do que fixemos porque falar, fálase bastante pero o importante son os documentos que fan que no futuro se poidan ter boas infraestruturas; fálase bastante pero iso é leña verde para que faga fume. Coido que en temas de infraestruturas esta é unha lexislatura perdida porque eu non vexo inicio de obras nova, nin concursos de obras; só estudos, asistencias técnicas, acordos que eu pensaba que xa estaban dabondo tomados.

O Sr. Figueroa antes falaba do que fixo Medio Ambiente, pois pódolle asegurar que eu algo tiveron que ver con iso; sei bastante de facer estudos co goberno do PP, de lle expoñer propostas de futuro para esta cidade. O Sr. Iglesias sabe igual ca min que iso foi así.

Rematado está o segundo cinto, rematada está a avenida de Madrid; obras novas doutras administracións: Pedro Alvarado e Camiño de Maceiras e para de contar. As obras de mellora non digo que non sexan necesarias, pero son as infraestructuras as que de verdade fan que as cidades avancen e estas expuxéronse por medio dun primeiro estudo de novembro de 1999 que votaron todos os gobernos da Área Metropolitana de Vigo.

Con isto empezamos a traballar nós no goberno anterior, aí van recollidas todas as necesidades que, a criterio de todos os que votamos a favor, farían posible dotar a toda a área sur das necesarias infraestructuras.

Despois daquilo algúns que sí perdemos o tempo fomos a un debate moi interesante que se fixo en Compostela e do que saíu este documento, Viaria, parte do que mandamos está recollido aquí. Isto xa foi en xaneiro do ano 2000. Logo daquilo algúns tivemos a satisfacción de ver que aparecía estoutro: un plan director do 2001 ó 2010 e pensamos que da fase dos estudos se pasaba á dos proxectos.

Recentemente veu a Vigo a actual responsable de Política Territorial e fixo unha exposición na Fundación Carlos Casares. Logo diso os que levamos tempo traballando, vendo as necesidades e aportando en tempo e forma dentro do noso saber o que esta cidade e a súa área de influencia necesitan, xa non digo a Área Metropolitana, falo de Pontevedra para abaixo, atopámonos agora que está en marcha un plan sectorial para a rede viaria de Vigo, plan integral de transportes de Galicia, novo estudo de viabilidade dunha rede de metro en Vigo (os que son da outra Corporación lembrarán perfectamente o debate do metro lixeiro, que se soterrado, que se por enriba, plan económico, etc.), plan de estradas de Galicia. Eu pensei que o plan director era iso.

Isto ven a conto porque no Pleno no que aprobamos provisionalmente o Plan Xeral todo o mundo tiña a grande preocupación do final da ronda e pódolles afirmar que o final da ronda ía nisto. Quen lles fala dirixiuse ó Director Xeral e ó Conselleiro daquela, Sr. Cuiña, e díxolles que Vigo ía facer unha rede que era moi superior ó seu ámbito estricto e que era estruturante para o Concello de Redondela e máis o de Nigrán conxuntamente con Vigo. Pareceulles tan ben que dixeron que no plan de estradas íría contemplado este vial coma un vial potente e de feito neste plan falan de pechar o primeiro e o segundo cinto. Falo do tema concreto de Vigo e podo facilitarllo a quen non o teña. Agora moito me temo que en vista do que antes nos amosaron do traballo de Power Point da depuradora (aquele tan bonito que se fixo un en Castrelos e outro aquí na Xunta de Goberno) isto

pode quedar igual pero que non se quede en Power Point, que se faga proxecto porque é o que fai que se poidan adxudicar e facer as obras.

Faláballes da ronda porque a criterio dos que subscribimos esa alegación que fixemos ó Plan o treito final dende Balsa ten que estruturar tamén o territorio cara Gondomar e Nigrán e coidamos que, en vista do documento do que se dotou a Xunta que é pontentísimo, tanto que todos os proxectos que faga a CTPOV levan implícita a declaración de utilidade pública, cousa que o Concello teríao que acadar porque iso non ten significado só para Vigo. Falo de verbas maiores, de expropiar que é o máis difícil que lle pode tocar a un político, sentar diante dun cidadán e ter que lle dicir que a súa casa vai cair porque por onde está vai pasar un vial. Algúns tivémolo que facer pero estamos moi orgullosos de telo feito e deixar as cousas solucionadas.

Todo o que lles estou a dicir vai ser totalmente retocado con estes estudos que nos anuncian e por iso é importante que o Concello de Vigo e todas as Corporacións afectadas (posiblemente todos os que estamos neste Pleno estamos de acordo) pidan que se nos teña en conta antes de facer os proxectos, antes de facer o que marque o futuro da nosa cidade en infraestructuras.

Coido que a moción transcende posiblemente do que é unha toma de decisión de instar, Sra. Alcaldesa, que é necesaria esa comisión de infraestructuras que se xuntaba con frecuencia e non só ela, senón tamén o Consello Social da Cidade porque estamos a falar das infraestructuras que esta cidade necesita no futuro e ten que ser con calma, con meditación pero non podemos perder unha lexislatura en infraestructuras como eu afirmo e non nos podemos permitir non nos preparar e perder a seguinte tamén porque o que non se faga agora non virá, alomenos do xeito que ó mellor necesitamos.

Podería estenderme con moitos exemplos do mundo, exemplos que poño ó dispor de quen os queira e que exporei de se realizar esa Comisión de Infraestructuras. O único que tentamos é non voltar ser os que, como xa fixemos coa A-57 e con outros como o PEIV, teeñamos que presentar un documento apresa e correndo para que avale que esta cidade.

Cando se xoga co futuro das infraestructuras viarias, ferroviarias, autovías, portos, aeroportos, esta cidade ten que estar presente e facer as súas propostas porque se se quedan os documentos nos caixóns, como xa temos algúns memoria do que pasou, logo teremos que apandar e non coa mellor das solucións posibles. Digo isto porque algúns fixemos as nosas

propostas de melloras para moitos viais e agora estamos disfrutando deles sen problema social ningún.

Antes falaban dun problema que non quero lembras, a empacadora, e podo dicir que a padecín en primeira persoa e sen ser político en exercizo, sen cobrar por iso a fin de mes.

Coma dicía ó principio o lume é moi fácil prendelo pero ó mellor para o apagar vaisenos das mans. Por iso é necesario que esta Corporación se faga sentir en defensa do que ten que defender: as infraestructuras que outros pensabamos que xa estaban claras pero que parece que non o están e non é unha crítica a ningunha administración pero coido que xa vai sendo hora de que Vigo teña a voz que ten que ter e onde a ten que ter, governe quen governe na Xunta ou en Madrid; demostrámolles a algúns que eramos quen de facer iso e fixémoslo. Fixéronse infraestructuras co mínimo custo social e buscando sempre o mellor para a cidade aínda que alguén sempre paga as consecuencias pero nestes momentos, se se está a xogar con todo isto, nós coma Corporación temos que ter presenza e aportacións.

O acordo que propoño coido que non pode ser máis suave: Que o Pleno da Corporación inste á Alcaldía-Presidencia a esixir a participación, a información e colaboración institucional nos plans e estudos que afecten a Vigo e á súa área de influencia.

SR. SOTO FERREIRO: Dedúcese da súa intervención o que vou dicir pero, como non está plasmado na súa proposición, voulle pedir que explique que para tomar esas decisións previamente ten que haber as xuntanzas que a Alcaldía-Presidencia estime oportunas cos voceiros, representantes de grupos, etc., para que o resultado sexa do conxunto Corporación. Vostede díxoo na súa intervención pero non o dí exactamente na súa proposición por iso pido sinxelamente iso, que se entenda que está así formulado.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Empezar dicindo que, se non cambian as cousas, imos apoiar esta moción aínda que eu reclamaría ó proponente que en lugar do verbo esixir que está profundamente cargado de verbalismo un pouco esaxerado, sobre todo polo que vou explicar logo, utilice outro termo coma reclamar, solicitar ou algo así, porque realmente coido que nin vai ser necesario facer esa reclamación porque a proposta que se nos fai é que estudemos un plan sectorial da rede viaria de Vigo que se sacou a consultoría o 2 de marzo, o plan integral de transporte de Galicia que tamén está sacado o 26 de abril, un novo estudo de viabilidade da rede do

metro de Vigo tamén o 25 de abril, e un plan de estradas de Galicia tamén sacada a asistencia técnica no BOE o 2 de febreiro, ou sexa que os máis importantes son de abril e estamos case un mes despois esixindo algo que os propios pregos de condicións destas asistencias teñen perfectamente incluído, que haxa unha participación das administracións locais e dende logo naquela na que Vigo é parte crucial, como a rede viaria de Vigo ou unha nova rede de metro de Vigo, está perfectamente indicado nos pregos como ten que funcionar esa participación estritamente necesaria.

Vou poñer só un exemplo para que se vexa que non é unha participación secundaria. No plan quizais máis importante ademais do de estradas, o de transporte de Galicia, están previstas participacións políticas como empezar co desenvolvemento dun seminario especializado, constitución dunha comisión de seguimento do plan, desenvolvemento de información específica para a páxina web, xuntanzas administrativas de coordinación fundamentalmente coas administracións locais, etc. É dicir que os propios pregos de condicións teñen prevista perfectamente esa participación.

Polo tanto non entendo do todo a moción que é obviamente redundante, aínda que o que redunda non estorba, pero a imos apoiar. Quizais a entendo menos se a intención era facer unha presentación pexorativa da conferencia da conselleira de Política Territorial, María Xosé Caride, porque no texto da moción se len cousas coma ista: "Por ser só na miña opinión esa conferencia un relatorio de boas intencións..."

É increíble ler isto e ver que as boas polo que se refire á súa competencia directa son estes catro puntos absolutamente importantes e supoño que o BNG, que ademais de colaborador forma parte do Goberno de Galicia xunto do PsdeG-PSOE, non lle estará poñendo trabas a un novo goberno logo de determinados abandonos de infraestruturas, porque escoitei algo sobre unha lexislatura perdida en infraestruturas, que non considere que este novo goberno ten que poñer o esforzo suficiente para que por suposto ese abandono das infraestruturas dea un cambio utilizando todo o que había ata o de agora.

Non sei se será esa a pretensión desta moción porque cousa máis inocua e innecesaria non a vexo, a non ser que sexa para meterse con esa relación de boas intencións que por exemplo xa ten dúas manifestacións moi claras na cidade de Vigo que de boas intencións nada, son feitos perfectamente contrastados e ogallá poidamos seguir presumindo deses feitos por parte da conselleira de Ordenación Territorial: a eliminación da peaxe de Rande xa a estamos disfrutando, moi boa intención felizmente realidade. Tamén que

contemos cos terreos para o hospital coa colaboración do Concello no Plan Xeral, pero entroutras cousas a declaración de supramunicipal vai permitir un tremendo aforro nos cartos que tiña que pagar o Concello á administración responsable para poñer un hospital e o que faga falla nesta cidade. Se esas son as boas intencións eu aplaudirei entusiasticamente e espero velas reflectidas en importantes realidades.

Lamentar que nestes catro puntos, un que nos implica directamente coa Área Metropolitana coa que nos enchemos a boca falando da súa importancia e asombrosamente, tal como van as cousas, Vigo vai ser a última cidade que poida participar dese plan de transportes porque entroutras cousas a todos os cidadáns de Vigo que se despracen a outros concellos da Área Metropolitana suponlles un aforro nos billetes intermetropolitanos dun treintae tantos por cen no prezo sen que o Concello de Vigo poña un pataco porque está pensado fundamentalmente no que obviamente é máis importante: a conexión dos Concellos da Área Metropolitana cara a Vigo que é o maior peso deses interurbanos e que todo iso se faga por un pequeniño debate de segunda categoría que coido que temos que solventar canto antes e xa falaremos dese asunto nun punto específico.

Seguir negándose por un só problema a non poñer en marcha ese plan de transporte metropolitano paréceme absolutamente ridículo.

SR. FIGUEROA VILA: Ímonos sumar a esta moción pero en calquera caso, Sr.Fernández, se o novo Goberno da Xunta de Galicia toma unha serie de decisións nalgúns casos será porque ten outros obxectivos distintos. É certo que ese traballo está feito e esta Corporación participou de xeito activo, fixo as súas suxestións no momento de exposición ó público, fixo aportacións, abríuse un novo Goberno na Xunta de Galicia e loxicamente terá as súas propostas.

O único que esperamos é que ese traballo que xa está feito nesta Corporación que se sega reforzando e se cabe se poida mellorar se hai algún aspecto no que poidamos facer algunha aportación e iso é o que imos facer.

En canto á comisión de Infraestructuras agora pode ser necesaria no sentido de que se abren estudos de viabilidade e plans sectoriais de diversos contidos e o que imos facer é recoller eses traballos e se hai algunha aportación que facer, farase, non teño ningún problema en convocar esa comisión. Aínda se están publicando e espero que teñamos unha exposición pública onde o Concello de Vigo poida alegar e facer propostas.

En canto a se se perde ou non, xa non entramos. Esa é unha responsabilidade que ten agora mesmo o goberno entrante da Xunta de Galicia que considera que eses traballos os quere matizar, é unha cuestión de vontade política. Gustaríanos que os traballos que se teñen feito no Goberno de Vigo dende o ano 97 ó 99 se poida concretar e non haxa que facer modificacións no que xa temos preparado.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Non teño problema ningún en lle aceptar, non me parece tan de esixir a participación pero me dá igual porque aquí do que se trata é de que temos que lle avisar ó Goberno o último día, nada máis, que non podemos pasar nós todo o traballo de ver o que afecta a esta cidade e saben que sería a terceira vez; dúas veces se pode pasar pero tres son moitas.

O que queremos que quede claro é que todos traballamos ó longo do tempo. Se ese traballo ten algunha modificación no futuro, que as aportacións sexan antes de e non logo de, porque o que sabe pintar ata sabe facelo mal, pero o malo é se lle da por pintar mal a un que só saben pintar mal. O símil é para que pinten o que Vigo e a súa Área de influencia necesitan e non que pinten o que a algún se lle poida ocorrer agora porque todos temos ideas pero as necesidades son bastantes claras.

Eu díxenlle que ía dar un relatorio de todo o que falamos ó longo do tempo, coidabamos que dalgún xeito estaba neste documento e por se a cas non o atoparon alomenos lembrarlles que se fixeron documentos que algúns viñemos aquí a traballar.

Acéptolle ó Sr. Calviño o seu cambio, pódolle asegurar que non é nada pexorativo pero eu cando vou a unha conferencia alégrome moito de que non boten Power Point porque iso entretén moito pero ás veces non ten contido. A min faláronme do hospital e de cousas que non tiñan nada que ver coa súa responsabilidade directa e iso foi o que a min me asombrou porque cando vou a unha conferencia eu espero certas cousas. Ían dar directrices da cidade do futuro e eu era iso o que esperaba; coma sinto Vigo non ó vou agachar. Ó igual que moitos máis, saín moi descorazonado. Apoio a este Goberno da Xunta coma non pode ser doutro xeito e pódollo afirmar no persoal que non só no político.

(Está ausente o Sr. Barros Puente)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa a "Vigo nos futuros plans de transporte e das novas infraestructuras", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (108).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A ACEPTACIÓN E ENTREGA DO NOVO CENTRO SOCIAL DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de maio de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

"Recentemente aceptouse a entrega do novo local social do Centro Veciñal e Cultural de Valladares por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Dito local é o resultado da sinatura dun convenio entre a entidade comunal de montes de Valladares, o Concello de Vigo e a propia Consellería e é derivado da compensación pola non construción da totalidade dun falso túnel na autoestrada Vigo-Baiona que pasaba polos terreos da propia Mancomunidade de Montes.

Dito local xa foi inaugurado e leva varios meses sen poder usarse pola mala execución dos traballos por parte da empresa contratista e, a maiores, non ten subministro de enerxía eléctrica. Pola contra o propio Centro Veciñal e Cultural ten feito inxentes xestións para que se resolvan os problemas e se lles traspase dunha vez por todas, pois a necesidade de espazo vital para desenvolver a actividade das distintas entidades da parroquia está exercendo unha presión que non chega mirar cumprido o seu obxectivo.

A resposta é a mesma dende o inicio, e o Centro Veciñal e Cultural é consciente de que conforme pasa o tempo prodúcense maiores deterioros que só se resolverían acometendo o subministro eléctrico e reparando as obras mal executadas. Pero seguen sen resolverse os problemas e as dúas administracións implicadas, a COTOP e o propio Concello de Vigo, non se poñen de acordo de quen debe corrixir as deficiencias.

Este sábado pasado asistiamos a un magnifico pero reivindicativo concerto de música á "luz de 112 velas", acto que non pode pasar desapercibido por parte desta Corporación Municipal e menos polo propio Goberno, máxime cando xa esta en marcha unha xornada completa de 24 horas de música de gaita co mesmo obxectivo; ter o novo local en perfectas condicións de habitabilidade e funcionalidade á disposición do Centro Veciñal e Cultural para poder afrontar o novo "curso veciñal" dun xeito óptimo antes do mes de setembro.



Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

Primeiro.- Por parte do goberno municipal se inicien de inmediato conversas coa COTOP ao nivel que corresponda para determinar as accións a realizar e proceder á entrega do local ao Centro Veciñal e Cultural de Valladares antes do primeiro de setembro do ano que andamos.

Segundo.- Que se dea a orde oportuna para que por parte da empresa subministradora se proceda a dar fluído eléctrico de xeito inmediato e de acordo coas necesidades derivadas da actividade do centro.

Terceiro.- Que se obrigue á empresa constructora a subsanar as deficiencias derivadas das obras mal executadas e se urbanice o entorno de acordo co pactado."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: o 13 de xaneiro de 2002 asinábase un convenio entre o Conselleiro da COTOP, o Alcalde do Concello de Vigo, o Presidente da Comunidade de Montes e o Presidente do Centro Veciñal e Cultural de Valladares que recollía dous aspectos moi importantes, en primeiro lugar deixaban claro que o cubrimento do segundo treito da autoestrada Vigo-Baiona Vigo-Baiona non era unha necesidade e tamén declaraba a necesidade da construción do centro social de Valladares en función de que esa carga económica, coma xa non se tiña que realizar o segundo tramo do falso túnel, poderíase derivar aí.

Este antecedente foi o que deu orixe posteriormente á redacción do proxecto e á construción do novo Centro Veciñal e Cultural que precisaba Valladares dende hai moito tempo.

Recentemente aceptouse a entrega do edificio por parte da propia Consellería pero o que si é certo é que os propios veciños denunciaron unha serie de deficiencias na súa construción e ó mesmo tempo algo tan necesario e imprescindible coma é a subministración eléctrica para que poida funcionar e utilizalo.

Hai dous sábados asistimos a un magnífico concerto reivindicativo á luz de 112 velas onde os veciños dun xeito moi maxinativo querían chamar a atención por algo que se vai demorando no tempo pero ó que non se lle dá solución: os problemas non se resolven e o edificio non se lle entrega ó Centro Veciñal e Cultural de Valladares que era o obxectivo do convenio asinado no 2002.

Propoñemos algo moi sinxelo e fácil: que por parte do Goberno municipal se inicien de inmediato conversas coa CTOPV ó nivel que corresponda, decidan iso vostedes, para determinar que accións se deben realizar para proceder á entrega do local ó Centro Veciñal e Cultural de Valladares, evidentemente se pode ser antes do primeiro de setembro do ano que andamos por necesidades tremendamente obxectivas.

Ó mesmo tempo que se solventen os dous problemas fundamentais. En primeiro lugar que se resolvan as deficiencias na súa construción. Entendemos que ningunha administración, e moito menos o Centro Veciñal e Cultural, debe asumir a reparación da mala construción da obra. En segundo lugar que se faga a acometida para a subministración eléctrica para que se poida funcionar dunha vez por todas.

É pouca cousa, é un programa de xestión e de entendemento entre administracións e é o que os veciños de Valladares están agardando.

SR. SOTO FERREIRO: O xoves ou o venres pasado ás 8 da tarde, por invitación dos responsables veciñais, estiven mirando as instalacións das que fala o Sr. Viéitez. Daquela e á vista delas díxenlles, como non pode ser doutro xeito, que ía apoiar esta moción e fágoo ademais por conciencia, por veren o que alí hai, senón que lles digo ós Concelleiros que non poidesen ir por alí que están facendo unha serie de actividades realmente moi salientables, como en moitas asociacións de Vigo pero Valladares é dun sitios realmente importantes en canto a actuacións de todo tipo e dá mágoa veren os ordenadores case que un a cabalo doutro, a xente case se ten que pegar, non lles caben os cóbados para poderen traballar; hai unha participación e un traballo absolutamente extraordinario dos responsables veciñais de Valladares e realmente as administracións non están nin moito menos correspondendo. Eu dixen moitas veces que o movemento veciñal de Vigo é absolutamente marabilloso e impagable e este é un dos exemplos para o poder dicir así.

Imos polo tanto apoiar a pertinencia e a urxencia da moción que presenta o Sr. Viéitez porque son merecentes dilo.

SRA. IGLESIAS BUENO: Agradezo a presentación desta moción porque ademais adianto que estas xestións xa as veño facendo tanto telefonicamente coma por escrito, xa se fixeron as correspondentes ós tres puntos.

En primeiro lugar quero dicir, e ademais o señor Concelleiro debe saber por qué están así esas instalacións, que para proceder á recepción desas

instalacións primeiro hai que comprobar o funcionamento correcto da súa totalidade, os controis de calidade feitos e que se acheguen os boletíns para a contratación das subministracións. Segundo os informes técnicos que teño hai existencia de humidades en varias zonas, deixáronse as baixantes das pluviais á vista sen ningún revestimento e o terrazo tamén está en moi malas condicións.

Nós dirixímonos por escrito á Xunta de Galicia dicindo que ten que deixar o centro coma debería estar. A Xunta ten un aval que pode executar nun ano e senón ó final que ten a responsabilidade nun primeiro momento é a empresa. Coidamos que o Concello de Vigo non pode recibir as obras nese estado pero malia iso estivemos en conversas telefónicas e por escrito dicíndolle á Xunta de Galicia o que debería facer.

Pola nosa banda non temos ningún problema en aprobar esta moción porque está na mesma liña do que pensamos.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Debe levar máis de seis meses con esas xestións. Non nos conten os pasos que teñen que dar, resolvan o problema porque este Concello ten responsabilidade entroutras cousas porque asinou un convenio polo que se comprometía a unha serie de cuestións.

Resólvano porque os problemas entre administracións teñen que quedar entre elas e o único que queren os veciños de Valladares é ter o centro veciñal e cultural para antes de setembro; levamos seis meses e seguimos camiño de non o ter. Resólvano.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Puente e Calviño Rodríguez e a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, relativa á aceptación e entrega do novo centro social do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (109).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de maio de 2006, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Todos sabemos que existe unha enorme preocupación e desconfianza dos cidadáns nos procesos que se seguen para a selección de funcionarios e empregados laborais. Neste momento, cando o Goberno municipal debería estar a punto de convocar a Oferta de Emprego, é oportuno adoptar medidas que eviten esta inquedanza e que garantan unha maior participación no proceso de selección.

Se existe unha vontade de quen gobernan de garantir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade para quen queren optar a unha praza de funcionario ou de empregado laboral, atoparán nesta moción unha oportunidade para o seu cumprimento e para que os cidadáns recuperen a confianza nos procesos de selección.

Non adoptar medidas ante esta situación danará aínda máis, se cabe, a imaxe e a credibilidade da Institución que todos representamos.

Ante a falta de iniciativa do Goberno Municipal neste asunto, o Grupo Municipal Socialista elaborou unha proposta útil que garantiría os principios que deben rexer a selección de empregados públicos e que serve para recuperar a confianza dos cidadáns na institución, baseada en medidas de maior transparencia no proceso.

#### **PROPOSTA**

1.- A Presidencia dos Tribunais será elixida por sorteo dentre os seus integrantes. O sorteo será público.

2.- Os membros do Tribunal elaborarán as probas para os opositores inmediatamente antes da súa realización, coa finalidade de evitar calquera tipo de filtración do contido ou copias das probas.

3.- Procederase, con carácter xeral, á corrección das probas inmediatamente despois da súa conclusión. Excepcionalmente se non fora posible a súa corrección inmediata, contratarase un servizo de custodia e depósito cunha empresa de seguridade."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Á marxe e sen dubidar da correcta e escrupulosa actuación tanto de funcionarios como de corporativos en todas e cada unha das ofertas de emprego público que se teñan realizado neste Concello, entre os que obviamente me atrevo a icluirme porque eu tamén formei parte de tribunais de selección nunha oferta pública de emprego, existe unha

realidade da que se pode facer oídos xordos pero que non por iso deixará de existir.

Esta é unha realidade que está na rúa, os cidadáns observan con desconfianza os procesos de selección pública de persoal e esa desconfianza, que repito que se pode obviar pero non por iso deixará de existir, deixa constancia non só en expresións tan utilizadas como "están dadas", facendo mención a prazas que se convocan, senón que tamen ten un reflexo no índice de participación nas propias convocatorias.

Coidamos que este é unha situación que se viviu noutro tipo de procesos de selección pública e que sen embargo se foi corrixindo precisamente introducindo medidas que melloraron esa imaxe que se trasladaba cara a cidadanía. Podemos poñer exemplos que van dende a obtención do carné de conducir ata as propias probas de selectividade universitaria.

Coidamos que actuacións tendentes a potenciar o prestixio da nosa institución non só mellorarán a imaxe que os cidadáns deben ter do Concello, senón que incidirán positivamente no número de participantes nos procesos de selección. Como anécdota persoal comentarei que a min me sorprende a pouca participación que había se non en todas as prazas convocadas, si nalgunhas delas.

Coidamos que situacións deste tipo son precisamente freos, barreiras que inciden nesa baixa participación dos cidadáns. É máis, coidamos que isto é unha obriga. Non actuar perante desta realidade danará máis a imaxe de credibilidade da institución que todos representamos.

Sr. Guerra, coidamos que este é o momento, se non aproveitamos a oferta de emprego para introducir medidas como as que propoñemos perderíamos unha oportunidade que non debemos perder. Estas medidas serían en primeiro lugar que a Presidencia dos Tribunais sexa elixida por sorteo dentre os seus integrantes e que ese sorteo sexa público. En relación a este punto da proposta coméntame o compañeiro Sr. Vieitez que poden existir dúbidas respecto a súa legalidade en canto ás normas contidas no convenio. No suposto que fose aceptado dende logo que se someta a todos os informes xurídicos que sexan necesarios. Coidamos que non xera ese problema e que é perfectamente compatible, pero en todo caso que se someta ó informe técnico oportuno.

A segunda medida é que os membros do Tribunal elaborarán as probas para os opositores inmediatamente antes da súa realización, coa finalidade de evitar calquera tipo de filtración do contido ou copias das probas.

E a última medida é que se proceda, con carácter xeral, á corrección das probas inmediatamente despois da súa conclusión. Excepcionalmente se non fora posible a súa corrección inmediata, contratarase un servizo de custodia ou depósito cunha empresa de seguridade.

Creemos que son medidas razoables que se poden acometer e que incidirán dun xeito positivo na imaxe de transparencia que debemos transmitir a todos os cidadáns.

SR. VIEITEZ ALONSO: Coido que deberamos coller o aspecto positivo desta moción e sentírmonos todos implicados porque a transparencia dunhas probas de selección para acceder á función pública, ben sexan funcionarios ou laborais, coido que deberamos estar todos de acordo en poñer os máximos mecanismos posibles e en definitiva coido que debemos coincidir todos.

A oportunidade desta moción parécenos positiva, independentemente do tempo en que se presente. Coido que ó longo das diversas ofertas de emprego público que se teñen feito por parte do Concello, con maior ou menor fortuna puxéronse mecanismos para eliminar sospeitas; non imos eliminalas ó cen por cen, sobre todo cando falamos das persoas que non resultaron seleccionadas. Independentemente diso non nos debe tremer a man e poñer os mecanismos que consideremos oportunos para que sexa o máis transparente e obxectivo posible, por iso saudamos positivamente esta moción.

Só un par de apreciacións que nos parecen cando menos necesarias, dígoo porque coñecemos o tema. Respecto ó punto primeiro e sobre o tema da presidencia hai dous aspectos; por unha banda está o convenio colectivo que actualmente regula no seu artigo 8 as condicións dos funcionarios e laborais do Concello de Vigo que define claramente cómo debe ser o tribunal, tanto para funcionarios como para laborais e en concreto quen debe ser o presidente ou presidenta. O convenio non está derogado e polo tanto é vixente.

A maiores diso hai o Real decreto 896/1991, no seu artigo 4, apartado f), que di claramente: "Actuará como presidente/a o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue". Por iso e nese sentido é un aspecto de carácter legal no que alomenos nós non poderíamos votar a favor deste punto.

Á parte hai outro aspecto que é a concepción política que temos nós e está ben claro que a responsabilidade política da selección e oferta de emprego público debe ser da Corporación municipal e evidentemente do goberno municipal que sexa. Dende o noso punto de vista non podemos votar a favor do primeiro punto.

Párece acaido o segundo punto, posiblemente mellorando a redacción conseguiríamos o que realmente se pretende porque pensamos que queda un pouco coxo pero nos podería valer.

A respecto do terceiro punto, en canto ó primeiro apartado ben pero o segundo non o podemos compartir. Queremos facer un exercizo de responsabilidade e o que non queremos é sementar a dúbida sobre o tribunal por cómo se viña facendo ata agora aquí e no resto das administracións. Para a custodia daquelas probas que non se poden corrixir inmediatamente porque algunhas son tremendamente tediosas e mesmo duran ata dous e tres días, non penso que teñamos que contratar un servizo dunha empresa privada. Sinciramente eu descanso nos funcionarios, en quen vostedes digan, ben no presidente do Tribunal, ben no secretario, ben no secretario da Corporación, danos exactamente igual.

Nese sentido non arroxamos ningunha dúbida sobre o cometido que se lle encomende á persoa que deba gardar as probas se non poden ser corrixidas no momento; quen vostedes queiran pero unha persoa do Concello de Vigo. Por isto o segundo apartado do terceiro punto non poderíamos votalo a favor.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Xa lle fixen constar á voceira do Grupo Socialista cando me presentaron a moción que me quedei bastante sorprendido, mesmo disgustado e con mal sabor de boca. Coido que nestes Plenos hai moitas mocións, moitas de carácter positivo que tratan de axudar e outras moitas negativas que tratan de criticar ó Goberno. Realmente non sei onde situar ista.

Se é para dicir que temos que ser transparentes nos procesos de selección do persoal, é tal obviedade que sinciramente non sei para que se presenta unha moción. Se se quere dicir outra cousa, explíquese doutro xeito completamente diferente.

Por suposto que me preocupa a moción, sobre todo vindo dunha persoa que foi concelleira de Persoal, encargada e responsable da oferta pública de emprego do ano 2002, que constou coma presidenta do Tribunal e moitas contratacións. Tenme que preocupar porque se é para me dicir o aspecto filosófico de que hai que ser transparente e dar seguridade ós cidadáns, sinciramente para iso me parece que estas alforxas son demasiado grandes. Por outra banda no texto fala da "falla de iniciativa do Goberno municipal". Permítome preguntar cómo pode saber cal é esa falla de iniciativa se nós aínda non fixemos ningún exame e vostede non sabe cal é a nosa executoria ó respecto.

Sobre o contido dos tres puntos estou moi na liña do concelleiro do BNG. Sobre o primeiro punto teño un informe xurídico que me preocupei de facer e efectivamente o Real decreto 896/91 do 7 de xuño, establece clarisimamente que actuará coma presidente dos tribunais o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue, como vostede debería saber porque teño aquí o acordo do Pleno, asinado polo Sr. Pérez Mariño, no que todos os membros presidentes de todas as prazas son membros da Corporación, no ano 2002 e sempre. Por tanto algo disto xa debiera ter habido cando se facía así, á parte do contexto político co que estou absolutamente de acordo e non vou repetir as súas palabras porque me parece bastante obvio.

No primeiro punto, aínda que non querería aprobalo en calquera caso, non podo facelo porque non é legal e así mo fan saber os servizos xurídico.

No segundo punto xa estamos traballando neste tema na concellería de Persoal e a proposta da xefa de Persoal e da directora de Réxime Interior vaise propoñer un sistema mesmo informático de xeito que non se fagan os exames previamente, senón que haxa un proceso de selección automático para que os exames saian automaticamente e non haxa ningunha forma de saber cal vai ser o examen concreto que se vai formular.

No terceiro punto tamén coincido co Sr. Vieitez en na primeira parte; se houbo exames de días non sei coma se pode corrixir isto de xeito inmediato. Entendo que eses exames se teñen que corrixir cando é posible e tanto física como psicolóxicamente o equipo de persoas que teñan que corrixir estean frescas e o poidan facer con toda corrección. O que non entendo é cómo é posible que poñamos os exames en mans dunha empresa estraña, cun contrato que nos vai custar uns cartos e cal é a garantía que adicionalmente lles da ás persoas que se examinan que os teña unha empresa privada respecto a un funcionario que está definido e taxado dentro das propias bases. Por tanto isto non o podo aprobar.

Ocorréusenos con ánimo da maior transparencia posible que é o que inspira todo este traballo que ó rematar os exames se pechen uns sobre asinados polos membros do tribunal, lacrados e se entreguen ó departamento de Persoal dentro dunha caixa forte especial que se vai habilitar a ese respecto.

Se lles parece correcto coido que xa é estremar os cuidados. En todo caso penso que non tereríamos que recorrer a unha empresa externa para facer isto.

Agradezo ó Sr. Toba a corrección da famosa "perla" que me imputaba.



SRA. GRAÑA BARCIA: En primeiro lugar e porque xa utilizou esta expresión en distintas ocasións, gustariame facer un clarexamento: as mocións non son nin boas nin malas, nin positivas nin negativas; son mocións. Coido que todos partimos da base que cada unha das propostas que se conteñen nas mesmas están no ánimo de aportar en positivo á nosa cidade e ós cidadáns. Por tanto coido que xa vai sendo hora que ese tipo de clasificacións de bos e malos vaia desaparecendo.

Realmente nos sentimos moi satisfeitos porque vemos que se lle ocorren cousas cando nós presentamos mocións. Esta Corporación vivía cunha certa preocupación o retraso que existía na oferta pública de emprego e a raíz dunha comparecenza solicitada por nós comezamos ter un calendario de cándoo vostede ía facer as cousas. Por certo, lémbrolle que se está retrasando, aínda non se publicaron as bases co que dificilmente vai cumprir ese calendario pero tivemos ese calendario.

Parece ser que co gallo da presentación desta moción efectivamente o Goberno vai ter unha iniciativa que alomenos en liñas xerais vai ser bastante coincidente co que aquí propuñamos.

Si teño que lle reprochar no bo sentido Sr. Guerra, que se efectivamente vostede solicitou información respecto a esa moción, mesmo solicitou un informe xurídico, en ningún momento nin nos fixo chegar esa documentación nin tivo ningún tipo de conversa ou xuntanza con nós. Coidamos que debера ter sido outro o comportamento. Sen necesidade de ler ese informe, vostede dime que o ten, que no mesmo os técnicos municipais estiman que esa primeira petición non sería correcta, neste mesmo acto renunciámos á mesma. Nós si que confiamos, non necesitamos ler o informe asinado polo técnico, debe ser vostede quen non confía na medida en que non nolo facilitou con anterioridade.

Por último e para clarexar o que parece ser o único punto litixioso da nosa proposta, que sería a utilización dunha empresa para a custodia dos exames, en primeiro lugar reiterar o que xa dixemos na nosa primeira intervención: non hai ningún tipo de dúbida nin sospeita respecto dos funcionarios da casa nin a ningún destes corporativos, entre outras razóns porque, como xa lle expliquei con anterioridade, Sr. Guerra, quen neste momento fala formou parte de tribunais e non só nesta casa senón que noutras administracións.

Non é iso do que se está a falar; do que se fala é da imaxe que percibe o cidadán que non ten nada que ver con que as cousas se fagan ven. Ás veces, como a muller do César: non só hai que se honrada senón que hai que o parecer.

Outras administracións gobernadas polo PP ou polo PSOE utilizaron unha empresa de seguridade na custodia dos exames o que aportou un maior grao de confianza nas institucións. Coidamos que é unha boa medida, que en absoluto o custo pode xustificar que non se adopte dados os beneficios que vai aportar e por tanto esperamos que poidan revalorar o seu voto perante esta moción.

Retírase o primeiro punto.

A PRESIDENCIA: O primeiro punto se retira e se manteñen os puntos dous e tres.

SR. SOTO FERREIRO: Eu non tiña intervido para ver cómo se resolvía este tema. Sra. Graña eu tamén lle pido que retire ese aspecto do punto número tres. Voulle poñer un exemplo que estou seguro que non está na súa cabeza pero iso non quere dicir que non sexa unha lectura que fagan terceiros logo. Por exemplo, dicirlle á cidadanía que confía máis nunha forza privada de seguridade que na Policía por exemplo, coido que non preciso explicar máis.

Nin en ningún funcionario concreto, non todos son bós, tampouco me valen os mantos que serven igual para todos porque iso tamén sería unha falacia, para o dicir claro. Pero podemos escoller e comprobar que non se producen erros logo da escolla porque tamén se pode rectificar se esa escolla non está ben feita.

Paréceme que debemos tomar medidas internas que nese sentido busquen ideas e eu estaría encantado das recibir. En principio é certo o que vostede denuncia, hai unha sospeita por aí xeralizada, con razón ou sen ela e non me interesa entrar máis alá, de que se poden facer amaños nestes temas. Por iso sería bo trasladarlle á sociedade, non só en xestos de transparencia que está ben, senón tamén tentar que con eses xestos non só dicir que somos transparentes e informamos, senón realmente que eses xestos poidan dar máis seguridade ás persoas.

Nese sentido recomendaríalle que fixera un cambio na súa moción para pedir que entre todos estudemos unha fórmula para dar a mellor clase de garantías posibles ós cidadáns pero non circunscribirla xa, dende o de agora, a que sexa unha compañía privada porque entón nós non poderíamos votar a favor.

SR. GRAÑA BARCIA: Dentro do Grupo continuamos a considerar que as mellores medidas serían as propostas. Agora ben, se efectivamente todos os grupos

estarían de acordo coa medida contemplada no punto segundo e respecto ó terceiro a única dúbida sería respecto á utilización dunha empresa de seguridade, estaríamos dispostos a que se modifique esa parte do texto por outro mecanismo substitutivo como puidera ser o depósito na Secretería do Concello para así poder obter a aprobación por parte de todos.

SR. SOTO FERREIRO: Pido perdón a todos. No punto número dous e para que logo non haxa malentendidos, supoñemos que a súa intención é posibilitar o que di e nese sentido totalmente de acordo. Dígoo porque non nos vaian coller con lupa as palabras de "elaborar as probas inmediatamente antes da súa realización", non vaia ser un minuto nin cinco minutos antes. De verdade que eu entendo que ese é un termo razoablemente que colle o posible pero por favor que logo que non o collan ó pé da letra.

Entendo que na súa proposición non pode haber esa intención porque senón sería imposible pero me gustaría que o dixera para que quedara clara a intencionalidade.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sr. Soto, como todo na vida, dentro do posible obviamente.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Tamén quería precisar exactamente iso. Aquí pon "elaborar as probas inmediatamente antes" e o que estamos propoñendo un sistema para que sexa completamente aleatorio, que non se poida saber qué tipo de exame é pero non quero dicir que se fagan exactamente antes. Dígoo para que conste en acta.

SRA. GRAÑA BARCIA: Obviamente non poderíamos votar o imposible, é máis, coido que xa escoitei por parte do Goberno como están a traballar nun sistema precisamente nesa liña.

O punto tres queda modificado na última frase, "Excepcionalmente, se non fora posible a súa corrección inmediata, articularase un servizo de custodia e depósito na Secretaría Xeral".

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Na nosa estrutura hai persoas das que estamos a falar neste intre. Coido que as persoas que están na concellería de Persoal poderían sentirse molestas por este tipo de dúbida. É máis expoñemos isto precisamente así para que dunha vez por todas haxa un lugar dentro da concellería de Persoal para que isto se poida gardar dentro dunha caixa

forte e haxa a seguridade dentro do departamento de Persoal porque é a súa responsabilidade, de que non hai ningún tipo de cambio, etc., estas cousas que se están a deixar aquí no ar.

Polo tanto propoño que sexa na Secretaría Xeral ou na concellería de Persoal e coido que non tén por qué haber ningún problema nese sentido.

SRA. GRAÑA BARCIA: En primeiro lugar, Sr. Guerra, a proposta fixémola nós, vostede aínda non fixo ningunha e da única proposta da que se falou e que non foi pola nosa banda foi da Secretaría do Pleno. Non hai ningún problema na concellería de Persoal, na de Vías e Obras ou en calquera outra pero entón continuamos a falar do mesmo, non saímos do tema. Interpretei que o que se estaba a falar por parte dos outros grupos era de centralizar dalgún xeito esta responsabilidade na Secretaría e non é a nosa oferta pero pareceume unha cousa razoable, pero entón engada vostede calquera outra concellería porque non está a facer unha proposta en concreto.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Vostede propón no punto terceiro "Procederáse, con carácter xeral, á corrección das probas farase inmediatamente despois da súa conclusión. Excepcionalmente se non fora posible a súa corrección inmediata, contratarase un servizo de custodia e depósito cunha empresa de seguridade". O que eu propoño e cando falei díxeno claramente que non me parece correcto unha empresa de seguridade porque non ten ningún sentido, como tamén expresaron os demais voceiros.

Polo tanto o que propoño e coido que o dixen claramente, é que se laceren os sobres dos exames, asinados por todos os membros do tribunal examinador, se leven á concellería de Persoal que é a responsable disto e alí se garden coa responsabilidade da persoa que é o secretario de cada un dos tribunais. A responsabilidade é de Persoal pero os exames os ten que corrixir e seguir todo o proceso a persoa que está no tribunal, iso é bastante obvio.

Vostede fala da custodia en mans dunha empresa privada e eu o que lle digo é que non me parece que se teña que custodiar nunha empresa privada senón nunha concellería de Persoal por funcionarios que están perfectamente habilitados ó respecto e que non temos que poñer máis dúbidas.

A PRESIDENCIA: Admite que a custodia a teña o departamento de Persoal?

SRA. GRAÑA BARCIA: Coido sinceramente que non existe ningunha vontade de chegar a un acordo. Nós fixemos unha proposta de empresa de seguridade,

vostede expresaron que iso mesmo resultaba excesivamente custoso, o resto dos grupo tamén valoraron que podería ser unha medida excesiva. Falouse da Secretaría como un foco centralizador deste tema, aceptámolo. A partir daí xa comezamos con novos tema que en absoluto se debateron nin se propuxeron con anterioridade. Mantemos os termos do punto segundo e do terceiro.

SR. VIEITEZ ALONSO: Se hai posibilidade que se voten por separado os dous puntos.

SR. SOTO FERREIRO: Outra pregunta, que nos expliquen exactamente como é que queda a moción a votar, por favor.

A PRESIDENCIA: Puntos dous e tres iguais.

*Durante o curso do debate a relatora, Sra. Graña Barcia, retira o primeiro punto da moción.*

*Sométense separadamente a votación os puntos segundo e terceiro.*

(Está ausente o Sr. Barros Puente)

VOTACIÓN DO SEGUNDO PUNTO DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a compoñen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Os membros do Tribunal elaborarán as probas para os opositores inmediatamente antes da súa realización, dentro do posible, coa finalidade de evitar calquera tipo de filtración do contido ou copias das probas.

VOTACIÓN DO TERCEIRO PUNTO DA MOCIÓN: Con sete votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e dezanove votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar o terceiro punto relativo á corrección das probas e á súa custodia por unha empresa de seguridade contratada.

16.- (110).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A POSIBILIDADE DE INCLUIR DESCONTOS OU BONIFICACIÓNS NOS SERVIZOS MUNICIPAIS, TAXAS OU TRIBUTOS NO CASO DAS FAMILIAS NUMEROSAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 10 de maio de 2006, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, formula a seguinte moción:

“Na sociedade dos nosos días xeráronse novos modelos de familia ao carón do modelo de familia tradicional. Isto ven motivado polo retraso na formalización das parellas, a caída da fecundidade, o incremento das separacións e divorcios, as adopcións internacionais, os matrimonios entre parellas do mesmo sexo, etc.

Estes acontecementos provocaron a aparición de novas fórmulas de convivencia como son as parellas de feito, os divorciados e divorciadas, os separados e separadas, os matrimonios homosexuais, as nais solteiras, as persoas que viven soas, os inmigrantes que comparten vivenda, as familias interracialias, ...que se traducen todas elas en familias de todo tipo, as posibilidades son ilimitadas.

A diversidade e a tolerancia impuxéronse ao modelo de familia tradicional, cousa que seguramente todos celebramos pola riqueza que aporta á nosa sociedade.

Cada vez hai un menor número de familias numerosas por múltiples e diversas razóns, pero mesmo as familias numerosas que por definición están dentro do prototipo de familia tradicional tamén cambiaron, con frecuencia se ven dentro do mesmo núcleo familiar a irmáns de distintos países froito do aumento das adopcións internacionais, de matrimonios interracialias e aqueles onde cada un dos cónxuxes aporta fillos de anteriores matrimonios.

A todos os niveis da administración hai medidas e axudas de apoio a este tipo de familias, referímonos con isto á Administración do Estado, ás Comunidades Autónomas e a unha grande cantidade de Concellos ao longo e ancho da nosa xeografía; no noso Concello tamén existen algunhas medidas que cremos se poden facer estensibles a outras. As cuestións nas que pode actuar o Concello son variadas.

Polo anterior propoño para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que se estude a posibilidade de incluír descontos ou bonificacións nos servizos, taxas ou tributos municipais no caso das familias numerosas.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. SÍO LOURIDO: A moción é moi sinxela, todos sabemos que nos últimos tempos xeráronse novos modelos de familia ó carón da familia tradicional e isto motiva o retraso na formalización das parellas, a caída da fecundidade é moi forte na nosa Comunidade Autónoma, o incremento das separacións e divorcios, adopcións internacionais, matrimonios entre parellas do mesmo sexo... O caso é que temos unha sociedade onde a tolerancia e a diversidade impuxéronse ó modelo de familia tradicional e hai un menor número de familias numerosas por múltiples e diversas razóns, mesmo as que temos nos nosos días son diferentes ó prototipo de familia tradicional, cambiaron coma consecuencia de distintas formas de adopción internacional, de matrimonios interracialais, de distintas formas de parellas, de aportación de fillos e fillas doutros matrimonios ás familias normais que había.

O que quere propoñer esta moción é que, sabendo que no Concello temos algunhas axudas ou bonificacións ás familias numerosas como pode ser no IBI, na entrada ó MARCO ou ó VERBUM, ou no ZOO, que se estude ampliar estas posibilidades a outras bonificacións como pode ser a Escola de Teatro, de Música, instalacións deportivas e tamén a espectáculos organizados polo Concello. Todo isto é a modo de exemplo.

Na moción ponse que se estuden as posibilidades porque sabemos que nalgúns casos pode ser posible e noutros non. Polo tanto vai nese sentido, tenta ser o máis amable posible porque sabemos dese tipo de cuestións. Sinxelamente coido que é un tema que quedou atrás no tempo, que no seu día se viron as posibilidades pero que ninguén volveu lembrar para actualizar todo o que ten que ver coas taxas, tributos e os servizos tendo en conta ás familias numerosas.

A moción di que se estude a posibilidade de incluír descontos ou bonificacións nos servizos, taxas ou tributos municipais no caso das familias numerosas e quere dicir, por suposto, cando sexa posible.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Agradezo sinceramente a presentación da moción, imos votar favorablemente pero só dar unha información que quizais vostede xa coñeza: en materia de impostos, en temas coma o imposto de vehículos, o imposto de construcións, plusvalía e IAE non se permite pola lexislación nacional ningún tipo de bonificación e polo tanto aí estamos limitados.

Estudaremos con moitísimo gusto bonificacións ás familias numerosas en temas coma expedición de documentos, laboratorio, desinfección, etc. Faremos un estudo pormenorizado un por un e só lle quero dar o dato que na cidade de Vigo hai uns 2.020 domicilios que teñen máis de 3 fillos. Ese dato paréceme alomenos curioso.

(Está ausente o Sr. Barros Punte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, relativa á estudar a posibilidade de descontos ou bonificacións ás familias numerosas no pagamento de servizos, taxas ou tributos municipais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (111).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito sen data, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Na sesión plenaria do 28 de febreiro de 2005 aprobouse por unanimidade unha moción do Grupo Municipal Socialista na que se instaba ao inicio das tarefas de elaboración dun inventario de bens de titularidade municipal.

En data 26 de xullo de 2005, a Xunta de Goberno Local aproba a "Memoria dos Traballos de Revisión e Actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo".

No apartado 7 da Memoria se establece o prazo de execución nos seguintes termos:

"Os traballos revisorios prevense que abarquen dúas anualidades:

- Unha primeira a iniciarse no mes de xuño de 2005 e remate en maio de 2006"
- Unha segunda que iría dende xuño de 2006 a maio de 2007.

O prazo previsto permitiría acadar un novo inventario municipal de bens e dereitos que poida ser sometido a aprobación plenaria no mes de decembro de 2007."

-----  
S.Ordinaria 29.05.06



A primeira fase, con finalización neste mes de maio, incorpora a revisión e actualización dos epígrafes 1, 2 e 8.

Pero hai feitos que nos fan sospeitar que estes traballos non se están a realizar conforme as previsións da Memoria. Podemos sinalar, como exemplo, que se producen situacións paradóxicas como a inadmisión de reclamacións de responsabilidade patrimonial por non constar debidamente inventariados importantes bens municipais.

Polo anterior propoño para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que a Alcaldesa inste á Comisión de Control e Seguimento dos traballos de revisión do inventario municipal para que informe a todos os grupos municipais antes da realización do próximo Pleno ordinario, do estado de execución dos traballos de revisión e actualización do Inventario Municipal."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: A necesidade urxente de actualización do inventario municipal non cremos que a discuta ningún dos grupos.

Un inventario non actualizado está provocando situacións tan absurdas como a inadmisión de reclamacións patrimoniais albeiradas na non constancia no Inventario municipal dese ben. Maxinen a expresión do cidadán: o Goberno inclúe no seu plan de investimentos a reparación do paseo de Bouzas e paralelamente ese mesmo Goberno inadmite unha reclamación por supostas lesións nunha caída no devandito paseo porque non está recollido no Inventario. A gravidade deste problema estase recollendo todos os anos na conta xeral.

En febreiro de 2005 este Pleno aprobou unha moción presentada por este grupo que instaba á actualización do inventario. Acertadamente, e ise era o criterio deste grupo, o Goberno encomendou as tarefas de actualización do Inventario a un grupo de traballo interno integrado por funcionarios de distintas áreas consonte unha memoria de traballo na que se detallan contidos e prazos. En concreto establécense dúas fases de execución, unha primeira debora rematar este mes e a segunda en maio de 2007, dentro dun ano.

Estes prazos, Sr. Guerra, xa non se corresponden co compromiso que vostede asumiu neste Pleno cando se tratou a devandita moción por este Grupo, en concreto textualmente vostede dicíanos que estimaba que no prazo dun ano podía estar rematado ese Inventario municipal e xa pasamos de dous anos.

Pero non só se incumpre este compromiso e amplíase o prazo senón que trememos que este segundo prazo, esta duración de dous anos tampouco se cumpra.

Eximímoslle, Sr. Guerra, e non só porque ó final non estamos sendo tan breves coma desexáramos, dun extenso relatorio da multitude de actuacións que xa se realizaron, entroutras razóns porque estamos convencidos da profesionalidade e bo facer dos funcionarios adscritos a este traballo e por tanto ninguén dubida dun traballo ben feito: pero si dubidamos de que o Goberno utilizara todos os medios ó seu alcance para posibilitar que este traballo se desenvolva coa rapidez necesaria. Dificilmente pode avanzar a un ritmo óptimo cando a totalidade dos funcionarios teñen que compatibilizar esta tarefa co seu traballo cotiá.

Coidamos que está a tempo de adoptar medidas e non sumar erros que retrasen inxustificadamente o traballo de actualización do Inventario cos graves prexuízos que iso reporta para os cidadáns e para o Concello.

Solicitamos que a Alcaldesa inste á Comisión de control e seguimento dos traballos de revisión do Inventario para que informe a todos os grupos municipais antes da realización do próximo Pleno do estado de execución dos traballos de revisión e actualización do Inventario municipal.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Semella coma que o traballo co Inventario empezara no ano 2005 e antes non houbera ren. Esquecémonos de que a algúns gobernos anteriores tentaron durante varios anos facer o Inventario e nin un, nin dous, nin seis, nin nada.

Neste momento os traballos estanse desenvolvendo; efectivamente pode haber algún pequeno retraso pero eu non teño ou máis mínimo inconveniente en por suposto informar a todos grupos municipais de cómo está a situación.

Coido que vai seren un traballo de excepcional calidade, estase traballando con moitísimo detalle e coidando que este sexa realmente un Inventario para tempo e que poida haber unha mecánica que logo permita que se vaia renovando continuamente. Efectivamente teño especial confianza nos traballos da comisión e polo tanto ningún inconveniente a que se informe todo o que sexa necesario.

(Está ausentes os Sres. Barros Puente e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Graña Barcia, instando se informe ós grupos municipais do estado de execución dos traballos de revisión e actualización do Inventario municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (112).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE VERBO DA CONMEMORACIÓN DO 75 ANIVERSARIO DA SEGUNDA REPÚBLICA ESPAÑOLA E A PROCLAMACIÓN DO "ANO DA MEMORIA".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de maio de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, formula a seguinte moción:

"Cando se conmemora o setenta e cinco aniversario do advenemento da Segunda República Española e cáseque trinta anos despois de recuperadas as liberdades democráticas, non caben máis demoras para reivindicar aquel grande acontecemento como o máis relevante precedente do noso actual réxime democrático constitucional. E isto deixando á marxe as posicións que cada cidadán ou grupo político poida manter sobre a forma de Estado na España actual.

A proclamación da Segunda República foi un dos momentos da historia de España que xerou maior entusiasmo da sociedade. Non se trata de idealizar o seu legado, posto que nel tamén houbo sombras, pero sí de recoñecer con orgullo e firmeza ás súas grandes luces, entrelas, sobranceiramente, a extensión por primeira vez dunha plena conciencia de cidadanía. Moitos dos valores e preocupacións da Segunda República, pese a distancia no tempo, coinciden grandemente cos da nosa sociedade actual: A idea de virtude cívica; a aplicación plena do sufraxio universal e a igualdade entre homes e mulleres; a descentralización política; o respecto aos dereitos humanos; os valores laicos e a separación Igrexa/Estado; a preocupación pola extensión da educación e a cultura. Un só dato serve para salientar a grande e benintencionada vontade reformista daquel réxime: se entre 1909 e 1931 se construíron en España unhas 500 escolas públicas, a República creou máis de 6.500 só nos seus primeiros tres anos.

Esta moción pode entenderse tamén como unha homenaxe aos nosos antergos, cidadáns protagonistas daqueles feitos e en particular ás vítimas da Guerra Civil e a represión franquista.

Nesa liña de recuperación da nosa memoria cívica e democrática, o pasado mes de abril o Congreso dos Deputados aprobou unha proposición de lei que debe ser saudada con satisfacción polo resto das institucións do Estado.

É por todo o anterior que o Grupo Municipal Socialista propón para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

Primeiro.- O Concello de Vigo saúda e apoia a aprobación da mencionada proposición de lei e, en particular, a declaración do ano 2006 como Ano da Memoria.

Segundo.- O Concello manifesta a súa vontade de promover actos de conmemoración e reivindicación da Segunda República ó longo deste ano."

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Defendo eu esta moción no nome do Grupo municipal Socialista con grande satisfacción e malia o consancio e a sensación de asfixia que sentimos todos, tamén cun punto de emoción.

Como todos saben cúmprese nestes días o 75 aniversario do advenimento da II República española e 70 do seu ominoso remate mediante un golpe militar que deu orixe a unha guerra civil e varias décadas de dictadura.

A República española do 14 de abril constituíu un amplo movemento reformista de mediocres estruturas que existían no noso país, de reforma institucional, política, social e sobre todo coidamos que de reforma educativa e cultural. Foi sen ningunha dúbida o principal precedente que existe do actual réxime político democrático vixente en España. É un precedente sobre todo dos principais valores e principios defendidos hoxe por todos nós, pola inmensa maioría da cidadanía española e dende logo tamén polos partidos políticos democráticos.

Sen esquecer que como todo réxime e toda obra humana presentou luces e sombras, coidamos sen embargo que as súas luces foron absolutamente impresionantes e memorables. Lembrar sinxelamente que foi un réxime que colocou a énfase na idea de virtude cívica e de defensa dos dereitos humanos, que aplicou por primeira vez no noso país sen ningún tipo de restriccións o sufraxio universal, estendendo o dereito ó voto ás mulleres, que ademais imprantou un réxime de descentralización política aparecendo rexímenes autonómicos, que procedeu á separación igrexa-estado e ademais que, gustaríame salientalo, colocou a súa absoluta prioridade política de intervención na sociedade na educación e na cultura. Damos un dato na nosa moción que nos semella absolutamente impresionante entre 1931 e 1934 construíronse en España en torno a 6.500 escolas públicas cando dende o ano 1009 ó 1931 construíronse tan só 500.

Por todas estas luces impresionantes e memorables coidamos que chegou o momento de honrar aquel réxime político, á II República española e tamén a todos aqueles, ós milleiros de vítimas do sinistro proceso que se puxo en marcha precisamente para tentar eliminar ese réxime.

Isto non se fixo hai 30 anos no comezo da transición política, todos podemos entendelo, quizais pola complicidade da situación política, está na

cabeza de todos quizais o medo a determinados poderes fácticos, pero coido que agora todo iso está perfectamente asimilado pola sociedade española e coido que non hai ningún motivo para demorar máis ese recoñecemento e a honra a ese réxime político.

A todos os niveis de goberno estanse presentando iniciativas nesa dirección, supoño que saben que o Congreso dos Deputados xa aprobou unha proposición de lei que nestes momentos está no Senado, aínda non está aprobada e que vai na dirección da resolución que nós propoñemos aquí.

Propoñemos o seguinte acordo: O Concello de Vigo saúda e apoia a aprobación da proposición de lei devandita e en particular a declaración do ano 2006 como ano da memoria.

Segundo, o Concello manifesta a súa vontade de promover actos de conmemoración e reivindicación da II República ó longo deste ano.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Nós concordamos con esta moción que presenta o Sr. Arias. Tendo en conta que na propia moción se fala de que se pode entender tamén coma unha homenaxe ós nosos antergos, cidadáns e protagonistas daqueles feitos e en particular ás vítimas da guerra civil e da represión fascista, consonte a esta liña de recuperación da nosa memoria cívica e democrática presente na moción, quereríamos facer unha emenda de engádega. Sería un punto tres que diría así: "Este Concello, aproveitando a declaración por parte da Xunta de Galicia e do Congreso de Deputados de 2006 como Ano da Memoria, así coma as actividades programadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia que arrincaron o pasado 12 de abril, constituindo a primeira iniciativa que se fai dende o Goberno galego nos 25 anos de existencia, organizará diversas actividades destinadas á recuperación da memoria histórica municipal, poñendo especial fincapé na restitución da honra daqueles cidadáns e cidadás do municipio, con ou sen responsabilidades políticas, que loitaron física e intelectualmente a prol da democracia entre 1931 e 1978".

SR. ARIAS MOREIRA: Non hai ningún problema.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Ponte, Iglesias Carrera e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO: Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño

Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Vieitez Alonso, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Arias Moreira, relativa á conmemoración do 75 aniversario da Segunda República Española e a proclamación do "Ano da memoria", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. López-Chaves Castro do Grupo municipal do Partido Popular:

Explicar que o mellor réxime político que temos en España na súa historia é o réxime actual, a monarquía constitucional e parlamentaria nun Estado social e democrático de dereito e desexamos que sexa o sistema futuro en España.

En segundo lugar que aquí na propia moción se fala de que existen escuros e sombras na Segunda República; poderíamos lembrar a lei de defensa da República, a lei de xulgados de ausencia, a de confesións, e por todo isto non votamos a favor desta moción.

Explicación de voto do Sr. Soto Ferreiro do Grupo municipal do PG:

Vaia por diante que o noso voto é strictu senso o que di esta moción, é estar falando de que había un sistema democrático que foi abranguido polas razóns que sexan. De ningún modo se pode entender o noso voto, porque non o di a moción relativa a valores de hoxe, cada quen o pode entender coma queira, non ten nada que ver esa moción que nós votamos e entendemos que é o que está na escrita con respecto a ese tipo de opinións e en todo caso estou convencido de que o acordo do Congreso dos Deputados pretende ir nesa dirección e máis particularmente nun dos sentidos que dicía o Sr. Arias, é dicir que chega o momento de lles facer xustiza a unha serie de persoas, de xentes a nivel individual, tamén a nivel de colectivos pero sobre todo a min preocúpanme as xentes que, sendo excelentes persoas, foron asasinadas polo feito de que estaban alí, de seren amigos de alguén ou de que pasaban por non sei onde. A esas xentes hailles que devolver a súa categoría humana de persoas decentes e non de delincuentes que é a que se lles deu durante moitos anos.

Precisamente nese sentido entendemos que é unha das cousas que máis pode contribuir a unha reconciliación real das dúas españas, se me permiten a expresión, e esta reconciliación ten que vir por dicir que foron inxustamente tratadas e perseguidas unha serie de persoas e dámoslles en todos os sentidos o seu valor de persoas.

Explicación do voto do Sr. Arias Moreira, do Grupo municipal do PsdeG-PSOE:

Isto que acaba de dicir o Sr. Soto é exactamente así. Como di a moción non ten nada que ver co debate Monarquía-República na España de hoxe nin con nada parecido. Un pode ser un perfecto demócrata ou monárquico en España e defender e apoiar esta moción, que coido que é o que debería facer calquera demócrata sexa monárquico ou republicán.

A miña explicación de voto é que esta é das mocións que van na liña de dignificar a vida política e recuperar e saldar unha ferida que aínda está na memoria dos españoles. Que vostedes non o queren facer? Coido que erran para os seus propios intereses.

A PRESIDENCIA: Non estamos debate, é explicación de voto.

SR. ARIAS MOREIRA: Entón o único que me queda é lamentar que se refuxiaran na explicación de voto para non poder entrar na réplica.

19.- (113).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO O POTENCIAMENTO DA OFERTA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO DE TIPO ALBERGUE EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de maio de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, formula a seguinte moción:

“Diversas agrupacións e centros culturais e recreativos teñen manifestado a limitación que para a realización das súas actividades lles supón a dificultade de atopar aloxamento de tipo albergue na cidade de Vigo. Este é o caso cando levan a cabo actividades de intercambio cultural a través das cais estes centros vigueses realizan actuacións ou actividades noutras cidades da xeografía española; a reciprocidade destas actividades implica que ós centros e grupos doutros lugares correspóndelles posteriormente visitar Vigo para amosar o seu facer cultural ou artístico. En moitos casos, son os centros vigueses os que se ven no compromiso de sufragar o

aloxamento dos visitantes, ó igual que estes lles ofrecen aloxamento ós vigueses cando van ás súas cidades.

Este feito constitúe unha boa mostra sobre a necesidade de estudar e planificar a capacidade e necesidade de Vigo de prazas de aloxamento de tipo albergue, en función das súas distintas finalidades e interese social. Este tipo de aloxamento resposta a demandas de moi distinto tipo e debe ser tratado en función destas condicións de heteroxeneidade. Neste senso, outro tipo de demanda deste tipo de aloxamento ven dada por unha práctica social de carácter xuvenil europeo, e é que son moitos os xóves que percorren os distintos países europeos nalgunha etapa da súa mocidade, tradicionalmente recorrendo a medios de transporte como o tren e a bicicleta. A capacidade de Vigo de ofertar unha variedade de prazas de albergue tamén pode favorecer que moitos destes xóvenes se acheguen á nosa cidade, impulsando a faceta aberta e cosmopolita dunha cidade de vocación europea.

Este tipo de aloxamento caracterízase polo seu carácter básico, permitindo a redución dos custos económicos e dos prezos que os usuarios pagan por estes servizos. As políticas públicas deben incorporar na súa acción un certo pulo deste tipo de aloxamento, que en actividades como as expostas teñen efectos positivos de carácter cultural e social. Xustamente daí se deriva a conveniencia de certa planificación dende o sector público, acadando posibilidades especialmente para aqueles casos que repercuten máis no desenvolvemento e interese da cidade. Trátase dunha liña de actividade máis que pode favorecer o desenvolvemento local de forma complementaria, non substitutiva, doutras accións de promoción económica e turística.

#### RESOLUCIÓN:

Que o goberno municipal faga un diagnóstico da situación das posibilidades actuais de hospedaxe válido para ese tipo de demandas, en función do cal se adopten as medidas pertinentes para impulsar a oferta en variedade e número de prazas de aloxamento tipo albergue, tendo en conta a finalidade e interese social dos distintos usos para os que se reclama esta demanda."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do 22 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. CABALLERO MÍGUEZ: Penso que esta moción reflicte claramente tanto na exposición de motivos coma na resolución a orixe da mesma e a súa intencionalidade.

Certas agrupacións culturais e recreativas manifestaron unha serie de problemas que teñen á hora de poder ofertar aloxamento de tipo albergue a algúns visitantes que teñen en actividades de intercambio cultural.

O certo é que ese é un bo exemplo que pon de manifesto un dos déficits da nosa cidade que en definitiva é unha oferta de prazas de aloxamento de tipo albergue para posibles visitantes que reclamen ese tipo de posibilidades de visita cara esta cidade. En concreto este tipo de asociacións -culturais habitualmente- visitan outros lugares da xeografía española e cando veñen a



Vigo, os centros que eles visitan teñen que acadar en troques poder ofertar un aloxamento para que poidan visitar a cidade.

A moción tenta presentar a necesidade de estudar e de planificar tanto a capacidade como a necesidade actual de prazas deste tipo de aloxamentos.

Somos conscientes que das dúas ou tres posibilidades que hai para este tipo de prazas na cidade resultan escasas, hai un certo déficit e ademais este é un tipo de prazas de albergue que ten distintos tipos de uso, non só nesta actividade senón que ademais é unha posibilidade de recoller unha serie de visitas que normalmente moita xente en etapas de mocidade, etapas universitarias e cunha clara vocación europea fixo dende España cara Europa e tamén dende moitos países europeos cara España.

En definitiva a posibilidade de ofertar un tipo de aloxamento para quen demanda este tipo de prazas, xóves que pidan coñecer esta cidade na súa etapa de formación e que reclaman ese tipo de aloxamento que non ten que ser ofertado directamente polo sector público, pero sen dúbida no que a administración pública en especial, porque hai certos intereses culturais e sociais que poden facer interesantes este tipo de visitas, demanda que exista este tipo de planificación e tamén de probura de acordos por distintas vías para a provisión, non digo a oferta pública necesaria, pero si para garantir a provisión deste tipo de cuestións.

Esta é unha acción que pode beneficiar a visita da cidade, non é unha acción que substitua outro tipo de accións públicas municipais que afecten ó desenvolvemento local e turístico da cidade, senón unha liña de acción complementaria. En definitiva buscar este tipo de aloxamento que normalmente ten menos custos e polo tanto tamén menos prezos que repercuten nos clientes e que ademais facilitan este tipo de visitas por unha banda de mozos que queren viaxar a traves de inter-rail ou outros mecanismos. Tamén é certo que precisan acadar prezos módicos para dar a ese tipo de actividades culturais e sociais unha receptividade en Vigo que cando teñen estas limitacións non demandan.

En todo caso cunha idea de estudar este tema e sen dúbida de planificar para ofertar a variedade destas prazas de albergue e tamén o seu número, presentamos esta moción con brevidade e para consideración do Pleno.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Ponte, Guerra Fernández e Toba Girón e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Caballero Míguez, instando a potenciación da oferta de prazas de aloxamento de tipo albergue en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCION DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO Á CONVOCATORIA POLA ALCALDÍA ÓS GRUPOS POLITICOS PARA FACER UN DEBATE NO TEMA DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO.

ANTECEDENTES.- O Voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula "in voce" a seguinte moción:

"No menor prazo de tempo posible, en canto se dispoña dos datos técnicos oportunos, que a Sra. Alcaldesa convoque a todos os grupos municipais para nos sentar a facer un debate en función dos intereses de Vigo no tema de abastecemento e saneamento dende un punto de vista integral".

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: É unha oportunidade para falar porque se vostedes o admiten así, non sería unha moción urxente.

Anunciaron distintos grupos que ían presentar unha moción ó remate do Pleno. A min paréceme que un tema da gravidade, da fondura e da importancia, coma é o conxunto do saneamento e o abastecemento de Vigo, debera ser tratado con máis tempo, rigor e algo máis de pausa que o que pode ser repentizar ó remateren un Pleno da Corporación.

Pediríalle que a nosa moción urxente a consideren no sentido de que a Sra. Alcaldesa (non se trata de dilatar nada, pode ser nesta mesma semana) nos convoque a todos os grupos políticos para facer un debate todo o sereio, sosegado e positivo que a cidade de Vigo merece.

A PRESIDENCIA: Entendo que o está a expresar coma un rogo ou coma unha moción?

SR. SOTO FERREIRO: Se vostedes están de acordo eu retiro a moción, non é cuestión de gañar ningunha moción senón dunha intención política de facer as cousas de determinado xeito.

SR. FIGUEROA VILA: Nós xa anunciamos nunha parte do debate que cando teñamos conclusións sobre o tema dos estudos da depuradora que se fixeron e que coido que nos quedan dúas ou tres xornadas, imos convocar este Pleno para sacar estas conclusións e entón ó que si nos comprometemos dende o Goberno é a facer un debate amplo sobre o abastecemento e saneamento. Adquirimos ese compromiso pero nos gustaría deixar pechado primeiro o tema das conclusións da depuración, neste caso concreto da depuradora porque é importante, para logo analizar os outros contidos.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Coidamos que debemos aproveitar a oportunidade que pon enriba da mesa o Sr. Soto porque en certa medida foi o que expresamos no debate anterior, pero mesmo porque, alomenos a nós, non nos quedou claro.

A PRESIDENCIA: Non hai problema. Votamos xuntos o fondo e a urxencia.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Por suposto o noso Grupo non ten ningún reparo, ó contrario, en votar a urxencia da cuestión, sinxelamente pediríamos que se concrete o texto da votación de palabra, Sr. Soto, non pedimos nada escrito para saber exactamente que é o que imos votar.

SR. SOTO FERREIRO: A min bástame coa intención de que o fagamos así. A proposta sería: "No menor prazo de tempo posible, en canto se dispoña dos datos técnicos oportunos, que a Sra. Alcaldesa convoque a todos os grupos municipais para nos sentar a facer un debate en función dos intereses de Vigo no tema de abastecemento e saneamento dende un punto de vista integral; todos os problemas ou "non problemas" de abastecemento, todos os problemas de saneamento que entendamos entre todos que podemos e debemos debater.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Guerra Fernández, López-Chaves Castro e Toba Giron, e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,  
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada "in voce" polo voceiro do grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto ferreiro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (114).-ROGOS E PREGUNTAS.

\* PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO GRUPO DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RELATIVAS A DIVERSOS TEMAS E ACORDOS PLENARIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de maio de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández formula as seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo Municipal do BNG o concelleiro Amador Fernández Fernández, ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e por iso anúnciolle que en cada Pleno Ordinario fareille cando menos o recordatorio de seis, e moito me temo non ter suficientes Plenos no presente mandato para lembrarlle a súa ineficacia e a do seu goberno para cumprir os acordos plenarios.

Por iso formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para, a ser posible, sexan contestadas no próximo Pleno Ordinario do mes de maio do ano que andamos.

1ª) Qué medidas tomou e cando as pensa adoptar, para o cumprimento da moción aprobada en Pleno sobre a cesión do edificio Cambón a Parques Nacionales?

2ª) Ten vostede intención de cumprir o proxecto de instalar os paneis solares térmicos no CP Tintureira?

-----  
S.Ordinaria 29.05.06

3ª) Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Palencia?

4ª) Ten vostede coñecemento de que no Concello existe a cesión dos propietarios de terreo para o proxecto de continuar co encauzamento máis ancho do río Serxa-Portoloureiro, en Castrelos?

5ª) Temos xa algunha posibilidade de coñecer qué novos proxectos conseguiron financiamento de fondos da Deputación?

6ª) Cando teremos en servizo o estudo de zoas sen sinal de TV dixital?"

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Como fago as preguntas por escrito, espero que me responde do mesmo xeito e non perdemos máis tempo. Son seis preguntas que lle fago todos os meses e espero que me responde coa mesma dilixencia.

\* PREGUNTA E ROGO DA CONCELLEIRA DO BNG, SRA. MARTÍNS VILANOVA, RELATIVA Ó CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Teño un rogo e unha pregunta. O rogo é en relación coa pregunta feita por min no Pleno de decembro no que quedaron de me responder por escrito e aínda non recibín ata o momento esa resposta.

A pregunta de hoxe é sobre o mesmo tema para lembrar que no Pleno do mes de xaneiro aprobouse unha moción do Partido Galeguista na que se facían unha serie de preguntas concretadas en diferentes situacións de incumprimento da normativa da ordenanza de normalización lingüística no Concello. O que se aprobou nese Pleno foi que "En base á lexislación vixente, todos os grupos municipais esixan a todos ós seus membros a práctica oral e escrita do galego en todas as súas intervencións públicas". No segundo punto "Que o Goberno municipal dea todos os prazos precisos para que os once puntos indicados máis arriba se cumpran debidamente".

Os once puntos son:

1.- ¿Estase a empregar sempre o galego dende a Alcaldía pra publicar bandos e anuncios de todo tipo?

2.- ¿Utiliza sempre o galego a Sra. Alcaldesa e todos os membros do seu goberno en todos os actos públicos pra cidadáns galegos?

3.- Teñen instrucións os funcionarios para atenderen inicialmente ós cidadáns en galego?

4.- Unha das imaxes máis capitais do Concello é a que dá a Policía Local cos cidadáns: Fanse as súas actuacións en galego? E ademais: Cantos

expedientes, denuncias e atestados tramita a Policía Local de Vigo ó ano e cantos en galego?

5.- Qué lingua se está a utilizar na Asesoría Xurídica do Concello en xeral, tanto na escrita como na oralidade?

6.- Qué lingua teñen de base os programas dos ordenadores do Concello?

7.- Estase a cumprir o acordado no seu día pola Corporación que eu mesmo tiven a honra de presidir como Alcalde (o Sr. Soto), pra que se lles demande a todos os Tribunais de Xustiza que as resolucións e sentenzas se remitan en galego ó Concello?

8.- Qué lingua utiliza o Concello nas notarías?

9.- Qué lingua utilizan as consultoras privadas na redacción dos proxectos técnicos que paga o Concello?

10.- Qué lingua utilizan os encargados de impartir cursos organizados polo Concello?

11.- O Concello de Vigo asinou en Redondela, hai xa algúns anos, un protocolo de adhesión prá galeguización das festas populares (a campaña chámase MIL FESTAS MÁIS PARA A LINGUA GALEGA) e, sen embargo, nada se está a facer dende entón nese eido.

12.- As subvencións ás Asociacións de Veciños e demais organizacións de todo tipo, non están condicionadas a un proceso de galeguización suxeito a prazos concretos.

A miña pregunta neste intre é: De acordo co aprobado, qué pasos ten dado o Goberno municipal en cada apartado concreto dende o mes de xaneiro ata o de agora para dar cumprimento a esta moción aprobada.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle por escrito coa máxima brevidade.

\* ROGO DA CONCELLEIRA SRA. GRAÑA BARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CREACIÓN DE COMISIÓN EN RELACIÓN COA DESCENTRALIZACIÓN DE DETERMINADOS SERVIZOS.

SRA. GRAÑA BARCIA: En datas 23 de febreiro e 14 de setembro de 2004 presentáronse mocions por este Grupo en relación coa descentralización de determinados servizos administrativos. O acordo que adoptou o Pleno foi a creación dunha comisión delegada composta por representantes de todos os grupos para que resolvera sobre este asunto.

Este antecedente está en relación co rogo que facemos, Sra. Alcaldesa, porque recentemente, a unha pregunta que lle formulamos por escrito respecto ó destino que tería o edificio do antigo Rectorado do que nos enteramos polos medios de comunicación, a onde se prevé o traslado de dependencias da Alcaldía, a súa resposta foi no sentido de que esa é intención do Goberno en aplicación de determinados artigos da lexislación en vigor.

Por tanto o noso rogo é que se traslade ó acordo plenario aprobado por unanimidade onde se estimó que a decisión conveniente era a creación dunha comisión que valorara calquera tipo de descentralización e que se creé esa comisión.

A PRESIDENCIA: Terase en conta.

\* ROGO DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SRA. PORTEIRO GARCÍA, DE QUE POLA PRESIDENCIA SE DEA CONTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN DAS RAZÓN DOS CAMBIOS DO GOBERNO MUNICIPAL.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Durante esta mesma sesión plenaria, logo da dación de contas do Goberno do cambio producido no seu seo, que evidentemente resposta a unha situación que noutros ámbitos se denominaría coma "crise de goberno" e da petición que de xeito absolutamente normal e natural nese tipo de dacións de contas que este grupo lle facía do por qué dese cambio de responsabilidades no seu equipo de Goberno e a súa negativa de responder, véxome na obriga de lle facer un rogo no sentido de que se proceda a responder ó dereito democrático que temos os membros desta Corporación a coñecer as causas dese cambio.

Se as causas dese cambio se lle poden explicar a varios medios de comunicación, non entendemos que se furte esa explicación a este órgano no que somos todos responsables democraticamente elixidos, representantes polo tanto de todos os cidadáns e cidadás viguesas.

Insisto que sinxelamente a efectos de respecto do papel que xogamos os políticos e políticas aquí presentes, prégoille por favor que ben nesta sesión plenaria ou naquela que vostede considere oportuna, entedemos que na seguinte, se procedese a unha dación de contas verdadeira, é dicir, había motivos ou non para alarma, hai razóns de tipo persoal... Non queremos entrar en valoracións das persoas que todas nos parecen moi dignas e

respectables, sinxelamente é unha cuestión de hixiene democrática que unha vez máis neste pleno que vostede dirixe, ás veces non é suficientemente respectada.

A PRESIDENCIA: Facendo uso do artigo 97.7 do Regulamento de organización estatal, respostaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.